orz4mentos 2015

# MEMORIA **TOMO I**

XUNTA DE GALICIA

# MEMORIA

## TOMO I

## Contido

**I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2015 — 7**

I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO — 9

I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA — 19

I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS — 22

I.4. ESTRUTURA ORZAMENTARIA — 23

I.5. HOMOXENEIZACIÓN DO ORZAMENTO 2014 — 25

**II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL — 27**

II.1. INGRESOS — 32

II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO — 35

II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS — 42

II.1.3. O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2015 — 61

II.2. GASTOS — 78

II.2.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS — 85

II.2.2. ANEXO SOBRE CONTRATOS COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA E CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA — 106

II.2.3. DETALLE DA CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DAS SECCIÓNS ORZAMENTARIAS — 107

**III. OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO — 137**

III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS — 140

III.2. ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO — 157

**IV. OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS — 161**

**V. CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO — 185**

V.1. INGRESOS — 190

V.2. CRÉDITOS AUTORIZADOS — 193

V.3. A CONTA FINANCEIRA — 207

**VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL** 211

**VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS** 217

**VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS** 221

**IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS** 225

**X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO** 229

**XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO** 233

**XII. O MARCO XURÍDICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO** 239

XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2015 241

XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2015. 244

# OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2015

# I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2015

## I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO

O artigo 53.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que "O orzamento será único e incluirá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes". En virtude deste mandamento estatutario a lei de orzamentos, como norma que rexe e disciplina a actividade económico-financeira da comunidade autónoma, debe reflectir a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico, o que supón a concreción do principio de universalidade orzamentaria.

Consonte ao antedito principio e ao perímetro de consolidación do sistema europeo de contas (SEC -2010 en diante), os orzamentos xerais da comunidade autónoma estarán integrados por:

a) Os orzamentos da Administración xeral, nos que se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos.

b) Os orzamentos dos organismos autónomos.

c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.

e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas aos que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico aos que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do

sistema europeo de contas, agás as entidades que integran o sistema universitario de Galicia.

No orzamento da Administración xeral aparecen incluídas, en seccións singularizadas, os diferentes departamentos e órganos sen personalidade xurídica diferenciada que constitúen a Administración autonómica en sentido estrito. Ademais, inclúense outra serie de organismos de carácter estatutario ou que teñen a súa orixe nunha lei ordinaria que prevé a integración dos seus orzamentos nos da comunidade autónoma, aínda que dispoñen de completa independencia funcional. Desta forma, intégranse nos orzamentos xerais os do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia. Finalmente, figuran como seccións independentes as transferencias ás corporacións locais, a débeda pública e os gastos de diversas consellerías, que pola peculiaridade das súas características e pola especial natureza dos gastos aconsellan a súa inclusión como seccións específicas.

Completando os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma figuran os orzamentos das entidades instrumentais do sector público autonómico, definido este pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Os orzamentos dos organismos autónomos, dan cobertura á actividade económico-financeira destas entidades públicas instrumentais, que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, teñen a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

Os orzamentos das axencias públicas autonómicas creadas polo Consello da Xunta e facultadas para exercer potestades administrativas, recollen os recursos para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos. Cómpre salientar a este respecto que os entes de dereito público aos que se refire a Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, son considerados axencias a efectos orzamentarios.

As entidades públicas empresariais, como entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación, presentan orzamentos de explotación e capital que dan cobertura á súa actividade.

Os orzamentos dos consorcios autonómicos, constituídos mediante convenio pola administración xeral con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro, están integrados polos seus orzamentos de explotación e de capital.

As sociedades mercantís públicas autonómicas consideradas pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, como outras entidades instrumentais do sector público autonómico, presentan orzamentos de explotación e orzamentos de capital.

Por último, os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico presentan os estados financeiros necesarios para a realización dos seus fins de interese xeral.

Nestes orzamentos tense en conta que o día 1de setembro de 2014 entrou en vigor o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello Nº 549/2013, polo que se establece o novo Sistema de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010) que reempraza ao anterior Sistema Europeo de Contas SEC-95.

Entre os numerosos cambios metodolóxicos que incorpora o SEC-2010, un dos máis significativos pola súa incidencia no PIB é o recoñecemento como investimento do gasto en I+D. dentro dos cambios estatísticos, destaca a incorporación da información procedente do Censo de Poboación e Vivenda de 2011. E ademais, incorpórase nas contas actividades ilegais, como a prostitución, produción e tráfico de drogas ou contrabando.

Entre os elementos diferenciadores do novo SEC-2010 destaca a incorporación dun capítulo sobre a elaboración das contas das Administracións Públicas, armonizando os métodos e procedimentos empregados para a elaboración a escala regulamentaria e robustecendo a comparabilidade. En concreto, o SEC-2010 amplía as orientacións sobre a delimitación do sector institucional das Administracións Públicas.

No SEC-2010, ademais de aplicar a "regra do 50%", é dicir, que as vendas cobren máis do 50% dos custos de produción, téñense en conta algúns criterios cualitativos adicionais que aseguren que realmente a unidade opera en condicións de mercado.

Así mesmo, no novo sistema modifícase o cálculo da ratio vendas/custos que se emprega para aplicar a "regra do 50%". En particular, é necesario subliñar que debe ser incluído o custo de capital, custos financeiros netos, como custo de produción.




Desta forma, preséntanse os orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2015 considerándose os das entidades que se definen a continuación, incluídas dentro do perímetro de consolidación definido polo SEC-2010, con excepción das entidades que integran o sistema universitario de Galicia, así como o resto de entidades con participación maioritaria da Xunta de Galicia.

## Como organismos autónomos figuran os seguintes:

Escola Galega de Administración Pública.

Academia Galega de Seguridade Pública.

Instituto Galego de Estatística.

Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Instituto de Estudos do Territorio.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Servizo Galego de Saúde.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Fondo Galego de Garantía Agraria.

### Como entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento figuran as seguintes:

Consello Económico e Social de Galicia.

Consello Galego de Relacións Laborais.

### Como axencias públicas autonómicas inclúense as seguintes:

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Axencia de Turismo de Galicia.

Axencia Galega de Emerxencias.

Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

Axencia Tributaria de Galicia.

Axencia Galega de Infraestruturas.

Instituto Enerxético de Galicia.

Instituto Galego de Promoción Económica.

Axencia Galega de Innovación.

Axencia Galega das Industrias Culturais.

Axencia Galega de Servizos Sociais.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

### Como entidades públicas empresarias figuran as seguintes:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Augas de Galicia.

- Consellería do Medio Rural e do Mar.

  Portos de Galicia.

## Como consorcios autonómicos figuran os seguintes:

- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

  Consorcio provincial de Pontevedra de prestación de servicios contra incencios e salvamento.

  Consorcio contraincendios e salvamento da comarca da Limia.

  Consorcio contraincencios e salvamento da comarca de Verín.

  Consorcio contraincendios e salvamento da comarca de Deza e Tabeiros-Terra de Montes.

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

  Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

  Consorcio Casco Vello de Vigo.

  Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.

  Consorcio para a Xestión e Explotación da Rede Básica de Abastecemento aos Consellos de Cervo e Burela.

- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

  Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

  Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

- Consellería de Traballo e Benestar:

  Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e do Benestar.

## Como sociedades mercantís públicas autonómicas inclúense as que seguen:

- Presidencia da Xunta de Galicia:

  Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades.

  Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

  Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

  Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

Sociedade do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

- Consellería de Economía e Industria:
  Sociedade Galicia Calidade, S.A.

  Xes Galicia, Sociedade Xestión Entidades de Capital Risco, S.A.

  Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco.

  Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

- Consellería de Sanidade
  Galaria, Empresa Pública de Servicios Sanitarios, S.A.

- Consellería do Medio Rural e do Mar:
  Xenética Fontao, S.A.

  Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A.

### Como fundacións do sector público autonómico figuran as seguintes:

- Presidencia da Xunta de Galicia:
  Fundación Deporte Galego.

- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Publicas e Xustiza:
  Fundación Semana Verde de Galicia.

  Fundación Galicia Europa.

- Consellería de Economía e Industria:
  Fundación Feiras e Exposicións de Lugo.

  Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.

  Instituto Feiral de A Coruña.

  Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

  Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño.

  Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña.

  Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
  Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia.

  Fundación Pública Camilo José Cela.

  Fundación Rof Codina.

- Consellería de Sanidade:
  Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía.

  Fundación Escola Galega da Administración Sanitaria.

  Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061.

  Fundación Centro de Transfusión de Galicia.

  Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

- Consellería de Traballo e Benestar:
  Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas.

  Fundación Galega de Formación para o Traballo.

- Consellería do Medio Rural e do Mar:
  Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

  Fundación Centro Tecnolóxico do Mar.

## Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2015

| Seccións | Organismos Autónomos | Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento | Axencias Públicas Autonómicas | Entidades Públicas Empresariais | Consorcios Autonómicos | Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas | Fundacións do Sector Público Autonómico |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 01 Parlamento | | | | | | | |
| 02 Consello de Contas | | | | | | | |
| 03 Consello da Cultura Galega | | | | | | | |
| 04 Presidencia da Xunta | | | - Amtega<br>- Axencia de Turismo de Galicia | | | - RETEGAL S.A.<br>- S.A. Xestión Xacobeo<br>- CRTVG e sociedades | - F. Deporte Galego |
| 05 Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | - EGAP<br>- AGASP | | - Axencia Galega de Emerxencias | | - Consorcios contraincendios e salvamento provinciais e comarcais | | - F. Semana Verde de Galicia<br>- F. Galicia Europa |
| 06 Facenda | - IGE | - CES | - CIXTEC<br>- Axencia Tributaria de Galicia | | | | |
| 07 Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | - IGVS<br>- IET | | - Axencia Galega de Infraestruturas | - Augas de Galicia | - APLU<br>- Consorcio Casco Vello de Vigo<br>- Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia<br>- C. Xestión e Explot. da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela | - Sogama S.A.<br>- XESTUR S.A.<br>- SPI Galicia S.A. | |
| Orzamento consolidado da comunidade autónoma | | | | Entidades públicas que presentan PAIF | | | |

## Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2015 (continuación)

| Seccións | Organismos Autónomos | Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento | Axencias Públicas Autonómicas | Entidades Públicas Empresariais | Consorcios Autonómicos | Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas | Fundacións do Sector Público Autonómico |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 08 Economía e Industria | - Instituto Galego do Consumo e da Competencia | | - INEGA<br>- IGAPE<br>- Axencia Galega de Innovación | | | - Galicia Calidade S.A.<br>- XES Galicia S.A.<br>- Sodiga Galicia<br>- Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. | - F. Feiras e Exposicións de Lugo<br>- F. Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia<br>- Instituto Feiral de A Coruña<br>- F. Exposicións e Congresos de A Estrada<br>- F. Centro Galego de Artesanía e Deseño<br>- F. Feiras e Exposicións de Ourense<br>- F. Axencia Enerxética Provincial da Coruña |
| 09 Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | | | - Agadic | | - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia<br>- Bibliotecas Universitarias de Galicia | | - F. P. Cidade da Cultura de Galicia<br>- F. P. Camilo José Cela<br>- Fundación Rof Codina |
| 10 Sanidade | - Sergas | | | | | - Galaria S.A. | - F. Instituto Galego de Oftalmoloxía<br>- F. Escola Galega Admón Sanitaria<br>- F. Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061<br>- F. Centro de Transfusión Galicia<br>- F. Pública Galega de Medicina Xenómica |
| 11 Traballo e Benestar | - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | - Consello Galego de Relacións Laborais | - Axencia Galega de Servizos Sociais | | - C. Galego de Servicios de Igualdade e Benestar | | - F. P. Galega para a Tutela de Persoas Adultas<br>- F. Galega de Formación para o Traballo |
| 12 Medio Rural e do Mar | - FOGGA | | - Agader<br>- Ingacal<br>- Intecmar | - Portos de Galicia | | - Xenética Fontao S.A.<br>- Seaga S.A. | - F. Centro Tecnolóxico da Carne<br>- F. Centro Tecnolóxico do Mar |
| 20 Consello Consultivo de Galicia | | | | | | | |
| 21 Transferencias a CC.LL. | | | | | | | |
| 22 Débeda Pública da CA | | | | | | | |
| 23 Gastos de diversas Consellerías | | | | | | | |
| Orzamento consolidado da comunidade autónoma | | | | Entidades públicas que presentan PAIF | | | |

# I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira do 10 de abril de 2003, publicados mediante Orden HAC/2283/2003 do 31 de xullo, establecen a obriga de formular e manter actualizado o inventario de entidades integrantes do sector público autonómico, aos efectos da súa inclusión nas distintas categorías previstas na Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, letra c) do artigo 2.1 e artigo 2.2; preceptos que tras a entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se refiren ao artigo 2 apartado 1b) e 2 de dita lei orgánica.

En materia de contabilidade nacional, o Instituto Nacional de Estatística, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Banco de España, son as institucións competentes para clasificar as entidades que compoñen o sector público.

A tal efecto, a Intervención Xeral do Estado comunica anualmente as entidades dependentes da Xunta de Galicia e que conforman o sector público autonómico. Sendo obriga da administración autonómica facilitar toda a información necesaria para manter actualizado o inventario de entes.

| Presidencia da Xunta de Galicia | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidades** | **Clasificación** | **IGAE** | **Sector** | **Orzamento** |
| Compañía Radio- Televisión de Galicia (CRTVG) | EPE | SI | AP | SI (1) |
| Fundación Deporte Galego | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Televisión de Galicia S.A | SOCIEDADES | SI | AP | SI (1) |
| Sociedade Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A | SOCIEDADES | SI | ENF | SI |
| Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo | SOCIEDADES | SI | AP | SI |

| Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidades** | **Clasificación** | **IGAE** | **Sector** | **Orzamento** |
| Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca de Carballiño e Ribeiro | CONSORCIO | SI | AP | NON (1) |
| Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras | CONSORCIO | SI | AP | NON (2) |
| Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca de Deza e Tabeiros Terra de Montes | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca de Limia | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Consorcio Provincial de Lugo de Prestación de Servicios contra Incendios e Salvamento | CONSORCIO | - | - | NON (2) |
| Consorcio Provincial de Pontevedra de Prestación de Servicios contra Incendios e Salvament | CONSORCIO | - | - | SI |
| Fundación Galicia Europa | FUNDACION | - | - | SI |
| Fundación Semana Verde de Galicia | FUNDACION | SI | AP | SI |

| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidades** | **Clasificación** | **IGAE** | **Sector** | **Orzamento** |
| Axencia de Protección da Legalidade Urbanística | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Augas de Galicia | EPE | SI | AP | SI |
| Centro Extensión Universitaria e Divulgación ambiental de Galicia (CEIDA) | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Consorcio para a Xestión e Explotación da rede básica de abastecemento aos Concellos de Ce | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Consorcio Casco Vello de Vigo | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Consorcio xestión do ciclo urbano da auga do Louro | CONSORCIO | SI | ENF | NON (2) |
| Sociedade Pública de Inversións de Galicia S.A | SOCIEDADES | SI | AP | SI |
| Sociedade Galega de Medioambiente S.A (SOGAMA) | SOCIEDADES | SI | ENF | SI |
| Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A | SOCIEDADES | - | - | SI (5) |

| Consellería de Economía e Industria | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidades** | **Clasificación** | **IGAE** | **Sector** | **Orzamento** |
| Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Feiras e Exposicións de Lugo | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Instituto Feiral de A Coruña (IFECO) | FUNDACION | SI | P | SI |
| Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Feiras e Exposicións de Ourense | FUNDACION | SI | ENF | SI |
| Instituto Feiral de vigo | FUNDACION | SI | ENF | NON (2) |
| SODIGA GALICIA, Sociedade de Capital Risco | SOCIEDADES | SI | AP | SI |
| Xesgalicia Sociedade Xestión Entidades de Capital Risco S.A (SGECRSA) | SOCIEDADES | SI | EF | SI |
| Sociedade Galicia Calidade, S.A | SOCIEDADES | SI | AP | SI |
| Parque Tecnolóxico de Galicia S.A | SOCIEDADES | SI | AP | SI |
| Sotavento Galicia, S.A. | SOCIEDADES | SI | ENF | NON (2) |

| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidades** | **Clasificación** | **IGAE** | **Sector** | **Orzamento** |
| Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (AGSUG) | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA) | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Rof Codina | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Pública Camilo José Cela | FUNDACION | SI | P | SI |
| Axencia para a Xestión integrada, calidade e evaluación da Formación Profesional | FUNDACION | SI | AP | NON (3) |

| Consellería de Sanidade | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidades** | **Clasificación** | **IGAE** | **Sector** | **Orzamento** |
| Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Centro de transfusión de Galicia | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Escola Galega da Administración Sanitaria (FEGAS) | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Galicia Saúde | FUNDACION | SI | P | NON (6) |
| GALARIA Empresa Pública de Servicios Sanitarios S.A | SOCIEDADES | SI | AP | SI |
| Consorcio Oncolóxico de Galicia | CONSORCIO | SI | P | NON (3) |

| Consellería de Traballo e Benestar | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidades** | **Clasificación** | **IGAE** | **Sector** | **Orzamento** |
| Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar | CONSORCIO | SI | AP | SI |
| Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Galega de Formación para o Traballo | FUNDACION | SI | P | SI |

| Consellería do Medio Rural e do Mar | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidades** | **Clasificación** | **IGAE** | **Sector** | **Orzamento** |
| Portos de Galicia (PG) | EPE | SI | ENF | SI |
| Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) | FUNDACION | SI | AP | SI |
| Fundación Centro Tecnolóxico do Mar | FUNDACION | SI | ENF | SI |
| Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL) | FUNDACION | SI | AP | NON (4) |
| Empresa Publica de Servicios Agrarios Galegos S.A (SEAGA) | SOCIEDADES | SI | AP | SI |
| Xenética Fontao S.A | SOCIEDADES | SI | ENF | SI |

(1) En reestruturación

(2) Non presenta orzamento

(3) Sen actividade

(4) Erro no inventario, pendente de corrección; forma parte do sector público estatal

(5) Entidade resultante da fusión das catro sociedades de xestión urbanística provinciais

(6) En proceso de extinción

AP: Administración Pública

ENF: Empresa non financeira

EF: Empresa financeira

P: Pendente de clasificación, en estudo

## I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

Respecto ao contido da lei de orzamentos, podemos distinguir, dous compoñentes claramente diferenciados.

Por un lado o texto articulado, que contén a ordenación xurídica da actividade económico financeira especificamente aplicable aos orzamentos do ano 2015, e concrétase na aprobación dos orzamentos, é dicir a previsión dos ingresos que se espera realizar e a autorización dos gastos que como máximo se poderán recoñecer, así coma unha serie de normas de diverso calado que se consideran necesarias para conseguir unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios.




En segundo lugar, os estados numéricos de ingresos e gastos, cuantifican e detallan as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar, e a distribución dos créditos autorizados para a execución dos diferentes programas de gasto, así como os estados financeiros das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís públicas autonómicas, consorcios e fundacións do sector público autonómico.

## I.4. ESTRUTURA ORZAMENTARIA

No referente a súa estrutura os orzamentos xerais da comunidade autónoma axústanse ás seguintes regras:

1. Os estados de gastos son elaborados aplicando unha clasificación funcional por programas, que identifica a finalidade do gasto. Por outro lado, a clasificación orgánica proporciona información sobre o axente que realiza o gasto, e a clasificación económica identifica a natureza do mesmo.
2. Para cada programa de gasto establécense os obxectivos estratéxicos e operativos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignan, e tamén, cando resulta posible, os indicadores de seguimento que se consideran adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
3. Os gastos correntes e os gastos de capital preséntanse de forma separada, e a súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
   - Nos créditos para gastos correntes distinguiranse os necesarios para o funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
   - Nos créditos para gastos de capital distinguiranse os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas o gasto orzamentario adopta unha triple clasificación:

1. Funcional por programas, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.
2. Orgánica, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.
3. Económica, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos autorizados no exercicio, presentan unha clasificación moito máis acoutada ou sinxela, xa que de conformidade co artigo 49 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, presentarán unicamente unha clasificación económica, distinguindo entre os que corresponden a operacións correntes e a operacións de capital. Isto é debido á aplicación dos principios xerais de caixa única e non afectación dos ingresos públicos.




Por último, en canto a estrutura orzamentaria, podemos establecer unha diferenza fundamental en base ao carácter limitativo ou non dos orzamentos das diferentes entidades que integran o perímetro de consolidación:

1. As entidades con orzamento limitativo, presentan as súas contas en forma de orzamento administrativo, e son a administración xeral, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias públicas autonómicas.
2. As demais entidades non suxeitas a orzamento limitativo, presentan os seus orzamentos en forma de conta financeira e son as entidades públicas empresariais, consorcios e sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entes non suxeitos a orzamentos limitativos.

## I.5. HOMOXENEIZACIÓN DO ORZAMENTO 2014

Dende a entrada en vigor da Lei 11/2013, do 26 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, realizáronse diversas modificacións na estrutura administrativa da Xunta de Galicia que obrigan a realizar diversas homoxeneizacións nas cifras inicialmente aprobadas co fin de proporcionar un marco axeitado de análise que permita realizar comparacións co orzamento de 2015. Estas modificacións obedecen fundamentalmente a:

1. Segundo o Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos, a axencia asume desde a súa posta en funcionamento as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á Dirección Xeral de Familia e Inclusión. A nova entidade subrógase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias. A efectos de comparativas pasan á axencia os prezos da dirección procedentes de garderías e xardíns infantís xa en 2014, así como os créditos vinculados á mesma.
2. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no artigo 38 autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, como organismo autónomo adscrito á consellaría competente en materia de consumo, que terá como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras. Establécese a asunción polo organismo dos medios persoais e materiais e as competencias que correspondían ao Instituto Galego de Consumo e ao Consello Galego da Competencia. Desta forma, xa no orzamento inicial 2014 dos cadros numéricos desta Memoria aparece o Instituto Galego do Consumo e da Competencia englobando aos dous anteriores organismos.

# O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

# II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A maior parte da actividade económico-financeira do sector público autonómico canalízase a través dos orzamentos da Administración xeral. Directamente, por medio da xestión que desenvolven as distintas seccións orzamentarias, ou indirectamente a través das transferencias de financiamento aos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico, e consorcios autonómicos e, en menor medida, coas entidades públicas empresarias que completan o seu financiamento con importantes ingresos propios. Do mesmo xeito financia á maioría das sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións que integran o sector público autonómico.

Polo que respecta aos organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas, estas transferencias configuran a maior parte dos seus recursos. Destaca en 2015 o Instituto Galego de Calidade Alimentaria, cuns ingresos propios que representan o 33,2% do seu orzamento derivados de prezos dos consellos reguladores, de ingresos diversos así como de transferencias do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria por proxectos de investigación. O Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola súa parte, conta con 14,8 millóns de euros de ingresos propios neste exercicio, formados fundamentalmente polos procedentes da venda e aluguer de soares e de vivendas que figuran orzados nos capítulos V e VI, a pesar da redución experimentada nos últimos anos nos ingresos propios deste organismo.

Con diferentes matices ese mesmo papel financiador tamén é relevante no caso das entidades públicas empresariais. Non obstante, destacan as taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario de Portos de Galicia, representando mais das tres cuartas partes dos seus ingresos. E, por outra banda, Augas de Galicia conta, dentro do seu orzamento, con ingresos procedentes de taxas e prestacións de servizos, co Canon de Saneamento, Canon da Auga, e Coeficiente de Vertedura, taxa creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Por último, o papel financiador da Administración xeral reviste unha intensidade moi distinta nas sociedades mercantís públicas autonómicas que dispoñen dun cadro de recursos moito máis diversificado que o das restantes entidades que se integran nos orzamentos da comunidade autónoma.

Respecto da situación esperada para 2015, o escenario macroeconómico prevé para Galicia un crecemento similar ao nacional. A mellora das variables macroeconómicas vese reflectida nun aumento das entregas a conta do sistema de financiamento previstas nos orzamentos do Estado para 2015. En efecto, estas aumentan debido ao crecemento do IRPF, e, fundamentalmente, ao aumento previsto da recadación por IVE derivado do protagonismo que o consumo interno reflicte na saída da crise. Coherente con esta evolución o fondo de garantía dos servizos públicos básicos tamén medra no 2015.

Ademais, no 2015 producirase un novo aprazamento na devolución das liquidacións negativas correspondentes aos anos 2008 e 2009. Das 120 mensualidades en que se posibilitaba o reintegro pásase a 240 mensualidades coa consecuente mellloría dos nosos recursos netos proporcionados polo sistema de financiamento.

Ademais isto permitirá una mellora substancial do aforro corrente que volve a converterse no motor do financiamento do novo investimento.

Porén, a senda de consolidación fiscal, que remata no 2016 implica una minoración do recurso ao endebedamento equivalente ao anterior aumento de recursos do sistema de financiamento. O cumprimento da senda de estabilidade orzamentaria permitirá que no 2015 aumenten os gastos non financeiros e diminúan os gastos financeiros por vez primeira dende o 2009.

No que atinxe as transferencias recibidas doutras administración públicas destaca que os ingresos finalistas procedentes do Estado estabilízanse despois de mostrar unha continuada tendencia descendente nos últimos anos.

Os fondos europeos reflicten nos orzamentos o peche do período de operacións do marco 2007-2013. Por outra banda, o novo marco comunitario 2014-2020, implica a elaboración de programas operativos rexionais e plurirrexionais para os fondos estruturais (FEDER e FSE) e sectoriais (FEADER e FEMP), aos que haberá que engadir os fondos dedicados á cooperación. A nova programación, mudará a participación dos fondos europeos na cesta dos ingresos da comunidade autónoma en case un punto porcentual, acadando ata 2020 financiamento estrutural para os programas operativos xestionados pola comunidade autónoma de 883 millóns de euros en FEDER, 313 millóns de euros en FSE e 890 millóns de euros en FEADER.

Polo que respecta aos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma, tributos propios, prezos e ingresos patrimoniais, a súa evolución estable vai a depender en gran parte do comportamento das súas principais figuras tributarias, Imposto sobreTransmisión Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e Imposto sobre Sucesións e Doazóns, ambos vinculados, en grande medida, a evolución do mercado da vivenda.

Este mercado amosa síntomas de estabilización e debe comezar a dinamizarse a finais de 2014 iniciando unha fase de crecemento moderado pero continuo a partires de 2015. O aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias debe colaborar a frear e mesmo favorecer melloras na valoración dos activos inmobiliarios, ensanchando as bases impoñibles tanto do Imposto de Transmisión Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados como do Imposto de Sucesións e Doazóns.

Os incrementos que se esperan nos ingresos non financeiros permiten contrarestar os efectos que, durante 2015, vanse producir nos ingresos financeiros, os cales, como xa se ten dito, reduciranse como consecuencia da senda de consolidación fiscal do Reino de España e a súa distribución entre administracións, aprobada polo Consello de Política Fiscal e Financeira.

A Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo nestes últimos anos un esforzo continuado para garantir a sostibilidade dos servizos públicos nun contexto de forte baixa dos ingresos, para elo fíxose un importante esforzo de contención do gasto, priorizando a eliminación do gasto improdutivo e a racionalización do sector público autonómico así como a consecución de economías en gastos de funcionamento. Este control do gasto posibilitou a consecución da estabilidade orzamentaria co obxectivo de preservar a prestación dos servizos públicos que lle competen, así mesmo mediante o financiamento das actuacións de fomento dos diferentes sectores produtivos e actuacións tributarias puntuais tentouse dinamizar a economía galega.

No ano 2015, a Comunidade continúa nesta liña e tamén márcase como obxectivo o cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria referido ao trienio 2015-2017, fixado, para o conxunto de comunidades, polo Consello de Ministros do 27 de xuño de 2014 e establecido para o 2015 nunha necesidade de financiamento do 0,7% do PIB en termos de contabilidade nacional. O cumprimento deste obxectivo determina unha adaptación do gasto, blindando unha vez máis o de marcado carácter social (sanidade, educación, protección e asistencia social, igualdade, vivenda).

A priorización destas políticas públicas compleméntase cunha actividade investidora redimensionada, aliñada coa estratexia Europa 2020, e acorde coas principais necesidades dos cidadáns e coa presenza de políticas de apoio aos emprendedores e ás empresas que inciden na promoción dos sectores considerados estratéxicos e perseguen mellorar os mecanismos de financiamento empresarial, o proceso de internacionalización das nosas empresas e servir como instrumento para a creación de emprego, de forma que se asenten os piares dun novo modelo de crecemento solidario.

Galicia anticipouse ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar o obxectivo de estabilidade e no 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación "a priori" do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria.

Ao abeiro do parágrafo un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2015 en 8.436 millóns de euros. Este acordo foi aprobado polo Parlamento de Galicia ao que se lle remitiu ademais un informe de estratexia financeiro-fiscal, informe que en cumprimento do disposto no artigo 11 da citada lei, recolle os escenarios plurianuais que determinan un marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e constituirá a programación da actividade do sector público autonómico con orzamento limitativo.

O gasto non financeiro recollido nos orzamentos da comunidade autónoma para 2015 acadará o devandito teito de gasto, superando o importe dos orzamentos do exercicio anterior.

## II.1. INGRESOS

Os ingresos totais previstos para a Administración Xeral ascenden a 9.507,1 millóns de euros, reducíndose nun 5% respecto aos do exercicio anterior, homoxeneizados pola creación da Axencia Galega de Servizos Sociais, a efectos de comparativas.

Increméntanse tanto os ingresos correntes como os de capital, reducíndose os recursos financeiros que motivan a caída do orzamento total da administración.

**Orzamento de Ingresos da Xunta de Galicia**

Distribución económica

| | Capítulos | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | % | Valor Relativo 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Impostos directos | 1.937.444 | 2.019.852 | 82.408 | 4,3 | 19,4 | 21,2 |
| II | Impostos indirectos | 3.133.418 | 3.117.547 | -15.870 | -0,5 | 31,3 | 32,8 |
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 90.692 | 87.809 | -2.882 | -3,2 | 0,9 | 0,9 |
| IV | Transferencias correntes | 1.821.274 | 2.037.496 | 216.222 | 11,9 | 18,2 | 21,4 |
| V | Ingresos patrimoniais | 17.230 | 13.005 | -4.225 | -24,5 | 0,2 | 0,1 |
| **OPERACIÓNS CORRENTES** | | **7.000.057** | **7.275.710** | **275.653** | **3,9** | **70,0** | **76,5** |
| VI | Alleamento de investimentos reais | 75 | 150 | 75 | 100,0 | - | - |
| VII | Transferencias de capital | 494.969 | 529.325 | 34.356 | 6,9 | 4,9 | 5,6 |
| **OPERACIÓNS DE CAPITAL** | | **495.044** | **529.475** | **34.431** | **7,0** | **4,9** | **5,6** |
| **TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | | **7.495.101** | **7.805.185** | **310.084** | **4,1** | **74,9** | **82,1** |
| VIII | Activos financeiros | 2.174 | 2.107 | -67 | -3,1 | - | - |
| IX | Pasivos financeiros | 2.507.406 | 1.699.811 | -807.594 | -32,2 | 25,1 | 17,9 |
| **TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | | **2.509.580** | **1.701.918** | **-807.662** | **-32,2** | **25,1** | **17,9** |
| | **Total** | **10.004.681** | **9.507.103** | **-497.578** | **-5,0** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

Os ingresos por operacións correntes increméntanse neste exercicio en 275,7 millóns de euros. As causas do bo comportamento destes ingresos responden a:

- Os recursos procedentes do sistema de financiamento suxeitos a liquidación increméntanse en 209,5 millóns de euros.

  Por unha parte, aumentan os ingresos a percibir como entregas a conta do exercicio nun 5,8% motivado pola mellora nas expectativas do Estado de recadación por tributos para o ano 2015, que ten efectos tanto na participación nestes pola comunidade autónoma como no Fondo de Suficiencia Global que crece ao mesmo índice ao que se incrementa a súa recadación respecto ao ano 2007, ano base do sistema de financiamento. De igual forma, a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fun-

damentais experimenta un comportamento positivo polo incremento tributario esperado e o polo aumento na aportación que cada ano inclúe o Estado no seus orzamentos.

Pola contra, o resultado das liquidacións do sistema de anos anteriores presenta un saldo a favor do Estado, motivado pola previsión de liquidación do ano 2013, que só alcanza 1,4 millóns de euros baseada nas cifras de recadación tributaria esperadas polo Estado, en contraposición coa presupostada en 2014 do exercicio 2012, que ascendeu a 257,8 millóns de euros. Esta caída vese parcialmente compensada pola ampliación no prazo de reintegro das liquidacións negativas de 2008 e 2009, a vinte anos dende o ano 2012, e que supón un incremento nos ingresos de 121,2 millóns de euros.

- A previsión por recadación do Imposto sobre determinados medios de transporte aumenta, por primeira vez desde os último anos, en 2,2 millóns de euros.
- O tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos crece nun 3,7%, tras o incremento no tipo de gravame autonómico por modificación do artigo 18 do Texto Refundido das Disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, pero que desprega os seus efectos completos por primeira vez, neste exercicio.
- O Imposto sobre o Patrimonio tamén incrementa o seu importe, nun 24,4% respecto ao orzamento inicial do 2014 tras o bo comportamento que se espera na recadación de ese ano tendo en conta tanto á modificación dos tipos de gravame da escala establecidos na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos para o ano 2013, como pola incorporación de novas bases tributarias.
- O crecemento esperado para este exercicio do Imposto sobre Sucesións e Doazóns vese compensando coa diminución do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.
- Inclúese, por primeira vez nestes orzamentos, e dentro dos impostos directos, o Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito. O feito impoñible constitúeo o mantemento de fondos de terceiros que comporten a obriga de restitución, a excepción dos fondos mantidos en sucursais. A recadación prevista para 2015 alcanza os 17 millóns de euros, que non estaba no orzamento anterior.
- A recadación por tributos propios da Comunidade Autónoma, constituídos polo Imposto sobre a Contaminación Atmosférica, o Imposto sobre o Dano Ambiental da Auga Encorada e o Canon Eólico, manteñen practicamente o mesmo importe do ano 2014, a excepción do regulado pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que incrementa a previsión de recadación para 2015 en comparación coa do ano anterior.
- As subvencións finalistas a recibir do Estado recollidas dentro das transferencias correntes tamén se incrementan nestes orzamentos, despois das continuas reducións levadas a cabo polos distintos ministerios nos anos precedentes. Aumentan o seu importe en 12 millóns de euros. Entre outras, destacan a incorporación dentro dos créditos do Estado para 2015, dos Plans de Vivenda para Galicia, que se inclúen dentro dos ingresos corren-

tes na parte que financian gastos da mesma natureza. As transferencias da Consellería de Traballo e Benestar tamén experimentan un incremento neste exercicio, incorporándose en 2015 as axudas ao traballo autónomo, a cooperativas e a sociedades laborais, así como as axudas destinadas ás axencias de colocación para a inserción laboral de persoas desempregadas, que non figuraban nos orzamentos de 2014.

- Os fondos europeos deste capítulo increméntanse nun 54,9% debido tanto a incorporación neste exercicio 2015, peche do período de certificación, do Fondo Social Europeo do PO 2007-2013, con 20 millóns de euros, como pola orzamentación da anualidade prevista da nova programación, con 33,2 millóns de euros de Fondo Social Europeo 2014-2020. Ademais, inclúense a programación da Iniciativa de Emprego xuvenil YEI para este exercicio.

Os ingresos estimados por operacións de capital dos capítulos VI e VII do orzamento de ingresos tamén se incrementan, con respecto aos do ano anterior, nun 7%, motivado polo incremento dos fondos europeos debido á convivencia do marco 2007-2013 cos fondos do novo marco comunitario 2014-2020.

- As transferencias procedentes do Estado reducen o seu importe.

  Por unha parte, os Fondos de Compensación Interterritorial minóranse en 4,1 millóns de euros debido á menor porcentaxe de participación da nosa comunidade, que se reduce en 4 puntos, na cantidade total orzamentada polo Estado, que se mantén en 425,8 para as comunidades beneficiarias como en 2014. Ademais, redúcense os remanentes previstos de fondos de exercicios anteriores.

  E por outra, as subvencións finalistas que se espera recibir mantéñense practicamente nos niveis do ano 2014, pero mudan na súa estrutura, desaparecendo o financiamento dos Plans de zona das zonas rurais pero incorporando os ingresos do Plan Estatal de Vivenda 2013-2016 que o Estado inclúe nos seus orzamentos.

- Respecto aos fondos europeos, increméntanse en 37,6 millóns de euros, motivado sobre todo pola incorporación tanto do FEDER PO 2007-2013 que falta por certificar, como da programación para 2015 do marco 2014-2020.

  Do FEP 2007-2013 inclúense 23,3 millóns. E do FEADER como peche do marco, unha previsión que excede á do ano anterior nun 9,8%. O FEAGA mantense nas cantidades previstas en anos anteriores.

Todo isto configura uns ingresos non financeiros de 7.805,2 millóns de euros, que son un 4,1% superiores aos dispoñibles no ano anterior.

Sen embargo, este incremento vese mermado pola redución dos ingresos financeiros que se minoran nun 32,2% respecto ao ano anterior, en cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública aprobados polo Consello de Ministros o 27 de xuño de 2014 que determinan un obxectivo para 2015 para a Comunidade Autónoma do 0,7% do Produto Interior Bruto, reducíndose respecto do aprobado para 2014, que era do 1% do PIB.

Como resultado, o orzamento total da Administración Xeral para 2015 é de 9.507,1 fronte ao orzamento aprobado para o exercicio 2014, que ascendeu a 10.004,7 millóns de euros.

Por último engadir que, da mesma forma que o realizado nos orzamentos precedentes, os ingresos dos organismos estatutarios preséntanse nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos da Administración Xeral.

Distribución do orzamento de Ingresos por capítulos




## II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Tras a entrada en vigor da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, intégrase o financiamento da totalidade dos servizos traspasados ás comunidades autónomas a través dos tributos cedidos que determinan a capacidade tributaria, da transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e do Fondo de Suficiencia Global.

Ademais, co obxectivo de aproximar ás comunidades autónomas de réxime común en termos de financiamento por habitante axustado e favorecer a igualdade, así como para favorecer o equilibrio económico territorial, créanse dous novos fondos de converxencia autonómica, o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación, fondo este último no que participa a Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 24 da antedita lei, disponse que esta participación farase efectiva no momento en que se liquiden o resto dos recursos do sistema, que para o ano 2015, practicarase aos dous anos seguintes, é dicir, no ano 2017.

CAPACIDADE TRIBUTARIA

A Lei 22/2009 determina que a capacidade tributaria de cada comunidade autónoma estará formada polos seguintes recursos:

1. Recadación dos tributos totalmente cedidos: Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns, Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte, tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos, Tributos sobre o xogo e Taxas afectas aos servizos traspasados.
2. A tarifa autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos residentes na comunidade autónoma, correspondente a unha participación autonómica do 50% no rendemento deste imposto.
3. Cesión do 50% da recadación líquida producida polo Imposto sobre o Valor Engadido correspondente a cada comunidade autónoma, determinado mediante o índice de consumo certificado polo INE.
4. Cesión do 58% da recadación líquida dos Impostos Especiais sobre a Cervexa, Produtos Intermedios, Alcohol e Bebidas Derivadas segundo o índice de consumo certificado polo INE e cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre Hidrocarburos derivada da aplicación do tipo estatal xeral, segundo o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos segundo datos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
5. Cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre os Elaborados do Tabaco, segundo o índice de ventas a expendedurías da comunidade autónoma, certificados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
6. Cesión do 100% da recadación líquida derivada do tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e do Imposto Especial sobre a Electricidade distribuídos segundo os índices de entregas e de consumo establecidos, respectivamente.

A Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012 derroga o artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social coa conseguinte supresión do Imposto sobre as Ventas Retallistas de Determinados Hidrocarburos e modifica ademais a Lei 22/2009, do 18 de decembro. Desta forma, o tramo estatal do citado imposto quedou substituído desde 2013 polo tipo estatal especial do Imposto sobre

Hidrocarburos e o tramo autonómico quedou substituído polo tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos.

O financiamento por tributos parcialmente cedidos, polo tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e polo Imposto sobre a Electricidade recíbese do Estado mediante entregas a conta, que supoñen o 98% da base de cálculo, por doceavas partes mensuais, a conta da liquidación definitiva que se practicará cando se coñezan tódolos datos do sistema.

As entregas por estes conceptos para o vindeiro ano totalizan os 6.316,2 millóns de euros, segundo comunicación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

TRANSFERENCIA DO FONDO DE GARANTÍA DE SERVIZOS PÚBLICOS FUNDAMENTAIS

Ten por obxecto asegurar que cada comunidade autónoma recibe os mesmos recursos por habitante axustado para financiar os servizos públicos fundamentais, configurado como un mecanismo de garantía no que participan todas as comunidades autónomas cunha porcentaxe dos seus recursos tributarios, en termos normativos, e o Estado con recursos adicionais.

É dicir, o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, componse de:

- 75% dos recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas, en termos normativos e debidamente homoxeneizados.
- Achega de recursos adicionais por parte do Estado. Para cada exercicio, esta achega calcúlase aplicándolle ao importe do ano base do sistema, ano 2007, o índice de evolución dos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) entre este e o ano de cálculo.

No ano base, a achega de recursos adicionais por parte do Estado, establecidos no artigo 5 e 6 da Lei 22/2009 totalizan 8.055 millóns de euros que evolucionarían segundo a variación do ITE 2015 e o ITE 2007, alcanzando os 8.736,45 millóns de euros que se corresponde coa achega provisional do Estado ao Fondo de Garantía de 2015.

Cada comunidade autónoma participa neste Fondo de Garantía en función dunha serie de variables que determinan a súa poboación axustada ou unidade de necesidade, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 22/2009: poboación, superficie, dispersión, insularidade, poboación protexida equivalente distribuída en sete grupos de idade, poboación maior de sesenta e cinco anos e poboación entre cero e dezaseis anos.

A transferencia a recibir do Fondo de Garantía defínese como a diferenza, positiva ou negativa, entre o importe da participación da comunidade autónoma no importe total do fondo e

o 75% dos seus recursos tributarios en termos normativos. Farase efectiva mediante entregas a conta mensuais e será obxecto da liquidación definitiva correspondente.

O importe comunicado polo Ministerio como transferencia de Galicia para o ano 2015 é de 1.196,9, diferenza entre a participación da nosa comunidade no fondo, 5.291,7 e o 75% da estimación dos seus recursos tributarios, 4.094,8 millóns de euros.

FONDO DE SUFICIENCIA GLOBAL

Configurado como mecanismo de peche do sistema de financiamento, cobre a diferenza entre as necesidades de financiamento de cada comunidade autónoma e a suma da súa capacidade tributaria e transferencia do Fondo de Garantía, no ano base 2007. Foi calculado inicialmente de forma provisional para Galicia por importe de 1.496,6 millóns de euros, cantidade que foi aceptada no acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen embargo, segundo o artigo 10.2 da Lei 22/2009, o Fondo de Suficiencia Global foi obxecto dunha primeira regularización, para o cumprimento do obxectivo sinalado no artigo 5 da mesma lei: compáranse as necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma (recursos do sistema de financiamento da Lei 21/2001 e recursos adicionais do artigo 5 da nova lei) coa suma da capacidade tributaria e a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais que corresponden a cada comunidade autónoma en valores do ano 2009, en garantía do "status quo" establecido na lei.

Por último e segundo o establecido no artigo 10.3 da mesma lei, no momento da incorporación dos recursos adicionais descritos no artigo 6, no ano 2012, determinouse o Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma para o ano 2010, regularizándose definitivamente o correspondente ao ano base.

Para isto, partiuse das necesidades globais de financiamento de cada comunidade correspondentes ao exercicio 2010 unha vez incrementadas cos recursos adicionais establecidos no artigo 6, para Galicia, 7.271,4 millóns de euros, comparándoas coa suma da capacidade tributaria, 5.015,3, e a transferencia positiva do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais en valores do ano 2010 calculada a partir da achega definitiva do Estado a este fondo no ano base, 1.153,1 millóns de euros. Por diferenzas, o Fondo de Suficiencia Global para Galicia no ano 2010 queda establecido en 1.102,9, importe que se converte en valores do ano base mediante a aplicación da variación entre o ITE 2010 e o ITE 2007, 0,9308, regularizándose definitivamente o Fondo de Suficiencia Global para Galicia en 2007 por importe de 1.184,9 millóns de euros.

Sen embargo, para o cálculo da entrega a conta en 2015 do Fondo de Suficiencia Global, segundo información do Ministerio, pártese dese importe, calculado en 2010, no ano base pero reducido en 280,1 millóns de euros polas revisións por variacións nos tipos impositivos estatais

en 2011 e 2012 dos Impostos Especiais de Fabricación e Ive e pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio en 2011. Ademais, descóntanselle as revisións estimadas, neste caso provisionalmente, por modificacións dos tipos de 2013, 2014 e 2015, que totalizan 362,4 millóns de euros, segundo o establecido no artigo 21 da lei 22/2009, do 18 de decembro. Desta forma, a valoración no ano base do Fondo de Suficiencia Global a 1 de xaneiro de 2015, queda provisionalmente establecida en 542,4 millóns de euros. Este importe evoluciónase segundo a variación esperada entre o ITE 2015 e o ITE 2007 e considerando unha entrega a conta correspondente ao 98%, redúcese a 576,5 millóns de euros como entrega a conta a recibir no exercicio 2015, o que supón un incremento do 2,4% respecto ao importe presupostado o ano anterior.

## FONDOS DE CONVERXENCIA AUTONÓMICA

Para favorecer a converxencia entre comunidades autónomas e o desenvolvemento daquelas que teñan menor renda per cápita, a Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, crea dous novos fondos dotados con recursos adicionais do Estado.

Polas súas características, Galicia é partícipe do seguinte:

- Fondo de Cooperación

Para completar o sistema de financiamento na busca da mellora do estado de benestar e cumprindo co obxectivo último de equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional estimulando o crecemento da riqueza e converxencia rexional en termos de renda, créase un Fondo de Cooperación das que serán beneficiarias aquelas comunidades autónomas que cumpran as condicións establecidas na lei.

A disposición transitoria segunda da Lei 22/2009 autorizaba ao Ministro de Economía e Facenda para que acordase a concesión de anticipos, a conta deste fondo, que se cancelarían cando se practicasen as liquidacións definitivas, para os anos 2009, 2010 e 2011. Para o resto de anos, sen embargo, a participación neste fondo liquidarase no momento de liquidar a totalidade dos recursos do sistema, cos datos das variables existentes nese momento. Debido a isto, neste exercicio non se recibirán ingresos por este concepto, senón que a participación neste fondo en 2015 recibirase coa liquidación do resto dos recursos en 2017.

## LIQUIDACIÓN DE EXERCICIOS ANTERIORES

Nos orzamentos para o ano 2015 estímase un importe total a devolver de 83,4 millóns de euros.

Por unha parte, compútanse a parte das liquidacións correspondentes aos exercicios 2008 e 2009, -18,9 e -65,9 respectivamente, a reintegrar neste exercicio. Segundo establece a disposición adicional trixésima sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012 segundo redacción dada pola disposición derradeira primeira do Real-Decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro, estableceuse un mecanismo de ampliación do prazo de reintegro de esas liquidacións a 20 anos dende 2012.

Cabe destacar que estas liquidacións son obxecto de axuste positivo, polo mesmo importe que se inclúe como devolución do ano, para conciliar o saldo orzamentario co saldo de contabilidade nacional.

Ademais, compútase un importe positivo a recibir como previsión da liquidación do exercicio 2013, segundo comunicación recibida do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por importe de 1,4 millóns de euros.

**Recursos do sistema de financiamento suxeitos a liquidación**

| | | | Variación 2015/2014 | |
|---|---|---|---|---|
| | 2014 | 2015 | Importe | % |
| Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (50%) | 1.701.929 | 1.775.789 | 73.860 | 4,3 |
| Imposto sobre o Valor Engadido (50%) | 1.722.256 | 1.904.047 | 181.791 | 10,6 |
| Impostos Especiais (58% e 100%) | 868.537 | 862.987 | -5.550 | -0,6 |
| Fondo de Suficiencia Global | 562.836 | 576.528 | 13.692 | 2,4 |
| Fondo de Garantía Servizos Públicos Fundamentais | 1.115.997 | 1.196.888 | 80.891 | 7,2 |
| **Entregas a conta** | **5.971.555** | **6.316.239** | **344.683** | **5,8** |
| Anualidade Liquidación Exercicio 2008 | -45.901 | -18.900 | 27.000 | -58,8 |
| Anualidade Liquidación Exercicio 2009 | -160.059 | -65.907 | 94.152 | -58,8 |
| Liquidación Exercicio 2012/2013 | 257.810 | 1.430 | -256.380 | -99,4 |
| **Liquidacións exercicios anteriores** | **51.850** | **-83.377** | **-135.227** | **-260,8** |
| **Total recursos sistema de financiamento** | **6.023.405** | **6.232.861** | **209.456** | **3,5** |

(Miles de Euros)

No cadro anterior compáranse as entregas a conta e liquidacións presupostadas no ano 2015 coas previstas no exercicio 2014, incrementándose o importe total a percibir en 209,5 millóns de euros, o que supón que estes recursos do sistema de financiamento da comunidade aumenten nun 3,5%.

As entregas a conta increméntanse nun 5,8%. A Tarifa autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas aumenta o seu importe en 73,9 millóns de euros. O Imposto sobre

o Valor Engadido experimenta a maior variación, cun 10,6% respecto a previsión inicial do ano 2014, motivado por unha parte polo incremento do índice de consumo de Galicia, e por outra, polo crecemento esperado na base de cálculo baseado, fundamentalmente, na evolución prevista do consumo dos fogares e pola mellora esperada polo gasto en compra de vivenda. Dentro dos impostos especiais, redúcese a entrega a conta do Imposto sobre Elaborados do Tabaco e a do Imposto sobre a Electricidade, incrementándose a do resto. Destaca o aumento do Imposto sobre Hidrocarburos, formando parte deste tanto o tipo estatal xeral como o especial que se cede ao 100%.

Respecto do Fondo de Suficiencia Global aumenta nun 2,4%. A pesar da variación positiva do ITE, índice ao que evoluciona e que está formado pola recadación estatal de tributos cedidos entre os anos 2014 e 2015, e que aumenta nun 6,1%, o Fondo non se incrementa na mesma medida debido as revisións que o Estado nos compensa por modificacións nos tipos impositivos do Ive e dos IIEE, dende o establecemento en 2010 do importe definitivo desde fondo no ano base, que son superiores en 2015 respecto as practicadas en 2014.

A transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, que asegura que cada comunidade autónoma reciba os mesmos recursos por habitante axustado para financiar os servizos públicos fundamentais esenciais, tamén aumenta o seu importe tanto polo incremento na previsión dos recursos tributarios totais do ano 2015 como polo consecuente aumento na aportación do Estado e reforzado este efecto co aumento do índice de participación de Galicia por poboación axustada.

A liquidación total do sistema de financiamento de exercicios anteriores diminúe. A pesar da ampliación no prazo de reintegro das liquidacións negativas, a vinte anos dende o ano 2012, e que supón un incremento nos ingresos non financeiros de 121,2 millóns de euros, a liquidación total se reduce pola previsión de liquidación do ano 2013, que só alcanza 1,4 millóns de euros en contraposición coa presupostada en 2014 do exercicio 2012, que ascendeu a 257,8 millóns de euros.

## II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

## CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS

Os ingresos deste capítulo ascenden a 2.019,9 millóns de euros o que supón un incremento do 4,3% respecto aos previstos no ano anterior.

**CAPÍTULO I. Impostos directos**

| Distribución económica. Variación 2015-2014 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Variación 2015/2014 | | Valor Relativo | |
| Conceptos | 2014 | 2015 | Importe | % | 2014 | 2015 |
| 100 Tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas | 1.717.220 | 1.766.702 | 49.483 | 2,9 | 88,6 | 87,5 |
| 110 Imposto sobre sucesións e doazóns | 173.070 | 177.490 | 4.420 | 2,6 | 8,9 | 8,8 |
| 111 Imposto sobre o patrimonio | 47.154 | 58.660 | 11.506 | 24,4 | 2,4 | 2,9 |
| 112 Imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito | 0 | 17.000 | 17.000 | 0,0 | 0,0 | 0,8 |
| **Total** | **1.937.444** | **2.019.852** | **82.408** | **4,3** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

A recadación prevista polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas pódese descompoñer en dúas partes.

Por un lado estaría a entrega a conta do exercicio 2015, 1.775,8 millóns de euros, que é o importe comunicado para este ano e superior á entrega recibida en 2014 nun 4,3%, derivado da previsión das cotas líquidas autonómicas dos residentes no territorio da nosa comunidade autónoma minoradas no 50% das deducións por dobre imposición e no 50% das compensacións fiscais aplicables. Doutra parte, inclúese a parte estimada como liquidación por IRPF do exercicio 2013, que resulta negativa cas cifras de recadación do Estado publicadas, e o reintegro das 12 mensualidades correspondentes á liquidación do sistema do exercicio 2009 segundo o mecanismo establecido pola Lei 2/2012, do 29 de xuño, de presupostos xerais do Estado para 2012 segundo redacción dada pola disposición derradeira primeira do Real-Decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro, que amplía o prazo de reintegro de esas liquidacións a 20 anos dende 2012.

No seu conxunto e en comparación coas cifras orzamentadas en 2014, increméntase nun 2,9% a recadación esperada por este concepto.

Dentro das medidas fiscais adoptadas para 2015, en relación co Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, modifícase a dedución xa existente por nacemento e adopción de fillos, coa finalidade de ampliar o importe da dedución de 360 a 1.200 euros e a 2.400 euros, segundo se

trate do segundo ou terceiro fillo respectivamente, para o caso de que a base impoñible menos os mínimos persoal e familiar fose menor ou igual a 22.000 euros e modifícase tamén a dedución por coidados de fillos menores incrementando o límite da dedución desde 400 a 600 euros cando estes sexan dous ou mais. Tamén se modifica a dedución por aluguer de vivenda, duplicándoa no caso de que o contribuínte tivese dous ou mais fillos menores de idade.

Ademais, modifícase a dedución por investimento na adquisición de accións e participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, co obxecto de dar cabida ás cooperativas, esixindo os mesmos requisitos establecidos para as restantes entidades comprendidas na dedución.

Por último, engádense dúas novas deducións neste imposto, a primeira é unha dedución por doazóns que teñan por finalidade a investigación e desenvolvemento científico e a innovación tecnolóxica e a segunda é unha dedución pola instalación na vivenda habitual de sistemas de climatización e/ou auga quente sanitaria nas edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables.

O Imposto sobre sucesións e doazóns mantense en niveis similares ao previsto no ano 2014 como consecuencia da extensión dos efectos do plan especial de loita contra a fraude fiscal, xa que os procedementos de control extensivo, xestión tributaria, iniciados a partir do segundo semestre do ano 2014 concluirán no exercicio 2015 e do mesmo xeito os de control intensivo, é dicir, os de inspección tributaria.

A previsión por recadación do Imposto sobre o Patrimonio ascende para 2015 a 58,7 millóns de euros, superior á recollida nos orzamentos 2014, debido á incorporación de novas bases derivadas da Declaración Tributaria Especial e das declaracións de bens no estranxeiro. É similar ao importe que finalmente se espera recadar en ese ano.

Mediante a Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, o Estado prorroga durante o exercicio 2014 a vixencia do Imposto sobre o Patrimonio, restablecido con carácter temporal, para os anos 2011, 2012 e 2013, que permitirá contribuír ao reforzamento dos ingresos públicos. O devengo neste cuarto ano de recuperación prodúcese o 31 de decembro de 2014, polo que as declaracións se presentarán ao longo do exercicio 2015. A recadación esperada tanto neste exercicio coma no anterior, superiores as obtidas nos primeiros anos de recuperación do imposto, débense á modificación dos tipos de gravame da escala para o cálculo da cota íntegra establecidos na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos para o ano 2013.

Por último, inclúese este ano por vez primeira a recadación esperada polo Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito. Este imposto foi creado, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, modificada polo Real Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, coa pretensión de asegurar un tratamento fiscal

harmonizado que garante unha maior eficiencia no funcionamento do sistema financeiro así como unha tributación harmonizada dos depósitos constituídos nas entidades de crédito en todo o territorio español.

O Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito é un tributo de carácter directo que grava os depósitos constituídos nas entidades de crédito, constituíndo o feito impoñible o mantemento de fondos de terceiros que comporten a obriga de restitución, a excepción dos fondos mantidos en sucursais fóra do territorio español. O período impositivo será o ano natural e o imposto devengarase o último día do período, de forma que a recadación do imposto de 2014 producirase ao longo do exercicio 2015. Ademais, establécese un sistema obrigatorio de pagamentos a conta, de forma que os contribuíntes teñen que presentar unha autoliquidación do imposto no mes de xullo de cada exercicio, por importe do 50% da contía resultante de aplicar o tipo de gravame á base impoñible do período impositivo anterior.

Desta forma, inclúense inicialmente 17 millóns de euros, como previsión da recadación do ano 2014 que se ingresará en 2015, unha vez descontado o pagamento a conta xa efectuado, así como a autoliquidación obrigatoria a conta da liquidación efectiva do ano 2015.

## CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

A previsión de ingresos derivados de impostos indirectos redúcese nun 0,5% respecto ao ano anterior situándose en 3.117,6 millóns de euros para o exercicio 2015.

**CAPÍTULO II. Impostos indirectos**

Distribución económica. Variación 2015-2014

| | | | Variación 2015/2014 | | Valor Relativo | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Conceptos** | **2014** | **2015** | **Importe** | **%** | **2014** | **2015** |
| 200 Sobre transmisións inter vivos | 138.467 | 144.281 | 5.813 | 4,2 | 4,4 | 4,6 |
| 201 Sobre actos xurídicos documentados | 89.736 | 78.935 | -10.801 | -12,0 | 2,9 | 2,5 |
| 210 Imposto sobre o valor engadido | 1.834.208 | 1.835.468 | 1.259 | 0,1 | 58,5 | 58,9 |
| 220 Impostos especiais | 970.643 | 955.475 | -15.168 | -1,6 | 31,0 | 30,6 |
| 230 Taxas fiscais sobre o xogo | 57.132 | 57.222 | 90 | 0,2 | 1,8 | 1,8 |
| 231 Imposto sobre actividades de xogo | 3.000 | 3.000 | 0 | 0,0 | 0,1 | 0,1 |
| 291 Imposto sobre a contaminación atmosférica | 3.145 | 3.219 | 74 | 2,4 | 0,1 | 0,1 |
| 292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada | 14.171 | 17.003 | 2.832 | 20,0 | 0,5 | 0,5 |
| 293 Canon eólico | 22.916 | 22.945 | 29 | 0,1 | 0,7 | 0,7 |
| **Total** | **3.133.418** | **3.117.547** | **-15.870** | **-0,5** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados na súa modalidade de transmisións patrimoniais experimenta unha suba do 4,2% con respecto a 2014

como consecuencia fundamentalmente do incremento previsto das transmisións de segunda man de bens inmobles. Non ocorre o mesmo coa modalidade de actos xurídicos documentados, máis vencellado ao mercado de primeira man cuxa reactivación non está dando mostra de producirse, non alcanzando os niveis observados no resto do Estado.

A recadación prevista para o Imposto sobre o Valor Engadido, 1.835,5 en termos globais, non experimenta apenas variación respecto ao ano anterior, pero sí, si se analizan as partes que a compoñen.

O importe comunicado como entrega a conta é de 1.904 millóns de euros, superior ao ingresado en 2014 nun 10,6%. Este incremento débese, por unha parte, á previsión do Estado da recadación total utilizada como base que sube nun 9,8% respecto á utilizada en 2014. O crecemento do imposto débese, fundamentalmente, á evolución prevista para o gasto suxeito ao imposto que aumentará por segundo ano consecutivo e por riba do que se espera que creza en 2014. O principal motor é o consumo dos fogares. Espérase ademais, que o gasto en compra de vivenda teña unha pequena aportación positiva. Por outra parte, o índice de consumo da nosa comunidade evoluciona favorablemente neste imposto, resultando unha maior participación na recadación cedida polo Estado.

Por outra parte, inclúense as liquidacións do sistema de financiamento por este concepto de exercicios anteriores, tanto a comunicada provisionalmente correspondente ao exercicio 2013 como o reintegro das liquidacións de 2008 e 2009. Respecto á liquidación de 2013, resulta negativa tanto para o conxunto das comunidades autónomas como para a nosa comunidade, segundo estimación a través dos datos publicados polo Estado de recadación dese exercicio, que se sitúa moi por debaixo das previsións iniciais que figuraban nos orzamentos xerais para ese ano. Inclúense ademais, 12 mensualidades das 204, que é o aprazamento permitido, a computar a partir do 1 de xaneiro de 2015, en que o Estado permite a devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 segundo o establecido polo Real Decreto-Lei 12/2014, do 12 de setembro, que modifica a Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012. En total, orzaméntanse como liquidacións do sistema por Ive -68,6 millóns de euros, en contraposición cos 112 positivos que figuraron nos orzamentos 2014.

Con respecto aos Impostos Especiais é necesario diferenciar os suxeitos a liquidación, o Imposto sobre determinados Medios de Transporte e o tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos.

Os impostos especiais recibidos como entrega a conta son o de Alcohol e Bebidas Derivadas, Cervexa, Elaborados de Tabaco, Produtos Intermedios, Electricidade e os tipos estatais do Imposto sobre Hidrocarburos que alcanzan un importe total de 863 millóns de euros. Esta cantidade é inferior á recibida como entrega a conta e presupostada polo mesmo importe no orzamento do ano 2014 motivado fundamentalmente pola redución esperada polo Estado na recadación do Imposto sobre os Elaborados do Tabaco. Este imposto é o que reflexa o peor comportamento, xa que a diminución do consumo do tabaco ten un impacto negativo superior

ao positivo inducido pola suba dos tipos e prezos, provocando unha minoración nas entregas a conta de 24,9 millóns de euros, que xunto coa minoración esperada no Imposto sobre a Electricidade, contrarrestan calquera outro incremento nas entregas dos restantes impostos especiais, como as dos tipos estatais do Imposto sobre Hidrocarburos, que aumentan nun 7,6%.

O Imposto sobre Determinados Medios de Transporte aumenta o seu importe ata os 14,4 millóns de euros trala recuperación observada xa na recadación esperada para 2014 e as perspectivas de mantemento das subas nas matriculacións para o ano 2015.

O rendemento do tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos estímase para 2015 en 82,6 millóns de euros, tras o incremento no tipo de gravame autonómico por modificación do artigo 18 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, de aplicación dende o ano 2014 pero que desprega os seus efectos totais neste exercicio 2015. A fin de esta modificación radicou na procura da equiparación do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos co establecido na práctica totalidade das Comunidades Autónomas, pero mantendo a non tributación polo gasóleo de uso especial e permitindo a devolución de parte do imposto para o caso do gasóleo de uso profesional, consonte ao especificado no apartado de beneficios fiscais, de forma que a tributación efectiva do sector do transporte de viaxeiros e mercadorías non vira incrementada a súa tributación. Por outro lado o efecto recadatorio derivado desta equiparación de tipos permite blindar o gasto social e contribuír ao financiamento da sanidade.

Dentro dos tributos sobre o xogo figuran por unha parte as Taxas fiscais sobre o Xogo que se manteñen practicamente nos mesmos importes ca os previstos en 2014. Por outra parte, inclúese a recadación esperada, 3 millóns de euros, polo Imposto sobre Actividades de Xogo que recolle aos realizados a través de canles electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos e nas que os medios presenciais deberán ter un carácter accesorio, segundo o establecido pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e a recibir trimestralmente pola comunidade autónoma.

En 2015, revísase a normativa vixente en materia de xogo cunha serie de modificacións de carácter técnico, co obxecto de unificar os criterios na aplicación das diferentes figuras que gravan este tributo, cando as circunstancias concorrentes no desenvolvemento do xogo son coincidentes ou moi semellantes.

O imposto sobre a Contaminación Atmosférica, que recae sobre as emisións de determinadas sustancias contaminantes mantense nos mesmos niveis que no 2014.

O imposto sobre o Dano Ambiental de auga encorada increméntase para 2015 alcanzando os 17 millóns de euros.

O Canon Eólico, creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro e esixible a partir do 1 de xaneiro de 2010 cuxo feito impoñible constitúeo a xeración de afeccións e impactos visuais e

ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados en territorio galego, conta para este exercicio con 22,9 millóns de euros. Do importe correspondente á recadación esperada 11,5 millóns de euros se destinarán aos entes locais cuxo termo municipal se encontre dentro da liña de delimitación poligonal dun parque eólico así como os afectados polas súas instalacións de evacuación.

Finalmente, aínda que non se contempla no orzamento debido a que o devengo se produce a 31 de decembro de 2015, compre sinalar a entrada en vigor dende o 1 de xaneiro do vindeiro exercicio do Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro, como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter ambiental e orientado a compensar as externalidades negativas xeradas pola actividade mineralúrxica de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos, que se desenvolva e poida desenvolverse en Galicia.

O Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro configúrase, pois, como un imposto ambiental finalista co obxecto de:

- Internalizar o custo do uso que do ambiente fai a actividade mineira que se desenvolve no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Incentivar a aplicación das mellores técnicas, ferramentas e prácticas de xestión ambiental polo sector mineiro galego.
- Promover a investigación e desenvolvemento de procesos mineiros máis eficientes dende o punto de vista ambiental.
- Promover a aceleración na restauración das superficies e solos afectados.

## CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

A efectos de comparativas en termos homoxéneos, os cadros numéricos que se mostran nesta Memoria respecto ao ano 2014, mostran a inclusión da Axencia Galega de Servizos Sociais xa dende ese exercicio. Segundo o Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea esta axencia, esta asumirá desde a súa posta en funcionamento as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Desta forma, os prezos privados que figuraban en 2014 dentro do capítulo III da Administración Xeral de garderías e xardíns infantís, pasan á axencia nos cadros que se mostran.

A previsión de ingresos neste capítulo ascende a 87,8 millóns de euros reducíndose nun 3,2% respecto a do ano anterior.

O conxunto das taxas increméntase acadando 17,7 millóns de euros. Por un lado, acomódanse ás previsións de recadación do ano anterior e por outro, téñense en conta as modifica-

cións introducidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que obedecen, ben a creación de novas taxas ou ben a modificación das vixentes. Destacan polo seu impacto económico a creación da licenza única interautonómica en materia de pesca continental e a licenza única interautonómica en materia de caza.

Pola contra, os prezos en 2015, considerando tanto os públicos como os privados, redúcense nun 4,5%, acomodándose as cifras de recadación previstas para o ano anterior.

Os reintegros, tanto de exercicios pechados coma de exercicio corrente, practicamente manteñen a contía orzamentada en 2014.

Dentro das recargas e multas, destacan os xuros de demora e as multas e sancións tributarias que se incrementan tendo en conta o comportamento experimentado na recadación dos anos precedentes.

Non se esperan emisións que den lugar a ingresos por diferenzas entre os valores de reembolso e emisión neste exercicio.

Por último dentro deste capítulo, cabe destacar a orzamentación das sancións impostas polas consellerías, con 12 millóns de euros, entre as que destacan as da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de transporte pola aplicación da Lei 9/2013, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 16/1987, de Ordenación dos Transportes Terrestres, así como as da Consellería de Traballo e Benestar en materia laboral e de prevención de riscos.

**CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos**

Distribución económica. Variación 2015-2014

| | | | Variación 2015/2014 | | Valor Relativo | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Conceptos | 2014 | 2015 | Importe | % | 2014 | 2015 |
| 301 Taxas por servizos administrativos | 6.396 | 7.571 | 1.175 | 18,4 | 7,1 | 8,6 |
| 302 Taxas por servizos profesionais | 10.879 | 10.106 | -773 | -7,1 | 12,0 | 11,5 |
| 303 Taxas por venda de bens | 61 | 55 | -7 | -11,1 | 0,1 | 0,1 |
| 311 Prezos públicos | 26.530 | 25.595 | -935 | -3,5 | 29,3 | 29,1 |
| 312 Prezos privados | 4.001 | 3.548 | -453 | -11,3 | 4,4 | 4,0 |
| 380 Reintegros de exercicios pechados | 11.690 | 12.175 | 486 | 4,2 | 12,9 | 13,9 |
| 381 Reintegros de exercicio corrente | 342 | 356 | 14 | 4,2 | 0,4 | 0,4 |
| 391 Recargas e multas | 11.479 | 13.715 | 2.236 | 19,5 | 12,7 | 15,6 |
| 392 Sancións impostas polas consellerías | 11.918 | 12.015 | 97 | 0,8 | 13,1 | 13,7 |
| 394 Diferencias entre valores de reembolso e emisión | 4.823 | 0 | -4.823 | -100,0 | 5,3 | 0,0 |
| 399 Ingresos diversos | 2.573 | 2.673 | 100 | 3,9 | 2,8 | 3,0 |
| **Total** | **90.692** | **87.809** | **-2.882** | **-3,2** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

# CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No ano 2015 a previsión de ingresos por transferencias correntes ascende 2.037,5 millóns de euros, o que representa un aumento do 11,9% respecto ao orzamento do ano 2014.

**CAPÍTULO IV. Transferencias correntes**

Distribución económica. Variación 2015-2014

| Conceptos | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | Variación 2015/2014 % | Valor Relativo 2014 | Valor Relativo 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 400 Participación no sistema de financiamento | 1.593.200 | 1.772.191 | 178.991 | 11,2 | 87,5 | 87,0 |
| 401 Da Seguridade Social | 79.600 | 79.600 | 0 | 0,0 | 4,4 | 3,9 |
| 402 De organismos autónomos do Estado | 98.074 | 101.743 | 3.669 | 3,7 | 5,4 | 5,0 |
| 404 Subvencións finalistas da Administración xeral | 4.245 | 12.551 | 8.306 | 195,7 | 0,2 | 0,6 |
| 460 De concellos | 44 | 0 | -44 | -100,0 | 0,0 | 0,0 |
| 490 Fondo social europeo. Programa operativo | 45.519 | 53.143 | 7.624 | 16,7 | 2,5 | 2,6 |
| 493 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 | 257 | 26 | -231 | -89,9 | 0,0 | 0,0 |
| 496 Iniciativa de emprego xuvenil. YEI | 0 | 18.212 | 18.212 | 0,0 | 0,0 | 0,9 |
| 499 Outras transferencias da Unión Europea | 334 | 30 | -304 | -91,1 | 0,0 | 0,0 |
| **Total** | **1.821.274** | **2.037.496** | **216.222** | **11,9** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

O concepto de ingresos que recolle a participación da Comunidade Autónoma no sistema de financiamento incrementa o seu importe en 179 millóns de euros.

Por unha parte inclúese a entrega a conta por Fondo de Suficiencia Global e a da transferencia do Fondo de Garantía para 2015 comunicadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ambas superiores ás cantidades transferidas no ano anterior, por un importe total de 94,6 millóns de euros.

O Fondo de Suficiencia Global aumenta pola mellora do índice de incremento dos ITE 2007-2015 en comparación co índice de incremento dos ITE 2007-2014 empregado no cálculo das entregas a conta do ano 2015 polo Estado. Non obstante, o importe a recibir non se incrementa na mesma porcentaxe de variación en que sobe a recadación tributaria do Estado, empregada para o cálculo do crecemento deste índice, debido a que nos descontan revisións estimadas polo ministerio por todas as modificacións de tipos de Ive e Impostos Especiais efectuadas dende o ano 2011 ao ano 2015 así como pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio de 2011. O impacto de todas estas revisións no ano base do sistema, cuantifícase en 2015, segundo comunicación recibida, en -642,6 millóns de euros, fronte aos -623,2 millóns de euros que foron descontados en 2014 do Fondo de Suficiencia Global.

A Transferencia do Fondo de Garantía increméntase tamén, de igual forma que o Fondo de Suficiencia, polo aumento dos ingresos tributarios na previsión do Estado para o exercicio 2015, así como pola mellora do índice de participación de Galicia no total, que está en función dunha serie de variables que determinan a súa poboación axustada ou unidade de necesidade, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Respecto das liquidacións de exercicios anteriores que figuran neste concepto, a diferenza fundamental co orzamento do ano 2014 radica no importe a devolver das liquidacións do exercicios 2008 e 2009. A Disposición Adicional Trixésima Sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2012, autorizaba á devolución das liquidacións negativas nun prazo de reintegro de 120 mensualidades, é dicir, en 10 anualidades. Trala modificación da citada disposición pola redacción dada polo Real Decreto-Lei 12/2014, do 12 de setembro, múdase o prazo anterior, ampliándoo a 240 mensualidades, a computar dende 2012, é dicir, en 20 anualidades. Isto determina uns maiores ingresos neste capítulo por importe de 83,1 millóns de euros.

As subvencións de carácter finalista do Estado increméntanse en 12 millóns de euros. Igual que nos orzamentos de anos anteriores, figuran desglosadas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado, e segundo a liña de actuación de que se trate, o que permite un maior seguimento dos ingresos en correlación cos créditos que financian.

Para a estimación do importe previsto para 2015 partiuse das cantidades aprobadas para 2014, nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados, revisando estes importes segundo as cantidades incluídas polo Estado nos estados de gastos dos orzamentos do ano 2015.

Destacan as destinadas á atención da dependencia, co mesmo importe, 79,6 millóns de euros, co previsto no ano anterior, de acordo cos créditos que figuran nos orzamentos da Seguridade Social para 2015 que non varían debido ao mantemento da eliminación da achega do Estado correspondente ao nivel acordado, da minoración das contías correspondentes ao nivel mínimo de protección garantido e ao aprazamento da incorporación ao sistema de dependencia de novos dependentes moderados.

Inclúense ademais este ano ás destinadas ao financiamento do Plan Integral contra a Violencia de Xénero, segundo a aplicación da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

A diferenza da recadación dos últimos exercicios, incorpórase o importe que si se percibirá do Estado, para o financiamento de gasto corrente, derivado do Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbana, do período 2013-2016, por importe de 6,5 millóns de euros.

O convenio de colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establece, en aplicación da LOMCE, a participación do ministerio no financiamento da Implantación da Forma-

ción Profesional Básica e da Anticipación da Elección e Novos Itinerarios nos cursos 3º e 4º da ESO, cun importe total para 2015 de 1,4 millóns de euros.

No ámbito laboral, destacan as axudas recibidas do Bloque A correspondente a "accións e medidas de fomento do emprego e de formación profesional para o emprego" , o Bloque B que comprende "accións e medidas de formación" e o Bloque C "modernización dos servizos públicos de emprego", que se manteñen na mesma contía que a asignada para 2014.

Inclúense neste exercicio, a diferenza do ano anterior, e que finalmente si foron recibidas en 2014, as Axudas ao Traballo Autónomo e ao Emprego, Cooperativas e Sociedades Laborais, con 2 millóns de euros. De igual forma que o financiamento do Servizo Público de Emprego Estatal a axencias de colocación para a inserción laboral de persoas desempregadas.

Dentro das transferencias da Consellería de Traballo e Benestar, figuran as axudas a traballadores afectados por Expedientes de Regulación de emprego, que si se esperan recibir en 2015.

Distribución das transferencias correntes por conceptos



Dentro das transferencias procedentes do exterior, figura o Fondo Social Europeo, dentro do Programa Operativo 2007-2013, con 20 millóns de euros para 2015, exercicio de peche do período, reducíndose respecto ao ano anterior. Conforme as estratexias en materia de emprego o financiamento do Fondo Social Europeo aplícase en catro áreas clave: aumentar a adaptabilidade dos traballadores e das empresas; mellorar o acceso ao emprego e a participación no mercado de traballo; reforzar a inclusión social combatendo a discriminación e facilitando o acceso ao traballo das persoas desfavorecidas; e promover, por último, a asociación para a reforma nos ámbitos do emprego e da inclusión social.

Inclúese ademais a anualidade prevista na programación do Fondo Social Europeo do novo marco 2014-2020, con 33,2 millóns de euros.

Os obxectivos xenéricos do novo período son cumprir cos obxectivos da Estratexia Europa 2020 de crecemento intelixente, sostible e integrador, o enfoque aos resultados así como maximizar o impacto do financiamento da Unión Europea.

O Regulamento (UE) Nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece as misións do FSE. Así, establece que este fondo promoverá uns niveis elevados de emprego e de calidade do emprego, mellorará o acceso ao mercado laboral, fomentará a mobilidade xeográfica e profesional dos traballores e facilitará a súa adaptación ao cambio industrial e a os cambios dos sistemas de produción necesarios para garantir un desenvolvemento sostible, propiciará un elevado nivel de educación e formación para todos e apoiará a transición da educación ao emprego entre os xoves, loitará contra a pobreza, fomentará a inclusión social e a igualdade de xénero, a non discriminación e a igualdade de oportunidades, contribuíndo desta forma a dar resposta ás prioridades da Unión en materia de mellora da cohesión económica, social e territorial.

Podemos resumir os seus obxectivos nos seguintes, en liña totalmente coa Estratexia Europa 2020:

- Promoción do emprego e o apoio á mobilidade laboral.
- Investimento en educación, competencias e aprendizaxe permanente.
- Promoción da integridade social e loita contra a pobreza.
- Aumento da capacidade institucional e a efectividade da administración pública.
- Ademais, procura o reforzo na dimensión social:
- O 20% das dotacións do FSE serán para a integración social.
- Faise un maior énfase na loita contra o desemprego xuvenil.
- Apoio xeral e específico para a igualdade de xénero e a non discriminación.

O novo marco inclúe un fondo específico que se orzamenta por 18 millóns de euros para a Iniciativa Emprego Xuvenil, YEI, destinado a persoas xoves, de entre 15 e 29 anos, que non se

encontran empregadas nin participan en actividades de educación nin formación, denominadas como nini, dentro do público obxectivo do programa operativo de emprego xuvenil.

Inclúese o importe previsto nos cadros financeiros para o ano 2015 do proxecto Raia_Tec, e do proxecto Arcopol Platform, dentro das iniciativas europeas Poctep e Interreg IV B Espazo Atlántico, respectivamente. E outros proxectos, como son o Diversify, Margal Ulla e Noneets, nos que participan diversos centros directivos da Xunta de Galicia.

## CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Considéranse ingresos patrimoniais as rendas producidas como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos que forman parte do patrimonio da comunidade autónoma.

**CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais**

Distribución económica. Variación 2015-2014

| Conceptos | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | % | Valor Relativo 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 514 A empresas públicas e outros entes públicos | 3.779 | 3.857 | 78 | 2,1 | 21,9 | 29,7 |
| 520 Xuros de contas bancarias | 7.651 | 8.032 | 381 | 5,0 | 44,4 | 61,8 |
| 540 Alugueiros e productos de inmobles | 0 | 16 | 16 | 0,0 | 0,0 | 0,1 |
| 550 De concesións administrativas | 0 | 300 | 300 | 0,0 | 0,0 | 2,3 |
| 593 Operacións de derivados | 5.800 | 800 | -5.000 | -86,2 | 33,7 | 6,2 |
| **Total** | **17.230** | **13.005** | **-4.225** | **-24,5** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

No seu conxunto os ingresos patrimoniais redúcense respecto ao anterior exercicio en 4,2 millóns de euros.

Inclúense os ingresos por intereses do préstamo concedido á Sociedade Pública de Investimentos, cuantificados en 3,9 millóns de euros.

Os xuros de contas bancarias increméntanse, alcanzando este exercicio unha previsión de 8 millóns de euros, en consonancia coas previsións da recadación correspondentes ao 2014, superiores ás previstas inicialmente.

As operacións con derivados, como mecanismos de cobertura da tesourería, venceron na súa maioría no ano 2014, quedando un importe residual para o exercicio 2015.

Da mesma forma que o realizado nos orzamentos precedentes, os ingresos dos organismos estatutarios preséntanse nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos da Administración Xeral, incluíndose neste capítulo os ingresos previstos polo Parlamento de Galicia.

# CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Os recursos orzamentados neste capítulo de ingresos alcanzan un importe de 150.000 euros. Proceden da venda de edificios e outras edificacións propiedade da comunidade autónoma alleados por resultar innecesario ou antieconómico o mantemento dentro do seu patrimonio. A escasa relevancia económica deste capítulo e a propia flutuación das estimacións realizadas, derívase do carácter completamente atípico e excepcional destas actuacións.

**CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais**

Distribución económica. Variación 2015-2014

| Conceptos | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | Variación 2015/2014 % | Valor Relativo 2014 | Valor Relativo 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 612 Venda edificios e outras construccións | 75 | 150 | 75 | 100,0 | 100,0 | 100,0 |
| **Total** | **75** | **150** | **75** | **100,0** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

# CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

A previsión de ingresos por transferencias de capital ascende a 529,3 millóns de euros, o que supón un crecemento do 6,9% respecto ao ano anterior.

Os Fondos de Compensación Interterritorial constitúen un dos mecanismos destinados a facer efectivo o principio constitucional de solidariedade interterritorial a favor dos territorios comparativamente menos desenvolvidos. A Lei 22/2001, do 27 de decembro, divide o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous: o Fondo de Compensación, ao que se destina o 75% do importe total, para o financiamento exclusivo de investimentos, e o Fondo Complementario, que absorbe o 25% restante e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en funcionamento deses investimentos.

Neste exercicio presupóstanse 42,9 millóns de euros que é o importe que figura nos orzamentos do Estado para 2015 segundo a porcentaxe correspondente a investimentos reais novos de carácter civil ponderada, entre outras, pola poboación e renda relativa das comunidades beneficiarias. Aínda que o importe total dos fondos se manteñen na mesma contía total que a prevista nos orzamentos do Estado para 2014, a participación da nosa comunidade diminúe respecto da aprobada no ano anterior pola perda da proporción correspondente a Galicia debido ao seu menor dinamismo demográfico, tal e como ven sucedendo estes últimos anos. Ademais,

recóllense 16 millóns de euros como reaxuste dos Fondos de Compensación Interterritorial non executados en anos anteriores. Con todo isto, estes fondos redúcense nun 6,5% respecto aos previstos no orzamento do ano anterior.

As subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado financian pola súa parte actuacións relativas a materias sobre as que a comunidade autónoma ten asumidas diversas competencias. Figuran desglosadas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da Administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado e segundo a liña de actuación de que se trate, en aras dun correcto seguimento dos créditos financiados con transferencias finalistas. Inclúense tamén liñas de actuación para ingresos finalistas doutros transferintes, ademais do Estado.

Para a estimación do importe previsto para 2015 partiuse das cantidades aprobadas para 2014, nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados, revisando estes importes segundo as cantidades incluídas polo Estado nos estados de gastos dos orzamentos do ano 2015.

Neste exercicio 2015, o importe total previsto apenas sofre variación respecto ao ano anterior, alcanzando 44,5 millóns de euros.

Destacan as derivadas do Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbana, do período 2013-2016, para financiamento de gastos de capital, por importe de 8,7 millóns de euros, que sí se prevén dentro dos créditos do Estado nos orzamentos para este exercicio.

Ademais, inclúese o financiamento que aportará a Zona Franca de Vigo para o acceso a hospitais, que alcanzará 1,2 millóns de euros.

Respecto das transferencias a xestionar pola Consellería do Medio Rural e do Mar, inclúense as axudas distribuídas nas Conferencias Sectoriais de Agricultura e Desenvolvemento Rural e de Pesca segundo as aprobadas para 2014, destacando polo seu importe as destinadas á Prevención e Loita contra Pragas, ao control do rendemento leiteiro e ao control e erradicación das EET.

Por outra parte, o cofinanciamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do FEADER, que alcanza a porcentaxe do 12,13% tras a autorización da modificación do PDR, redúcese ata os 27,4 millóns de euros debido á minoración da anualidade da programación do fondo europeo para 2015, que é o último ano de execución do FEADER segundo a regra n+2.

A cofinanciación do Fondo Europeo da Pesca tamén reduce o seu importe acadando 4,1 millóns de euros para este exercicio debido a minoración do fondo europeo coa consecuente redución da cofinanciación.

Por último, dentro das transferencias finalistas, orzaméntanse tamén as que se espera recibir doutros transferintes, de igual forma que os que proceden do Estado, identificando tanto na parte do ingreso como no crédito de gasto financiado, a liña de actuación para un correcto seguimento da axuda.

Inclúense as que segundo convenio transferirán as Deputacións Provinciais para o financiamento das actuacións do Plan Marco do programa de mellora dos camiños de titularidade municipal 2004-2015, por importe de 1,7 millóns de euros. Tamén figura a transferencia segundo convenio co Inditex para o desenvolvemento do Plan de mellora e innovación forestal de Galicia, así como a da Fundación Emalcsa para a organización e desenvolvemento da exposición "O Primeiro Picasso. A Coruña 1891-1895".

**CAPÍTULO VII. Transferencias de capital**

Distribución económica. Variación 2015-2014

| Conceptos | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | Variación 2015/2014 % | Valor Relativo 2014 | Valor Relativo 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 700 Fondo de compensación interterritorial | 62.997 | 58.894 | -4.103 | -6,5 | 12,7 | 11,1 |
| 702 De organismos autónomos do Estado | 25.579 | 28.375 | 2.796 | 10,9 | 5,2 | 5,4 |
| 703 De empresas e entes públicos do Estado | 0 | 1.121 | 1.121 | 0,0 | 0,0 | 0,2 |
| 704 Subvencións finalistas da Administración xeral | 20.104 | 15.036 | -5.068 | -25,2 | 4,1 | 2,8 |
| 761 De deputacións | 0 | 1.734 | 1.734 | 0,0 | 0,0 | 0,3 |
| 770 De empresas privadas | 166 | 200 | 34 | 20,7 | 0,0 | 0,0 |
| 781 De institución sen fins de lucro | 0 | 290 | 290 | 0,0 | 0,0 | 0,1 |
| 790 FEDER Programa Operativo | 129.924 | 175.707 | 45.783 | 35,2 | 26,2 | 33,2 |
| 791 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 | 1.595 | 767 | -828 | -51,9 | 0,3 | 0,1 |
| 792 FEOGA/FEADER/FEAGA | 208.646 | 223.749 | 15.103 | 7,2 | 42,2 | 42,3 |
| 794 IFOP/FEP | 45.674 | 23.260 | -22.414 | -49,1 | 9,2 | 4,4 |
| 799 Outras transferencias da U. E. | 284 | 192 | -92 | -32,3 | 0,1 | 0,0 |
| **Total** | **494.969** | **529.325** | **34.356** | **6,9** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

As transferencias procedentes de fondos europeos aumentan este ano nun 9,7%, estimándose un importe total de 423,7 millóns de euros, e convivindo nestes orzamentos tanto os derivados do marco 2007-2013 como as do novo marco de programación 2014-2020.

O FEDER PO 2007-2013, está concibido ao servizo das políticas de cohesión da UE, orientando o seu papel cara o fomento dos investimentos que axuden a reducir os desequilibrios rexionais, finalidade á que está dirixido o apoio aos programas que aborden o desenvolvemento, a mellora da competitividade e a cooperación territorial no ámbito da Unión Europea, figurando entre as súas prioridades de financiamento, ademais dos investimentos en infraestruturas, as achegas que se destinan á innovación e á investigación, e á protección do medio ambiente. Nos orzamentos do ano 2015 o financiamento procedente do FEDER redúcese respecto ao ano anterior os 119,2 millóns de euros, incluíndose o importe total que se espera certificar ante a Unión

Europea e simultáneamente recoñer no estado de ingresos, e tendo en conta a reasignación de fondos efectuada pola Autoridade de Xestión á nosa Comunidade Autónoma.

O FEADER 2007-2013, que financia os programas de desenvolvemento rural, alcanza 169,8 millóns de euros neste exercicio no que finaliza o período de certificación do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, manténdose a contribución comunitaria no 75% para todas as medidas e eixos, como en 2013 e 2014.

Respecto ao FEAGA, que substitúe á sección Garantía do FEOGA, a previsión de ingresos para 2015 mantense no mesmo importe ca o ano anterior, 51,9 millóns de euros, e inclúense ademais 2,1 millóns de euros derivados de Programas sanitarios animais baseados no establecido na decisión do Consello da Unión Europea relativa a determinados gastos no sector veterinario, en liña cos ingresos recadados en anos anteriores.

A través do Fondo Europeo de Pesca, FEP 2007-2013, establecido polo Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo, canalízanse as axudas da Unión Europea destinadas a favorecer a consolidación dunha industria pesqueira competitiva e de asegurar o desenvolvemento sostible do sector dentro do respecto aos factores medioambientais. Os ingresos que se espera alcanzar por este fondo no exercicio 2015, no que se pecha o período de certificación, son 23,3 millóns de euros.

Dentro das transferencias procedentes da Unión Europea, presupóstase o importe a percibir de proxectos de Iniciativas 2007-2013. Segundo os cadros financeiros aprobados, hai diversos xestores que participan neste exercicio en proxectos da 3ª convocatoria de Programas de Cooperación Transfronteiriza, na que a comunidade participa na área de cooperación Galicia-Norte de Portugal, ademais de en proxectos procedentes de Programas de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico, e en proxectos do Interreg IV B Sudoeste. Entre as súas prioridades figuran a promoción do emprego, a innovación e constitución de redes de cooperación tecnolóxica, a mellora da sostibilidade do medio ambiente e o entorno natural e o impulso do desenvolvemento urbano sostible e a integración socioeconómica e institucional, destacando polo seu importe o proxecto Arpad_1_E para 2015.

Inclúense ademais a participación da comunidade noutros proxectos, como son o Margal Ulla e o Faros, como máis importantes cuantitativamente.

Respecto da Programación 2014-2020, inclúese a anualidade prevista de FEDER que alcanza os 56,5 millóns de euros.

As prioridades europeas de cara ao novo período comunitario 2014-2020 reforzan o proceso de programación estratéxica en consonancia coa Estratexia Europa 2020.

Os elementos crave do enfoque da política de cohesión 2014-2020 relaciónanse nunha serie de Documentos iniciais de programación 2014-2020 elaborados pola Comisión Europea.

Tamén, a Comisión Europea elaborou outra serie de Documentos de traballo para a programación 2014-2020, que constitúen unhas guías e fichas complementarias de gran axuda orientativa á hora de deseñar os programas operativos.

Cada programa conterá un enfoque estratéxico que contribúa á estratexia xeral da UE para un crecemento intelixente, sustentable e integrador e sexa coherente co MEC e co contrato de asociación. Tamén definirá, entre outros contidos, as prioridades, os obxectivos específicos, os indicadores de seguimento, o plan de avaliación do programa, os créditos financeiros da axuda comunitaria e a correspondente cofinanciación nacional.

Os Fondos do Marco Estratéxico Común (MEC) executaranse de acordo co contrato de asociación e a través de programas, que serán elaborados polos Estados membros, ou por calquera autoridade designada por eles, en colaboración cos socios.

En relación ao FEDER, o Regulamento (UE) Nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, de 2013, establece que este fondo, contribuirá ao financiamento de axudas orientadas a reforzar a cohesión económica, social e territorial corrixindo os principais desequilibrios rexionais da Unión a través do desenvolvemento sostible e ao axuste estrutural das economías rexionais, así como da reconversión das rexións industriais en declive e das rexións con un retraso no desenvolvemento. O FEDER, debe contribuír á estratexia da Unión para un crecemento intelixente sostible e integrador e garantir así unha maior concentración da axuda do fondo nas prioridades da Unión. En función da categoría das rexións beneficiarias, a axuda do FEDER con arreglo ao obxectivo de "investimento en crecemento e emprego" debe concentrarse en investigación e innovación, tecnoloxías da información e da comunicación, pequenas e medianas empresas, pemes, e o fomento dunha economía de baixo nivel de emisión de carbono.




## CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS

Figuran neste capítulo 2,1 millóns de euros. A maior parte está formada polo reintegro de préstamos concedidos ás Universidades e ademais, inclúense os reintegros de préstamos concedidos a concellos e os que concede o Parlamento ao seu persoal.

**CAPÍTULO VIII. Activos financeiros**

Distribución económica. Variación 2015-2014

| Conceptos | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | % | Valor Relativo 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 821 Reintegro de préstamos concedidos ao sector público L/P | 2.104 | 2.032 | -72 | -3,4 | 96,8 | 96,4 |
| 830 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a C/P | 70 | 75 | 5 | 6,7 | 3,2 | 3,6 |
| **Total** | **2.174** | **2.107** | **-67** | **-3,1** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

# CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEIROS

Neste capítulo figura a Débeda financeira por importe de 1.699,8 millóns de euros, incluíndose tanto as amortizacións deste ano como novas emisións, que son un 32,2% inferiores as de 2014.

**CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros**

| Distribución económica. Variación 2015-2014 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Variación 2015/2014 | | Valor Relativo | |
| Conceptos | 2014 | 2015 | Importe | % | 2014 | 2015 |
| 950 Préstamos recibidos e emisión de débeda | 2.507.406 | 1.699.811 | -807.594 | -32,2 | 100,0 | 100,0 |
| **Total** | **2.507.406** | **1.699.811** | **-807.594** | **-32,2** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## II.1.3. O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2015

O Orzamento de Beneficios Fiscais (OBF) ten como obxectivo cuantificar os beneficios fiscais que afectan aos tributos da Comunidade Autónoma. Neste sentido distintas normas refírense á obrigatoriedade de coñecer o seu importe. Así, o artigo 134.2 da Constitución Española sinala que nos orzamentos se consignará o importe dos beneficios fiscais e o artigo 46 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia enuméraos como parte integrante do contido dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Ata o orzamento 2013 esta obrigatoriedade cumpríase reflectindo a cifra do importe dos devanditos beneficios fiscais por cada unha das figuras tributarias, pero sen ir acompañada dunha memoria explicativa de detalle que de forma pormenorizada explicase a contía de cada beneficio fiscal en concreto.

O avance que se produciu nos últimos anos na aplicación dos tributos, introducindo formas de xestión telemática e informática non só para o uso por parte da administración, senón tamén para ser usadas polos propios contribuíntes, e o uso efectivo por parte destes últimos das devanditas funcionalidades, que se foi desenvolvendo dun xeito progresivo, abre a posibilidade de dispoñer de fontes de información fiables que permiten realizar aproximacións ao estudo detallado dos beneficios fiscais. A introdución sobre todo das aplicacións informáticas para a presentación dos diversos impostos (programas de axuda), provoca a diminución dos erros nos datos achegados polos contribuíntes, así como a obrigatoriedade na consignación dos datos das declaracións, evitando así a tendencia de cumprimento mínimo nos casos en que non resulta cota a ingresar, precisamente cando operan os beneficios fiscais.

Non obstante, por agora, será necesario seguir realizando mostras e extrapolacións dos datos, dado que a pesar do crecente uso por parte dos contribuíntes das devanditas aplicacións, o seu uso non é total, se ben o grao alcanzado aconsellou iniciar xa no pasado exercicio a elaboración desta memoria, sen prexuízo de ir avanzando ata lograr fontes de información moito máis completas de cara ao futuro, sobre todo introducindo outras fontes de información externas que permitan non só ampliar os datos senón tamén contrastar os existentes.

De igual forma, no ámbito estatal, incorpórase á documentación que acompaña aos Orzamentos Xerais de Estado (OXE) unha memoria explicativa da cuantificación dos beneficios fiscais.

Tomando como referencia a memoria de beneficios fiscais do Estado, o contido desta estruturaríase do seguinte xeito:

- A delimitación do concepto de "beneficio fiscal".
- A clasificación dos beneficios fiscais por tributos, e dentro de cada figura a descrición das hipóteses de traballo, as fontes estatísticas utilizadas e as metodoloxías de cuantificación, non só dos beneficios fiscais xa existentes senón tamén das posibles modificacións nor-

mativas para 2015 que puidesen afectar ao OBF sempre e cando, neste último caso, se dispoña de información abondo para avalialos cuantitativamente.

- A clasificación dos beneficios fiscais por tributos, e dentro de cada figura a descrición das hipóteses de traballo, as fontes estatísticas utilizadas e as metodoloxías de cuantificación, non só dos beneficios fiscais xa existentes senón tamén das posibles modificacións normativas para 2014 que puidesen afectar ao OBF sempre e cando, neste último caso, se dispoña de información abondo para avalialos cuantitativamente.

## DELIMITACIÓN DO CONCEPTO DE "BENEFICIO FISCAL"

O concepto de beneficio fiscal ofrece dous problemas: por un lado non existe na doutrina un concepto unánime deste e por outro lado aínda adoptando o máis común, a súa aplicación práctica non resulta doada, dada a natureza mixta dalgúns beneficios fiscais.

O OBF pode definirse como a expresión cifrada da diminución de ingresos tributarios que, presumiblemente, se producirá ao longo do ano, como consecuencia da existencia de incentivos fiscais orientados ao logro de determinados obxectivos de política económica e social.

O OBF que se explica nesta memoria ten por ámbito os tributos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como aqueles non xestionados por esta pero dos que esta CA ten competencias normativas e, neste caso, referidos ao uso das devanditas competencias, xa que os restantes veñen cuantificados e explicados na memoria de beneficios fiscais do Estado. Considera as medidas que orixinan beneficios fiscais para os contribuíntes e minguan a capacidade recadatoria da CA. Trátase esencialmente de exencións, redución nas bases impoñibles, tipos impositivos reducidos, bonificacións e dedución nas cotas dos diversos tributos.

A memoria do OBF do Estado extraeu da doutrina os seguintes requisitos para considerar unha medida como beneficio fiscal que, adaptada aos nosos tributos mantemos, tanto porque consideramos que se axusta ao buscado pola normativa, como para efectos comparativos, dado o carácter compartido de numerosos tributos.

Os trazos ou condicións que un determinado concepto ou parámetro impositivo debe posuír para que se considere que xera un beneficio fiscal son os que se resumen seguidamente:

a) Desviarse de forma intencionada respecto á estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde ao feito impoñible que se pretende gravar.
b) Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.
c) Existir a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.

d) Non se presentar compensación ningunha do eventual beneficio fiscal noutra figura do sistema fiscal.
e) Non se deber a convencións técnicas, contables, administrativas ou ligadas a convenios fiscais internacionais.
f) Non ter como propósito a simplificación ou a facilitación do cumprimento das obrigas fiscais.

Para o cómputo dos beneficios fiscais adóptase o método da "perda de ingresos", definida como o importe no cal os ingresos fiscais se reducen a causa exclusivamente da existencia dunha disposición particular que establece o incentivo do que se trate. A súa valoración efectúase de acordo co "criterio de caixa" ou momento en que se produce a mingua de ingresos. Por suposto, a incorporación dun beneficio fiscal está supeditada á dispoñibilidade dalgunha fonte fiscal ou económica que permita levar a cabo a súa estimación.

## CUANTIFICACIÓN DOS BENEFICIOS FISCAIS DOS TRIBUTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

### IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF)

Ao tratarse dun tributo non xestionado por esta CA e cuxa recadación está compartida, contémplanse neste apartado os beneficios fiscais establecidos pola normativa autonómica, que se concretan en deducións sobre a cota.

A fonte de información para o seu cálculo son os importes reais do exercicio 2012 (últimos publicados) extraídos da información que facilita a AEAT, axustados polas modificacións normativas vixentes para o exercicio 2014 (como se comentou anteriormente para determinar o importe dos beneficios fiscais que afectan ao exercicio 2015 séguese un criterio de caixa, polo que neste imposto hai que ter presente a normativa aplicable ao exercicio de renda 2014, cuxo prazo de ingreso se produce en 2015).

As modificacións normativas nas deducións autonómicas para a renda 2014 con respecto ás da renda 2012 que toman como referencia, e que poden afectar de xeito sensible á contía dos beneficios fiscais son as seguintes:

- Elimínase a dedución por fomento de autoemprego.
- Diminúese a porcentaxe de dedución do 20 ao 15% na dedución por investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista, e elimínase a necesidade dun mínimo do 1% de investimento no capital social.

- Créase a dedución por creación de novas empresas ou a ampliación da actividade de empresas de recente creación e o seu financiamento, que é do 20% con límite do 4.000€
- Auméntase o límite da dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, de 4.000 a 8.000 € (lei de emprendedores) e amplíase para o caso do seu financiamento. A porcentaxe é do 20% en cada caso co límite conxunto de 20.000€
- Aumento da dedución por natalidade, que pasa de 300 a 360€ para o primeiro fillo para determinadas bases impoñibles. Ademais increméntase nun 20% para residentes en concellos de menos de 5.000 habitantes e para os resultantes de fusións ou incorporacións.
- Duplícase o importe máximo de dedución (pasa de 200 a 400€) por coidado de fillos menores.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2015 estimados no imposto sobre a renda das persoas físicas, ascendería a 21.373.000 €, coa seguinte desagregación:

| | (en euros) |
|---|---|
| Por nacemento ou adopción de fillos | 12.560.000 |
| Por familia numerosa | 1.700.000 |
| Polo coidado de fillos menores | 3.800.000 |
| Por contribuíntes minusválidos, maiores de 65 anos, que precisen axuda de terceiros | 120.000 |
| Por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos | 450.000 |
| Por aluguer da vivenda habitual | 1.800.000 |
| Por acollemento familiar de menores | 35.000 |
| Por investimento na adquisición de accións e participacións sociais de novas entidades ou de recente creación | 850.000 |
| Por creación de novas empresas ou a ampliación da actividade de empresas de recente creación | 57.000 |
| Por investimentos realizados en entidades cotizadas no Mercado Alternativo Bolsista | 1.000 |
| **TOTAL** | **21.373.000** |

A lei de orzamentos para 2015 contempla modificacións normativas nas deducións autonómicas do IRPF. Dado que no ámbito dos beneficios fiscais se segue o criterio de caixa, ditas modificacións non afectarán ao exercicio 2015 sino ó 2016. Sen embargo compre sinalar o seu efecto cuantitativo:

1. Dedución nacemento de fillos: modifícanse as contías do seguinte xeito, 360 euros para 1º, 1.200 euros para 2º e 2.400 para 3º e seguintes (ata que teñan 3 anos) para niveis de renda inferiores a 22.000 euros. Impacto recadatorio: 5.000.000 euros
2. Dedución por coidado de fillos menores: Increméntase o límite deducible dende 400 ata 600 se teñen 2 ou máis fillos. Impacto recadatorio: 1.200.000 euros

3. Dedución por aluguer de vivenda: Increméntase a porcentaxe deducible do 10% ao 20% e duplicase o límite de 300 a 600 se teñen 2 ou máis fillos. Impacto recadatorio: 120.000 euros.
4. Dedución por donativos para I+D+I: establécese unha nova dedución do 25% das cantidades doadas a centros de investigación de universidades galegas e os promovidos ou participados pola Xunta, co límite máximo do 10% da cota íntegra autonómica. Impacto recadatorio: 700.000 euros
5. Dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables en vivenda habitual e destinadas exclusivamente a autoconsumo: establécese unha nova dedución do 5% das cantidades satisfeitas no exercicio por instalar na vivenda habitual sistemas de climatización e/ou auga quente sanitaria en edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables. Impacto recadatorio: 1.285.000 euros.

## IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO (IP)

No imposto sobre o patrimonio considéranse como beneficios fiscais as exencións consideradas no artigo 4. Todas elas proveñen da normativa estatal ao carecer esta CA de competencias normativas sobre exencións.

En canto ao mínimo exento, entendemos que forma parte da estrutura do tributo en canto modula a capacidade económica sometida a gravame de acordo coa concepción do imposto sobre o patrimonio como complementario do IRPF.

Non é posible achar o efecto económico de todas as exencións do IP, senón só daquelas nas que o valor dos bens exentos vén consignado na declaración do imposto. Trátase das exencións da vivenda habitual, bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais e valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas.

O método de cálculo realízase partindo do importe declarado destes bens (ou do mínimo exento) nas declaracións do exercicio 2012, aos que se lle aplica o tipo efectivo (cota a ingresar entre base impoñible) do IP nese mesmo exercicio aumentado nun 20% como consecuencia da modificación realizada no tipo de gravame pola lei de orzamentos para 2013.

Ademais deberá engadirse o efecto da bonificación na cota establecida pola lei de emprendedores, que ascende a 804.000 €.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2014 ascendería a 72.454.000 €, coa desagregación que figura a continuación.

Os importes serían os seguintes:

| | (en euros) |
|---|---|
| - Vivenda habitual | 2.500.000 |
| - Valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas | |
| - negociadas | 31.800.000 |
| - non negociadas | 36.600.000 |
| - Bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais | 750.000 |
| - Bonificación na cota | 804.000 |
| **TOTAL** | **72.454.000** |

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS (ISD)

No imposto sobre sucesións e doazóns os beneficios fiscais concéntranse nas redución de base impoñible a base liquidable e nas deducións na cota.

Nas primeiras podemos distinguir aquelas de carácter subxectivo, é dicir que atenden a circunstancias persoais dos suxeitos pasivos, e aquelas de carácter obxectivo que pretenden reducir a tributación da transmisión por herdanza ou doazón duns determinados bens. Mentres que as segundas son claramente beneficios fiscais, nas primeiras debemos distinguir as establecidas en función do parentesco das establecidas en función da minusvalía do suxeito pasivo. Estas últimas cumpren os requisitos para a súa consideración como beneficio fiscal en canto á finalidade perseguida, mentres que as primeiras sempre formaron parte da estrutura deste tributo e non se trata dun concreto colectivo de persoas destinatarias. Non obstante, naqueles casos nos que esta redución se combina con deducións coa finalidade de eliminar a tributación de facto a determinados colectivos como os parentescos incluídos no Grupo I, considerarase como beneficio fiscal.

A base de datos que se utilizou para o cálculo dos importes son as autoliquidacións dos anos 2012 e 2013 que se presentaron a través do programa de axuda axustadas en función das modificacións normativas para o exercicio 2015. Para o cálculo do importe das reducións non se realizou unha simulación por cada autoliquidación, senón que se aplicou o tipo medio efectivo (3,21% en 2013 e 3,43% en 2013) de todas as autoliquidacións ao importe da suma total de cada redución (ou da base impoñible no caso de suxeitos pasivos do Grupo I), illando así o efecto de cada unha delas doutras reducións que puidesen concorrer en cada caso concreto, polo que a contía sinalada non reflectiría exactamente unha perda recadatoria real, dado que non recolle para cada caso concreto o efecto da progresividade ou doutras reducións, pero si unha visión en termos de cota do importe destas.

Dado que por motivos de fiabilidade dos datos se utilizaron só as autoliquidacións realizadas co programa de axuda (que aseguran a falta de erros nos cálculos), o importe resultante ampliou-

se en función da relación existente entre as cotas ingresadas polas autoliquidacións realizadas co programa de axuda e as realizadas en papel.

Por último, cómpre sinalar que hai un grupo de beneficios aplicables pola normativa estatal, polo que se dará a información agrupada destes beneficios fiscais no cadro resumo incorporado ao final e que as redución por actividades económicas e participación en entidades foi establecida polo Estado (nun 95%) e mellorada pola Comunidade Autónoma de Galicia (99%) se ben suxeita a uns requisitos máis estritos. Da base de datos empregada despréndese que un 85% dos suxeitos pasivos de sucesións que aplican esta redución en adquisicións mortis causa acóllense á norma autonómica e mentres que en adquisicións inter vivos a porcentaxe ascende a un 75%. Nesta proporción distribuiranse os importes correspondentes no cadro resumo final.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, os importes dos beneficios fiscais para 2014 ascenderían a 78.111.000 €, coa seguinte desagregación:

| | (en euros) |
|---|---|
| **2.1.- Sucesións** | **73.563.000** |
| - reducións para o Grupo I combinadas coa dedución en cota do 99%, dado o carácter conxunto das devanditas medidas | 2.194.000 |
| - redución por minusvalía | 12.454.500 |
| - redución por vivenda habitual | 21.059.000 |
| - redución por actividades económicas | 744.000 |
| - redución por participación en entidades | 3.405.500 |
| - redución por bens de interese cultural | 75.000 |
| - redución por terreos rústicos protexidos | 29.000 |
| - redución por explotacións agrarias | 858.000 |
| - redución por seguro | 721.500 |
| - redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional | 500.000 |
| - dedución por parentesco (excluído o Grupo I) | 31.522.500 |
| **2.2.- Doazóns** | **4.548.000** |
| - redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia | 191.000 |
| - redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades | 2.342.000 |
| - redución pola adquisición de explotacións agrarias | 14.000 |
| - redución por bens de interese cultural | 1.000 |
| - redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional | 2.000.000 |
| **TOTAL** | **78.111.000** |

IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIASIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS (ITP-AXD)

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, os beneficios fiscais concéntranse principalmente en exencións, tipos bonificados e dedución na cota.

O método seguido para o seu cálculo é o seguinte:

- 2.4.1.- Exencións: é o beneficio fiscal que máis problemas formula para o seu cálculo. Ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte realízase axeitadamente no modelo do imposto. Ofrécense, polo tanto, só os datos daquelas declaracións que fan constar o importe da operación exenta así como o motivo da exención. Para o seu cálculo utilízase a media dos datos consignados nas autoliquidacións dos anos 2010-2013.

| Motivo exención | Importe |
|---|---|
| E: 1AA - ESTADO E AA.PP. | 3.969.186 |
| E: 1AB - ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS | 326.828 |
| E: 1AD - IGREXA CATÓLICA E DEMAIS CONFESIÓNS | 92.925 |
| E: 1AE - INSTITUTO DE ESPAÑA REAIS E REAIS ACADEMIAS | 1 |
| E: 1AF - CRUZ BERMELLA ESPAÑOLA E O.N.C.E. | 23.525 |
| E: 1B1 - TRATADOS E CONVENIOS INTERNACIONAIS | 2.118 |
| E: 1B2 - RETRACTO LEGAL | 337.240 |
| E: 1B3 - APORTACIÓNS Á SOCIEDADE CONXUGAL | 4.124.858 |
| E: 1B4 - ENTREGAS DE DIÑEIRO | 755.746 |
| E: 1B5 - ANTICIPOS SEN XURO | 26.701 |
| E: 1B6 - CONCENTRACIÓN PARCELARIA | 378 |
| E: 1B7 - XUNTAS DE COMPENSACIÓN | 18.512 |
| E: 1B8 - GARANTÍAS QUE PRESTEN TUTORES | 833 |
| E: 1B9 - TRANSMISIÓNS DE VALORES | 2.040.086 |
| E: 1B10 - OPERACIÓNS SOCIETARIAS RÉXIME ESPECIAL | 5.948.439 |
| E: 1B11 - O.S. AMPLIACIÓN,CONSTITUCIÓN,APORTACIÓN | 36.821.049 |
| E: 1B12 - VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL | 2.786.340 |
| E: 1B13 - PAGO IMPOSTO POR ACTOS ANTERIORES | 1.724.446 |
| E: 1B14 - BONIFICACIÓNS CEUTA E MELILLA | 390 |
| E: 1B15 - DEPÓSITOS EN EFECTIVO E PRÉSTAMOS | 5.465.539 |
| E: 1B16 - TRANSMISIÓNS PARA LEASING | 141.705 |
| E: 1B17 - REVENDA DE VEHÍCULOS USADOS | 4.462 |
| E: 1B18 - CANCELACIÓN DE HIPOTECA | 18.721.811 |
| E: 1B19 - AMPL.CAPIT.PERS.XURID.DECL. EN CONCURSO | 91.032 |
| E: 1B20 - SOCIEDADES E FONDOS DE INVERSIÓN | 9.780 |
| E: 1B21 - APORTACIÓNS PATRIMONIOS DISCAPACITADOS | 4.682 |
| E: 1B22 - SOC.DE INVERSIÓN NO MERCADO INMOBILIARIO | 927 |
| E: 1B23 - NOVACIÓNS CONTRACTUAIS R. D. LEI 6/2012 | 199.208 |
| E: 1B24 - REESTRU.E RESOL.ENTID CRÉDITO LEI 9/2012 | 2.968.790 |
| E: 1C1 - LEI 7/1980 LIBERDADE RELIXIOSA | 5.094 |
| E: 1C2 - R.D.L 12/1980 V.P.O. | 817.948 |
| E: 1C3 - LEI 55/1980 MONTES VECINAIS | 1.688 |
| E: 1C4 - LEI 82/1980 CONSERVACIÓN DA ENERXÍA | 7.647 |
| E: 1C5 - LEI 2/1981 MERCADO HIPOTECARIO | 115.147 |
| E: 1C6 - LEI 49/1981 EXPLOTACIÓN FAMILIAR AGRARIA | 16.360 |
| E: 1C7 - LEI 45/1984 SECTOR PETROLEIRO | 3.257 |
| E: 1C8 - LEI 46/1984 INSTITUCIÓNS INVERSIÓN COLECTIVA | 1.041 |
| E: 1C9 - LEI 49/1984 SISTEMA ELÉCTRICO NACIONAL | 3.119 |
| E: 1C11 - ENTIDADES DE CAPITAL-RIESGO | 4.783 |
| E: 1C12 - LEI 15/1986 SOCIEDADES ANÓNIMAS LABORAIS | 14.138 |
| E: 1C15 - LEI 20/1990 COOPERATIVAS | 397.914 |
| E: 1C16 - LEI 12/1991 AGRUP. DE INTERESE ECONÓMICO | 2.236 |
| E: 1C17 - LEI 19/1992 SOCIEDADES E FONDOS INMOB. | 116.232 |
| E: 1C18 - LEI 24/1992 ENTIDADES RELIXIOSAS EVANXÉLICAS | 2.311 |
| E: 1C19 - LEI 25/1992 COMUNIDADES ISRAELITAS | 5.604 |
| E: 1C22 - LEI 38/1992 IMPOSTOS ESPECIAIS | 28.919 |
| E: 1C23 - FONDOS DE GARANTÍA DE DEPOSITOS | 3.687.061 |
| E: 1C24 - LEI 2/1994 SUB.E MOD.DE PRÉSTAMOS HIPOT. | 19.632.708 |
| **TOTAL:** | **111.470.746** |

- 2.4.2.- Tipos impositivos reducidos: partindo da recadación obtida por cada tipo impositivo reducido, calcularase a perda recadatoria pola diferenza co tipo xeral. O importe asociado ascende a 20.413.000 €, coa seguinte desagregación:

    - Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual (tipo reducido 8%, art.º 14.2 DL 1/2011): 2.035.000€.
    - Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por discapacitados (tipo reducido 4%, art.º 14.3 DL 1/2011): 360.000€.
    - Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas e menores de trinta e seis anos (tipo reducido 4%, art.º 14.4 e 5 DL 1/2011): 8.200.000.
    - Tipo de gravame aplicable á transmisión de embarcacións de recreo e motores mariños (tipo reducido 1%, art.º 14.6 DL 1/2011): 850.000€.

Tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados (8.968.000 €):

- Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento (tipo reducido 1%, art.º 15.2 DL 1/2011): 5.000.000.
- Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por discapacitados e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento (tipo reducido 0.5%, art.º 15.3 DL 1/2011): 55.000.
- Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas e menores de trinta e seis anos e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento (tipo reducido 0.5%, art.º 15.4 e 5 DL 1/2011): 3.700.000.
- Tipo de gravame para as sociedades de garantía recíproca (tipo reducido 0.5%, art.º 15.6 DL 1/2011): 213.000.

- 2.4.3.- Deducións: o importe do beneficio fiscal calcúlase a partir dos datos consignados polos contribuíntes nas súas declaracións. Este apartado de bonificacións e deducións é o que menor información desagregada presenta, dado que non se esixe ao contribuínte que identifique no modelo de autoliquidación a concreta bonificación que aplica (información que si aparece na documentación complementaria, non susceptible de explotación informática), aínda que si o tipo porcentual. Por este motivo naqueles casos nos que as porcentaxes de dedución sexan iguais e non existan datos que diferencien os diversos tipos de deducións, ofrecerase a información agregada. Un caso peculiar preséntase naquelas porcentaxes de bonificación do 100%, nos que se dá a mesma circunstancia comentada no apartado das exencións, é dicir, ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo

contribuínte non se realiza axeitadamente no modelo do imposto, o que impide determinar o seu importe.

As deducións vixentes para 2014 son as seguintes:

Deducións e bonificacións na cota íntegra na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas:

- Bonificación aplicable aos arrendamentos de vivenda (dedución 100%, art.º 16.1 DL 1/2011)
- Dedución por arrendamento de terreos rústicos (dedución 100%, art.º 16.2 DL 1/2011)
- Bonificación aplicable á transmisión ou á cesión temporal de terreos integrantes do Banco de Terras de Galicia (dedución 95%, art.º 16.3 DL 1/2011)
- Dedución pola adquisición de terreos forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica (dedución 100%, art.º 16.4 DL 1/2011)
- Bonificación aplicable a operacións derivadas do Plan de Dinamización Económica de Galicia previsto para as áreas da Costa da Morte ou de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense (dedución 50%, art.º 16.5 DL 1/2011)
- Dedución aplicable ás concesións e autorizacións administrativas relativas ás enerxías renovables (dedución 92,5%, art.º 16.6 DL 1/2011)

Deducións e bonificacións na cota íntegra na modalidade de actos xurídicos documentados:

- Bonificación aplicable ás operacións relacionadas con vivendas protexidas ao abeiro da lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia (dedución 50%, art.º 17.1 DL 1/2011)
- Bonificación aplicable ás declaracións de obra nova ou división horizontal de edificios destinados a vivendas de aluguer (dedución 75%, art.º 17.2 DL 1/2011)
- Dedución pola adquisición de terreos forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica (dedución 100%, art.º 17.3 DL 1/2011)
- Bonificación aplicable ás operacións derivadas do Plan de Dinamización Económica de Galicia previsto para as áreas da Costa da Morte ou de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense (dedución 50%, art.º 17.4 DL 1/2011)
- Dedución para a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos ou créditos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual (dedución 100%, art.º 17.5 DL 1/2011)

- Dedución nas operacións de subrogación e modificación de préstamos e créditos hipotecarios concedidos para o investimento en vivenda habitual (dedución 100%, art.º 17.6 DL 1/2011)
- Dedución nas adquisicións de local de negocios para a constitución dunha empresa ou negocio profesional (dedución 100%, art.º 17.7 DL 1/2011)
- Dedución na constitución e modificación de préstamos e créditos hipotecarios concedidos para o financiamento das adquisicións de local de negocios para a constitución dunha empresa ou negocio profesional (dedución 100%, art.º 17.8 DL 1/2011, que será ampliado ás operacións de arrendamento financeiro pola lei de emprendedores).

Pola causa comentada anteriormente só pode ofrecerse a información por porcentaxe de bonificación e imposto. Así no IAXD o beneficio fiscal derivado das deducións do 50% ascenden a 47.000 € e as do 75% a 107.000 €, o que supón un total de 154.000 €.

Por último hai que facer referencia á dedución do 92,5% da cota do imposto de transmisións que grava as concesións e autorizacións que se refiran a enerxías renovables. Neste caso, debido a que a cuestión da tributación está pendente de resolución ante a xurisdición contencioso administrativa, por motivos de prudencia non se cuantifica o custo do beneficio fiscal.

## IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS

Neste imposto os beneficios fiscais responden á devolución total do imposto satisfeito ou soportado polos titulares de taxis e de vehículos de transporte por estrada de mercadorías e de viaxeiros que cumpran determinados requisitos, respecto do gasóleo de uso xeral utilizado como carburante no motor daqueles. O cálculo fíxose tendo en conta que a base da devolución está constituída polo resultado de multiplicar o tipo de devolución (48€/1.000 litros) polo volume de gasóleo adquirido. A contía máxima é de 50.000 litros por vehículo e ano, con carácter xeral, e de 5.000 litros por vehículo e ano, para os taxis. Tendo en conta os datos históricos dispoñibles, estímase que a cifra do beneficio fiscal ascendería a 19.078.177 €

## TAXAS FISCAIS SOBRE O XOGO (TFX)

Na taxa sobre rifas, tómbolas apostas e combinacións aleatorias, das exencións establecidas só dous responden ao concepto de beneficio fiscal ao que nos vimos referindo e hai que sinalar que, no caso das tómbolas diocesanas non hai datos para contrastar e que no caso da Cruz Vermella, a devandita entidade celebra sorteos a nivel estatal, polo que non tributaría na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, a única exención establecida responde a un criterio técnico, que exclúe á exención do concepto de beneficio fiscal ao que vimos aludindo.

## IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA (ICA)

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. O mínimo exento responde á estrutura técnica do tributo eximindo de tributación unha cantidade de contaminación que se entende asumible.

## IMPOSTO SOBRE DANOS AMBIENTAIS AUGAS EMBALSADAS (IDMAE)

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. A modulación da cota tributaria que supón unha minoración desta, responde á estrutura técnica do tributo e do dano ambiental que se pretende gravar.

## CANON EÓLICO (CE)

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución na cota.

A bonificación da cota tributaria asociada á repotenciación do parque eólico responde á pretensión de fomentar as medidas necesarias para minorar o impacto ambiental gravado, polo que sería unha función incentivadora-desincentivadora do tributo con finalidade extrafiscal, máis que un beneficio fiscal en si mesmo, motivo polo que entendemos que non respondería ao concepto de beneficio fiscal que estamos a soster ao longo da memoria.

## TAXAS E PREZOS

Neste apartado analizaremos sinteticamente os datos relativos ao que, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 2, denomina, en primeiro lugar "Instrumentos financeiros", como as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou da prestación de servizos demandados polos suxeitos; estes instrumentos de tipo financeiro son establecidos no título II desta lei. Pola súa parte, os "instrumentos reguladores" defínense como os medios utilizables para alterar as contraprestacións esixidas por aqueles bens ou servizos ofrecidos polos suxeitos activos os que se refire o artigo seguinte e están establecidos no título III desta lei.

Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados na antedita Lei, están destinados a satisfacer o conxunto das obrigas dos suxeitos que os perciben: Administración Xeral,

os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera deles, no conxunto da Administración Pública da Xunta de Galicia.

Cada un dos instrumentos financeiros mencionados responde a unhas características propias e singulares que os configuran, definen e distinguen. Neste sentido son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia "os tributos creados por lei ou transferidos polas súas corporacións locais ou polo Estado no marco da transferencia de servizos e competencias a esta, das que o seu feito impoñible consiste na utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou na entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público por parte dos suxeitos activos os que se refire o artigo 3 desta lei, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ao suxeito pasivo, sempre que se produza calquera das circunstancias seguintes:

- Primeira.- Que a entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:
  - cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou
  - cando os bens, os servizos ou as actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
- Segunda.- Que non se entreguen, presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte a normativa vixente". O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do custo total de produción dos bens e servizo ou da actividade.

Doutra banda, tanto os prezos públicos, coma os prezos privados, son contraprestacións pecuniarias percibidas pola Administración Xeral ou organismos e entidades públicas da Xunta de Galicia, pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público (prezos públicos) ou de dereito privado (prezo privado). Os prezos públicos fixaranse nunha contía que cubra como mínimo o custo do servizo, mentres que os prezos privados serán fixados atendendo ás condicións e circunstancias do mercado no que se realicen.

Por último, a aplicación a todos estes instrumentos (taxas ou prezos) dunha exacción reguladora determinará unha tarifa para o consumidor ou usuario superior ao importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servizo de que se trate; pola contra, a utilización dunha subvención reguladora, permitirá aplicarlle aos consumidores e usuarios tarifas ou prezos inferiores ao custo de produción dos bens ou servizos.

Ao longo do articulado da Lei 6/2003 e, asemade na regulación específica de cada taxa ou prezo, establécense os supostos nos que, unha vez determinada a tarifa ou prezo do ben ou servizo concreto, debe aplicarse unha diminución da contía dos mesmos, mediante bonificacións e exencións, nas que se contemplan determinadas circunstancias que permiten conseguir obxectivos concretos de política económica ou social, o que chamamos, en definitiva, beneficios fiscais consonte ao concepto delimitado no apartado 1 desta memoria.

As referencias normativas dos instrumentos financeiros contemplados neste apartado da memoria de beneficios fiscais, referentes aos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, son os que se relacionan no seguinte recadro:

| Normativa de Referencia | |
|---|---|
| **Taxas Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras** | Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia: artigos 23,30, 14, 46 e 51 |
| **Prezos Públicos Subvencións Reguladoras** | |
| Ensinanzas Especiais | Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño |
| Garderías | RESOLUCIÓN do 7 de agosto de 2013, da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se actualizan os prezos públicos establecidos polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. |
| Residencia Terceira Idade | DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. |
| Centro Atención Persoas Dependentes (CAPD) | DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. |
| Residencias tempo libre | Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre |
| Decreto prezos públicos marítimo-pesqueira e agroforestal | Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería |
| Comedores Escolares | DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. |
| **Prezos Privados Subvencións Reguladoras** | |
| Prezos privados Produtos de difusión do Instituto Galego de Estatística | Orde do 17 de marzo de 2004 pola que se regulan os prezos privados dos produtos de difusión do IGE |
| Prezo privado limpeza vehículos transporte gandeiro | ORDE do 31 de xullo de 2013 pola que se fixan os prezos privados dos servizos de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro en Galicia. |
| Prezos privados Xuventude | Orde do 18 de marzo de 2013, pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2013 |
| Prezos privados C.S.H.G | ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se regulan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos polo Centro Superior de Hostalería de Galicia |
| | ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se fixan os prezos privados correspondentes aos estudos conducentes á obtención das titulacións do Centro Superior de Hostalaría de Galicia. |
| Prezos privados Metroloxia | ORDE do 26 de decembro de 2013 pola que se fixan os prezos privados que percibirá a Xunta de Galicia polos servizos prestados polo Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia. |
| Prezos privados INGACAL | ORDE do 23 de marzo de 2010 pola que se regulan os prezos privados dos servizos de xestión, control e certificación da calidade alimentaria do Instituto Galego da Calidade Alimentaria. |
| | Orde do 17 de febreiro de 1997 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e sementes de viveiros, sementes e piñas de sequeiro e especies cinexéticas |

Para chegar á determinación das cifras dos beneficios fiscais e subvencións reguladoras, que se inclúen no cadro seguinte, o principio fundamental seguido é o cálculo do custo total de prestación do servizo correspondente, reflectido na correspondente memoria económico-financeira que acompaña ás norma (leis, decretos, ordes) para a implantación do correspondente instrumento financeiro e, doutra banda, a estimación dos ingresos derivados das tarifas ou prezos propostos.

Acorde coas anteriores consideracións, no seguinte cadro reflíctese o importe que supón para 2015, o conxunto de subvencións reguladoras e beneficios fiscais derivadas da aplicación da Lei 6/2003, tendo en conta que se engaden dúas normas novas, que regulan prezos privados: os correspondentes ao Centro Superior de Hostalería de Galicia e a Metroloxía. Ademais considérase a modificación das normas correspondentes ao Instituto Galego de Calidade Alimentaria, actualmente, en proceso de tramitación

| 2015 | |
|---|---|
| Custo Total Beneficios Fiscais Taxas * | 3.043.615 |
| Custo Total Subvencións Reguladoras Taxas ** | 1.090.810 |
| Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Públicos *** | 165.128.058 |
| Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Privados **** | 4.723.188 |
| **Total Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras** | **173.985.672** |

Pódese apreciar no cadro, a importancia predominante que teñen as subvencións reguladoras correspondentes aos prezos públicos, fronte aos beneficios fiscais (exencións e bonificacións) das taxas. Loxicamente neles están os servizos mais importantes no ámbito educativo e social. Isto pode observarse, de maneira mais nítida no seguinte cadro, no que se distribúen os beneficios e as subvencións por areas funcionais.

**Beneficios fiscais e subvencións reguladoras - Distribución por Áreas Funcionais**

| | | € | % |
|---|---|---|---|
| Taxas | Administrativas | 1.511.730 | 0,9% |
| | Profesionais | 2.622.695 | 1,5% |
| **Subtotal Taxas** | | **4.134.426** | **2,4%** |
| Prezos | Área Social | 84.940.419 | 48,8% |
| | Área Educación | 81.159.872 | 46,6% |
| | Área Xuventude | 1.361.000 | 0,8% |
| | Outras áreas | 2.389.955 | 1,4% |
| **Subtotal Prezos** | | **169.851.246** | **97,6%** |
| **Total** | | **173.985.672** | **100,0%** |

En efecto, e por este orde: no ámbito dos prezos, a área social (garderías, residencias da terceira idade, centros de atención a persoas dependentes, centros sociais, CAPD, servizos sociais da Mariña, residencias tempo libre), supón case que a metade de toda a cifra de beneficios fiscais, concretamente o 48,8%; en segundo lugar, a área da ensinanza (ensinanzas especiais, comedores escolares, familia marítimo-pesqueira) que representa o 46,6%, e dicir, as dúas áreas representan o 95,5% da cifra total que se estima para o orzamento de 2015. Finalmente, a área de xuventude e outras áreas, co 2,2% e o resto.

## RESUMO CUSTO BENEFICIOS FISCAIS:

| CONCEPTO | IMPORTE (en euros) | IMPORTE (en euros) |
|---|---|---|
| | Normativa autonómica | Normativa estatal |
| Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) | 21.373.000 | |
| Imposto sobre o Patrimonio (IP) | 804.000 | 71.650.000 |
| Imposto sobre Sucesións e Doazóns (ISD) | 76.691.075 | 1.419.925 |
| Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) | 20.567.000 | 111.470.746 |
| Imposto sobre Hidrocarburos | 19.078.177 | |
| Taxas Fiscais sobre o Xogo (TFX) | | |
| Imposto sobre a Contaminación Atmosférica (ICA) | | |
| Imposto sobre Danos Ambientais Augas Encoradas (IDMAE) | | |
| Canon Eólico (CE) | | |
| Taxas e Prezos | 173.985.672 | |
| **TOTAL** | **312.498.924** | **184.540.671** |

## II.2. GASTOS

A Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo nestes últimos anos un esforzo continuado para garantir a sostibilidade dos servizos públicos nun contexto de forte baixa dos ingresos, para elo fíxose un importante esforzo de contención do gasto, priorizando a eliminación do gasto improdutivo e a racionalización do sector público autonómico así como a consecución de economías en gastos de funcionamento. Este control do gasto posibilitou a consecución da estabilidade orzamentaria co obxectivo de preservar a prestación dos servizos públicos que lle competen, así mesmo mediante o financiamento das actuacións de fomento dos diferentes sectores produtivos e actuacións tributarias puntuais tentouse dinamizar a economía galega.

**Orzamento de Gastos da Administración Xeral**

| Distribución económica | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Variación 2015/2014 | | Valor Relativo | |
| Capítulos | | 2014 | 2015 | Importe | % | 2014 | 2015 |
| I | Gastos de persoal | 1.791.102 | 1.806.196 | 15.094 | 0,8 | 17,9 | 19,0 |
| II | Gastos en bens correntes e servizos | 487.151 | 488.694 | 1.542 | 0,3 | 4,9 | 5,1 |
| III | Gastos financeiros | 350.421 | 334.740 | -15.682 | -4,5 | 3,5 | 3,5 |
| IV | Transferencias correntes | 4.259.544 | 4.283.974 | 24.431 | 0,6 | 42,6 | 45,1 |
| **OPERACIÓNS CORRENTES** | | **6.888.218** | **6.913.604** | **25.385** | **0,4** | **68,8** | **72,7** |
| V | Fondo de continxencia | 32.181 | 52.420 | 20.239 | 62,9 | 0,3 | 0,6 |
| VI | Investimentos reais | 234.666 | 245.427 | 10.761 | 4,6 | 2,3 | 2,6 |
| VII | Transferencias de capital | 1.036.494 | 1.017.304 | -19.190 | -1,9 | 10,4 | 10,7 |
| **OPERACIÓNS DE CAPITAL** | | **1.271.160** | **1.262.731** | **-8.429** | **-0,7** | **12,7** | **13,3** |
| **TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | | **8.191.559** | **8.228.754** | **37.195** | **0,5** | **81,9** | **86,6** |
| VIII | Activos financeiros | 90.351 | 95.794 | 5.443 | 6,0 | 0,9 | 1,0 |
| IX | Pasivos financeiros | 1.722.771 | 1.182.555 | -540.216 | -31,4 | 17,2 | 12,4 |
| **TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | | **1.813.122** | **1.278.349** | **-534.772** | **-29,5** | **18,1** | **13,4** |
| **Total** | | **10.004.681** | **9.507.103** | **-497.578** | **-5,0** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

No ano 2015, a Comunidade continúa nesta liña e tamén se marca como obxectivo o cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria referido ao trienio 2015-2017, fixado, para o conxunto de comunidades, polo Consello de Ministros do 27 de xuño de 2014 e establecido para o 2015 nunha necesidade de financiamento do 0,7% do PIB en termos de contabilidade nacional. O cumprimento deste obxectivo determina unha adaptación do gasto, blindando unha vez máis o de marcado carácter social (sanidade, educación, protección e asistencia social, igualdade, vivenda).

A priorización destas políticas públicas compleméntase cunha actividade investidora redimensionada, aliñada coa estratexia Europa 2020, e acorde coas principais necesidades dos cidadáns e coa presenza de políticas de apoio aos emprendedores e ás empresas que inciden na promoción dos sectores considerados estratéxicos e perseguen mellorar os mecanismos de financiamento empresarial, o proceso de internacionalización das nosas empresas e servir como

instrumento para a creación de emprego, de forma que se asenten os piares dun novo modelo de crecemento solidario.

Galicia anticipouse ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar o obxectivo de estabilidade e no 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación "a priori" do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria.

Ao abeiro do parágrafo un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2015 en 8.436 millóns de euros. Este acordo foi aprobado polo Parlamento de Galicia ao que se lle remitiu ademais un informe de estratexia financeiro-fiscal, informe que en cumprimento do disposto no artigo 11 da citada lei, recolle os escenarios plurianuais que determinan un marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e constituirá a programación da actividade do sector público autonómico con orzamento limitativo.

O gasto non financeiro recollido nos orzamentos da comunidade autónoma para 2015 acadará o devandito teito de gasto, superando o importe dos orzamentos do exercicio anterior. De igual forma, os gastos non financeiros da Administración Xeral, 8.228,8 millóns de euros, tamén se incrementan respecto ao ano 2014, nun 0,5%.

## Orzamento de Gastos da Administración Xeral

| Distribución Orgánica | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Variación 2015/2014 | | Valor Relativo | |
| Seccións | 2014 | 2015 | Importe | % | 2014 | 2015 |
| 01 Parlamento | 18.026 | 18.026 | 0 | - | 0,2 | 0,2 |
| 02 Consello de Contas | 6.518 | 6.485 | -33 | -0,5 | 0,1 | 0,1 |
| 03 Consello da Cultura Galega | 2.374 | 2.374 | 0 | - | - | - |
| 04 Presidencia da Xunta de Galicia | 255.454 | 258.791 | 3.337 | 1,3 | 2,6 | 2,7 |
| 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 203.905 | 238.169 | 34.264 | 16,8 | 2,0 | 2,5 |
| 06 Consellería de Facenda | 50.088 | 49.517 | -571 | -1,1 | 0,5 | 0,5 |
| 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 403.764 | 412.282 | 8.518 | 2,1 | 4,0 | 4,3 |
| 08 Consellería de Economía e Industria | 179.755 | 184.770 | 5.015 | 2,8 | 1,8 | 1,9 |
| 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 2.147.897 | 2.148.490 | 593 | - | 21,5 | 22,6 |
| 10 Consellería de Sanidade | 3.174.406 | 3.170.026 | -4.379 | -0,1 | 31,7 | 33,3 |
| 11 Consellería de Traballo e Benestar | 725.501 | 741.621 | 16.119 | 2,2 | 7,3 | 7,8 |
| 12 Consellería do Medio Rural e do Mar | 581.913 | 568.439 | -13.474 | -2,3 | 5,8 | 6,0 |
| 20 Consello Consultivo de Galicia | 1.990 | 2.040 | 50 | 2,5 | - | - |
| 21 Transferencias a corporacións locais | 112.973 | 112.973 | 0 | - | 1,1 | 1,2 |
| 22 Débeda pública da Comunidade Autónoma | 2.071.115 | 1.515.101 | -556.015 | -26,8 | 20,7 | 15,9 |
| 23 Gastos de diversas consellarías | 69.001 | 77.999 | 8.997 | 13,0 | 0,7 | 0,8 |
| **Total** | **10.004.681** | **9.507.103** | **-497.578** | **-5,0** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

Cumprindo co anterior, apróbase un orzamento para 2015 con un importe total dos créditos previstos que ascende a 9.507,1 millóns de euros, o que supón unha redución do 5% respecto do exercicio anterior. Se ben, este importe total non é ilustrativo da capacidade de gasto da administración autonómica, xa que boa parte do mesmo é gasto financeiro, amortización de débeda de xeito principal, polo que habería que referirse ao gasto non financeiro, que se incrementa nun 0,5% respecto ao ano anterior.

O gasto corrente previsto, 6.913,6 millóns de euros, está constituído nun 26,1% polas retribucións do persoal ao servizo da comunidade autónoma, que se incrementan no seu conxunto nun 0,8%, se ben debe terse en conta que neste incremento está contemplados 6,1 millóns de euros correspondentes ao persoal da administración de Xustiza, que no pasado exercicio figuraban no fondo de continxencia. Tendo en conta este importe, os gastos de persoal experimentan un incremento cero.

Este tipo de gasto, ademais, está formado nunha gran parte polo gasto derivado do desenvolvemento das políticas básicas de equidade e cohesión. Compréndese dentro dese, o representado pola educación, que recolle a maior parte do financiamento das universidades, o incremento derivado da aplicación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que supón un incremento de 7,2 millóns de euros, a prestación de servizos sanitarios e o gasto para a prestación dos servizos sociais, entre os que destacan os que son propios da atención á dependencia.

Os créditos para investimentos canalizados a través dos capítulos VI e VII, no marco da contención do gasto público que prima estes orzamentos, redúcense nun 0,7% de media, alcanzando 1.262,7 millóns de euros.

**Distribución do orzamento de gastos por seccións**



## Orzamento de Gastos da Administración Xeral

| Distribución Funcional | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Grupo de función | | | Variación 2015/2014 | | Valor Relativo | |
| Funcións | 2014 | 2015 | Importe | % | 2014 | 2015 |
| **1 Actuacións de carácter xeral** | **211.306** | **231.379** | **20.072** | **9,5** | **2,1** | **2,4** |
| 11 Alta dirección da Comunidade Autónoma | 34.732 | 34.802 | 70 | 0,2 | 0,3 | 0,4 |
| 12 Administración xeral | 54.904 | 63.304 | 8.400 | 15,3 | 0,5 | 0,7 |
| 13 Xustiza | 110.214 | 114.184 | 3.970 | 3,6 | 1,1 | 1,2 |
| 14 Administración local | 4.377 | 12.349 | 7.972 | 182,2 | - | 0,1 |
| 15 Normalización lingüística | 7.080 | 6.740 | -340 | -4,8 | 0,1 | 0,1 |
| **2 Protección civil e seguranza cidadá** | **19.490** | **33.508** | **14.018** | **71,9** | **0,2** | **0,4** |
| 21 Protección civil e seguridade | 19.490 | 33.508 | 14.018 | 71,9 | 0,2 | 0,4 |
| **3 Protección e promoción social** | **750.892** | **766.936** | **16.044** | **2,1** | **7,5** | **8,1** |
| 31 Acción social e promoción social | 563.794 | 569.687 | 5.893 | 1,0 | 5,6 | 6,0 |
| 32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo | 182.955 | 193.106 | 10.151 | 5,5 | 1,8 | 2,0 |
| 33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento | 4.143 | 4.144 | 0 | - | - | - |
| **4 Produción de bens públicos de carácter social** | **5.457.427** | **5.468.894** | **11.467** | **0,2** | **54,5** | **57,5** |
| 41 Sanidade | 3.174.406 | 3.170.026 | -4.379 | -0,1 | 31,7 | 33,3 |
| 42 Educación | 2.046.716 | 2.048.218 | 1.502 | 0,1 | 20,5 | 21,5 |
| 43 Cultura | 61.073 | 57.744 | -3.330 | -5,5 | 0,6 | 0,6 |
| 44 Deportes | 18.273 | 18.548 | 275 | 1,5 | 0,2 | 0,2 |
| 45 Vivenda | 58.418 | 70.235 | 11.817 | 20,2 | 0,6 | 0,7 |
| 46 Outros servizos comunitarios e sociais | 98.541 | 104.123 | 5.581 | 5,7 | 1,0 | 1,1 |
| **5 Produción de bens públicos de carácter económico** | **703.280** | **710.994** | **7.714** | **1,1** | **7,0** | **7,5** |
| 51 Infraestruturas | 262.752 | 258.149 | -4.602 | -1,8 | 2,6 | 2,7 |
| 52 Ordenación do territorio | 16.776 | 15.925 | -851 | -5,1 | 0,2 | 0,2 |
| 54 Actuacións ambientais | 97.486 | 90.125 | -7.361 | -7,6 | 1,0 | 0,9 |
| 55 Actuacións e valorización do medio rural | 115.069 | 137.091 | 22.023 | 19,1 | 1,2 | 1,4 |
| 56 Investigación, desenvolvemento e innovación | 118.442 | 120.067 | 1.625 | 1,4 | 1,2 | 1,3 |
| 57 Sociedade da información e do coñecemento | 88.662 | 85.668 | -2.994 | -3,4 | 0,9 | 0,9 |
| 58 Información estatística básica | 4.094 | 3.968 | -126 | -3,1 | - | - |
| **6 Regulación económica de carácter xeral** | **111.097** | **119.354** | **8.257** | **7,4** | **1,1** | **1,3** |
| 61 Actuacións económicas xerais | 27.120 | 26.831 | -289 | -1,1 | 0,3 | 0,3 |
| 62 Actividades financeiras | 83.977 | 92.523 | 8.546 | 10,2 | 0,8 | 1,0 |
| **7 Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial** | **562.662** | **543.477** | **-19.185** | **-3,4** | **5,6** | **5,7** |
| 71 Dinamización económica do medio rural | 307.908 | 308.596 | 688 | 0,2 | 3,1 | 3,2 |
| 72 Pesca | 78.483 | 53.896 | -24.587 | -31,3 | 0,8 | 0,6 |
| 73 Industria, enerxía e minaría | 37.705 | 39.307 | 1.602 | 4,2 | 0,4 | 0,4 |
| 74 Desenvolvemento empresarial | 84.657 | 89.139 | 4.482 | 5,3 | 0,8 | 0,9 |
| 75 Comercio | 15.529 | 13.407 | -2.122 | -13,7 | 0,2 | 0,1 |
| 76 Turismo | 38.381 | 39.133 | 752 | 2,0 | 0,4 | 0,4 |
| **8 Transferencias a entidades locais** | **117.412** | **117.461** | **49** | **-** | **1,2** | **1,2** |
| 81 Transferencias a entidades locais | 117.412 | 117.461 | 49 | - | 1,2 | 1,2 |
| **9 Débeda pública** | **2.071.115** | **1.515.101** | **-556.015** | **-26,8** | **20,7** | **15,9** |
| 91 Débeda pública | 2.071.115 | 1.515.101 | -556.015 | -26,8 | 20,7 | 15,9 |
| **Total** | **10.004.681** | **9.507.103** | **-497.578** | **-5,0** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

Ás consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Sanidade, destínanse nestes orzamentos créditos por importe de 2.148,5 e 3.170 millóns de euros, respectivamente, e absorben o 55,9% dos créditos da Administración xeral, aumentando respecto ao ano anterior, no que a porcentaxe era un 53,2%. A Consellería de Traballo e Benestar, con 741,6 millóns de euros absorbe o 7,8% do total orzamento e a Consellería do Medio Rural e do Mar, con 568,4 millóns de euros absorbe o 6%. Respecto do indicado, hai que sinalar que a Consellería de Sanidade transfire ao Servizo Galego de Saúde a maior parte das súas dotacións, xa que é este último o encargado de xestionar directamente os servizos sanitarios da comunidade autónoma.

Nestes orzamentos, a Débeda Pública con 1.515,1 millóns de euros absorbe o 15,9%, reducíndose en 556 millóns respecto ao ano anterior.

Dótase na administración xeral un Fondo de Continxencia por importe de 52,4 millóns de euros que xunto co previsto no servizo Galego de Saúde, por importe de 72,8, totalizan o fondo total destes orzamentos, con 125,2 millóns de euros.

Na Disposición Transitoria Segunda da lei, establécese que a dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizarase gradualmente ata o exercicio 2015 para alcanzar o seu importe legal neste último exercicio. Para o ano 2015, a dotación será de 125.238.560 € e, con carácter excepcional, poderá empregarse para financiar os axustes no capítulo I que precise a Disposición Adicional Décimo Sexta desta lei.

Dentro dos créditos destinados á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, destacan os correspondentes ao sistema de financiamento das universidades galegas, cun importe total previsto para 2015 de 365,4 millóns de euros, Ademais, figuran as dotacións correspondentes aos gastos de funcionamento do INEF e as prazas vinculadas do SERGAS, por importes de 2,8 e 5,7 millóns de euros, respectivamente.

## Orzamento de Gastos da Administración Xeral

| | Distribución Orgánica e Económica | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Seccións** | **I** | **II** | **III** | **IV** | **V** | **VI** | **VII** | **VIII** | **IX** | **Total** |
| 01 Parlamento | 9.146 | 5.887 | | 2.678 | | 237 | 4 | 75 | | 18.026 |
| 02 Consello de Contas | 4.926 | 1.187 | | 3 | | 333 | | 36 | | 6.485 |
| 03 Consello da Cultura Galega | 1.239 | 913 | | 24 | | 199 | | | | 2.374 |
| 04 Presidencia da Xunta de Galicia | 8.827 | 7.013 | | 47.255 | | 5.965 | 93.564 | 95.633 | 534 | 258.791 |
| 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 115.880 | 35.471 | 8 | 45.629 | | 22.350 | 18.780 | 50 | | 238.169 |
| 06 Consellería de Facenda | 16.705 | 1.133 | | 22.231 | | 3.239 | 6.209 | | | 49.517 |
| 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 32.512 | 4.570 | | 44.770 | | 29.315 | 301.115 | | | 412.282 |
| 08 Consellería de Economía e Industria | 11.899 | 1.256 | | 26.736 | | 3.794 | 141.085 | | | 184.770 |
| 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 1.256.432 | 210.717 | 72 | 561.310 | | 29.773 | 88.607 | | 1.580 | 2.148.490 |
| 10 Consellería de Sanidade | 43.246 | 1.845 | | 3.014.019 | | 17.609 | 93.308 | | | 3.170.026 |
| 11 Consellería de Traballo e Benestar | 149.771 | 192.655 | | 385.276 | | 8.350 | 5.569 | | | 741.621 |
| 12 Consellería do Medio Rural e do Mar | 150.701 | 9.531 | | 16.431 | | 122.712 | 269.063 | | | 568.439 |
| 20 Consello Consultivo de Galicia | 1.625 | 315 | | | | 101 | | | | 2.040 |
| 21 Transferencias a corporacións locais | | | | 112.973 | | | | | | 112.973 |
| 22 Débeda pública da Comunidade Autonóma | | | 334.659 | | | | | | 1.180.441 | 1.515.101 |
| 23 Gastos de diversas consellarías | 3.286 | 16.203 | | 4.638 | 52.420 | 1.452 | | | | 77.999 |
| Total | 1.806.196 | 488.694 | 334.740 | 4.283.974 | 52.420 | 245.427 | 1.017.304 | 95.794 | 1.182.555 | 9.507.103 |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

De igual forma que no orzamento de ingresos, nos cadros numéricos de gastos, realizouse unha homoxeneización do orzamento de 2014, derivada da creación polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo, da Axencia Galega de Servizos Sociais. Esta axencia asume as competencias atribuídas á Dirección Xeral de Familia e Inclusión correspondentes á xestión das escolas infantís. En consecuencia, transfírense á axencia as dotacións correspondentes aos capítulos I e II.

## II.2.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

## CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

**CAPÍTULO I. Gastos de persoal**

Distribución Orgánica

| Seccións | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | % | Valor Relativo 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 01 Parlamento | 9.145 | 9.146 | 0 | - | 0,5 | 0,5 |
| 02 Consello de Contas | 4.902 | 4.926 | 23 | 0,5 | 0,3 | 0,3 |
| 03 Consello da Cultura Galega | 1.239 | 1.239 | 0 | - | 0,1 | 0,1 |
| 04 Presidencia da Xunta de Galicia | 8.909 | 8.827 | -82 | -0,9 | 0,5 | 0,5 |
| 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 109.701 | 115.880 | 6.179 | 5,6 | 6,1 | 6,4 |
| 06 Consellería de Facenda | 16.705 | 16.705 | 0 | - | 0,9 | 0,9 |
| 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 32.396 | 32.512 | 116 | 0,4 | 1,8 | 1,8 |
| 08 Consellería de Economía e Industria | 11.855 | 11.899 | 44 | 0,4 | 0,7 | 0,7 |
| 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 1.249.187 | 1.256.432 | 7.245 | 0,6 | 69,7 | 69,6 |
| 10 Consellería de Sanidade | 43.491 | 43.246 | -245 | -0,6 | 2,4 | 2,4 |
| 11 Consellería de Traballo e Benestar | 147.860 | 149.771 | 1.912 | 1,3 | 8,3 | 8,3 |
| 12 Consellería do Medio Rural e do Mar | 150.850 | 150.701 | -149 | -0,1 | 8,4 | 8,3 |
| 20 Consello Consultivo de Galicia | 1.575 | 1.625 | 50 | 3,2 | 0,1 | 0,1 |
| 23 Gastos de diversas consellarías | 3.286 | 3.286 | 0 | - | 0,2 | 0,2 |
| **Total** | **1.791.102** | **1.806.196** | **15.094** | **0,8** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

Os créditos destinados ao pago das retribucións e das cotas sociais dos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma no ano 2015 sofren un incremento do 0,8% respecto ao ano anterior, acadando o total do capítulo I da administración xeral 1.806,2 millóns de euros.

Este incremento vén motivado pola dotación de crédito para as substitucións do persoal ao servizo da Administración de xustiza, que en exercicios anteriores non se incluían dentro dos créditos do capítulo I, e polo incremento dos efectivos docentes como consecuencia da implantación da LOMCE e de persoal de orientación laboral.

Mantéñense todos os conceptos retributivos nas mesmas contías establecidas para o ano 2014.

## CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Económica

| Artigos | 2015 | Valor Relativo 2015 |
|---|---|---|
| 10 Altos cargos e delegados | 6.701 | 0,4 |
| 11 Persoal eventual de gabinete | 5.793 | 0,3 |
| 12 Funcionarios | 1.381.732 | 76,5 |
| 13 Laborais | 239.066 | 13,2 |
| 14 Outro persoal | 206 | - |
| 15 Incentivos ao rendemento | 3.948 | 0,2 |
| 16 Cotas, prest. e gastos soc. a cargo empregador | 168.751 | 9,3 |
| **Total** | **1.806.196** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Funcional

| Funcións | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | Variación 2015/2014 % | Valor Relativo 2014 | Valor Relativo 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 11 Alta dirección da Comunidade Autónoma | 20.617 | 20.806 | 189 | 0,9 | 1,2 | 1,2 |
| 12 Administración xeral | 28.301 | 28.604 | 303 | 1,1 | 1,6 | 1,6 |
| 13 Xustiza | 77.430 | 83.165 | 5.735 | 7,4 | 4,3 | 4,6 |
| 14 Administración local | 745 | 783 | 38 | 5,1 | - | - |
| 15 Normalización lingüística | 1.707 | 1.706 | -1 | -0,1 | 0,1 | 0,1 |
| 21 Protección civil e seguridade | 4.029 | 4.101 | 73 | 1,8 | 0,2 | 0,2 |
| 31 Acción social e promoción social | 117.438 | 117.318 | -119 | -0,1 | 6,6 | 6,5 |
| 32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo | 34.197 | 36.061 | 1.863 | 5,4 | 1,9 | 2,0 |
| 33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento | 408 | 408 | 0 | 0,1 | - | - |
| 41 Sanidade | 43.491 | 43.246 | -245 | -0,6 | 2,4 | 2,4 |
| 42 Educación | 1.236.479 | 1.243.587 | 7.109 | 0,6 | 69,0 | 68,9 |
| 43 Cultura | 20.917 | 20.918 | 1 | - | 1,2 | 1,2 |
| 44 Deportes | 3.136 | 3.136 | 0 | - | 0,2 | 0,2 |
| 46 Outros servizos comunitarios e sociais | 1.661 | 1.661 | 0 | - | 0,1 | 0,1 |
| 51 Infraestruturas | 7.396 | 7.121 | -275 | -3,7 | 0,4 | 0,4 |
| 52 Ordenación do territorio | 3.321 | 3.302 | -19 | -0,6 | 0,2 | 0,2 |
| 54 Actuacións ambientais | 22.556 | 22.934 | 378 | 1,7 | 1,3 | 1,3 |
| 55 Actuacións e valorización do medio rural | 45.811 | 45.719 | -92 | -0,2 | 2,6 | 2,5 |
| 56 Investigación, desenvolvemento e innovación | 7.174 | 7.301 | 127 | 1,8 | 0,4 | 0,4 |
| 61 Actuacións económicas xerais | 6.340 | 6.400 | 60 | 0,9 | 0,4 | 0,4 |
| 62 Actividades financeiras | 9.020 | 8.961 | -60 | -0,7 | 0,5 | 0,5 |
| 71 Dinamización económica do medio rural | 66.971 | 67.290 | 319 | 0,5 | 3,7 | 3,7 |
| 72 Pesca | 20.104 | 19.768 | -335 | -1,7 | 1,1 | 1,1 |
| 73 Industria, enerxía e minaría | 10.815 | 10.859 | 44 | 0,4 | 0,6 | 0,6 |
| 75 Comercio | 1.040 | 1.040 | 0 | - | 0,1 | 0,1 |
| **Total** | **1.791.102** | **1.806.196** | **15.094** | **0,8** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

Polo que se refire o número de efectivos non se incrementará agás aqueles que veñen motivados pola realización da execución de programas de carácter temporal iniciados no ano 2014 e que continúen no vindeiro exercicio e os que veñen motivados pola implantación da LOMCE.

Neste senso as incorporacións de persoal funcionario, laboral e estatutario fixo durante o exercicio 2015 derivadas de procesos de selección e provisión non poderá supoñer en ningún caso un incremento dos efectivos que ocupen prazas dotadas orzamentariamente.

O crecemento no capítulo I da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa maior porcentaxe respecto ao ano anterior, débese simplemente á incorporación á dita sección do crédito do persoal da administración de Xustiza que figuraba no Fondo de Continxencia e á incorporación do crédito do persoal da oficina de Bos Aires que figuraba na Presidencia da Xunta.

## CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

As dotacións correspondentes ao capítulo II ascenden en 2015, a 488,7 millóns de euros, o que representa un lixeiro incremento do 0,3% respecto ao exercicio anterior.

**CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos**

Distribución Orgánica

| Seccións | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | Variación 2015/2014 % | Valor Relativo 2014 | Valor Relativo 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 01 Parlamento | 5.928 | 5.887 | -41 | -0,7 | 1,2 | 1,2 |
| 02 Consello de Contas | 1.243 | 1.187 | -56 | -4,5 | 0,3 | 0,2 |
| 03 Consello da Cultura Galega | 927 | 913 | -14 | -1,6 | 0,2 | 0,2 |
| 04 Presidencia da Xunta de Galicia | 6.691 | 7.013 | 322 | 4,8 | 1,4 | 1,4 |
| 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 36.466 | 35.471 | -995 | -2,7 | 7,5 | 7,3 |
| 06 Consellería de Facenda | 1.210 | 1.133 | -78 | -6,4 | 0,2 | 0,2 |
| 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 4.707 | 4.570 | -137 | -2,9 | 1,0 | 0,9 |
| 08 Consellería de Economía e Industria | 1.363 | 1.256 | -107 | -7,9 | 0,3 | 0,3 |
| 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 211.370 | 210.717 | -653 | -0,3 | 43,4 | 43,1 |
| 10 Consellería de Sanidade | 1.621 | 1.845 | 224 | 13,8 | 0,3 | 0,4 |
| 11 Consellería de Traballo e Benestar | 188.190 | 192.655 | 4.465 | 2,4 | 38,6 | 39,4 |
| 12 Consellería do Medio Rural e do Mar | 9.580 | 9.531 | -49 | -0,5 | 2,0 | 2,0 |
| 20 Consello Consultivo de Galicia | 315 | 315 | 0 | - | 0,1 | 0,1 |
| 23 Gastos de diversas consellarías | 17.540 | 16.203 | -1.338 | -7,6 | 3,6 | 3,3 |
| **Total** | **487.151** | **488.694** | **1.542** | **0,3** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

Os créditos de capítulo II das distintas seccións experimentan redución, coas excepcións que se sinalan a continuación:

- Na Presidencia da Xunta increméntase a dotación correspondente ás primas de seguros da Secretaría Xeral para o Deporte, en 356.000 euros, como consecuencia da inclusión na póliza, das federacións de fútbol.

- Na Consellería de Sanidade, o traspaso das dotacións, por importe de 224.000 euros, correspondentes a gastos de funcionamento da Xefatura Territorial de Lugo, que antes figuraban orzamentadas no Servizo Galego de Saúde.
- Na Consellería de Traballo e Benestar, o incremento de 5,9 millóns de euros, derivado do contratación de novas prazas de residencias para persoas maiores e con discapacidade, que se minoran nas dotacións correspondentes a libranzas vinculadas a servizos sociais e coidadores no entorno.

Debe terse en conta que este capítulo engloba tanto os créditos correspondentes aos gastos de funcionamento dos servizos puramente administrativos, como os correspondentes aos servizos sociais e educativos.

Dentro dos gastos de servizos sociais, destacan os correspondentes aos de funcionamento dos centros propios e concertados, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, que ascenden a un total de 163 millóns de euros. Polo que se refire á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria, destacan igualmente os gastos de funcionamento dos centros educativos, que permanecen constantes respecto do exercicio anterior, cunha dotación de 56 millóns de euros, e os gastos de comedores escolares e transporte escolar, que ascenden a un total de 147,6 millóns de euros.

**CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos**

Distribución Económica

| Artigos | 2015 | Valor Relativo 2015 |
|---|---|---|
| 20 Alugamentos e canons | 6.740 | 1,4 |
| 21 Reparacións, mantemento e conservación | 10.640 | 2,2 |
| 22 Material, subministracións e outros | 464.784 | 95,1 |
| 23 Indemnizacións por razóns do servizo | 6.432 | 1,3 |
| 27 Publicacións | 97 | - |
| **Total** | **488.694** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

No total do capítulo II, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, representa o 43,1%, a de Traballo e Benestar o 39,4% e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o 7,3%, á que compete atender os gastos comúns correspondentes á mantemento, limpeza e seguridade dos servizos administrativos das distintas consellerías, co que o peso das demais seccións ascende ao 10,2%.

.

### CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

| Distribución Funcional | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Variación 2015/2014 | | Valor Relativo | |
| Funcións | 2014 | 2015 | Importe | % | 2014 | 2015 |
| 11 Alta dirección da Comunidade Autónoma | 9.669 | 9.497 | -172 | -1,8 | 2,0 | 1,9 |
| 12 Administración xeral | 20.578 | 20.516 | -62 | -0,3 | 4,2 | 4,2 |
| 13 Xustiza | 13.237 | 12.727 | -511 | -3,9 | 2,7 | 2,6 |
| 14 Administración local | 170 | 158 | -12 | -7,1 | - | - |
| 15 Normalización lingüística | 137 | 129 | -9 | -6,3 | - | - |
| 21 Protección civil e seguridade | 1.115 | 1.119 | 4 | 0,3 | 0,2 | 0,2 |
| 31 Acción social e promoción social | 172.301 | 178.754 | 6.453 | 3,7 | 35,4 | 36,6 |
| 32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo | 18.990 | 16.887 | -2.103 | -11,1 | 3,9 | 3,5 |
| 41 Sanidade | 1.621 | 1.845 | 224 | 13,8 | 0,3 | 0,4 |
| 42 Educación | 208.301 | 207.855 | -446 | -0,2 | 42,8 | 42,5 |
| 43 Cultura | 4.491 | 4.341 | -151 | -3,4 | 0,9 | 0,9 |
| 44 Deportes | 2.796 | 3.104 | 309 | 11,0 | 0,6 | 0,6 |
| 46 Outros servizos comunitarios e sociais | 1.131 | 1.097 | -34 | -3,0 | 0,2 | 0,2 |
| 51 Infraestruturas | 1.069 | 1.028 | -41 | -3,8 | 0,2 | 0,2 |
| 52 Ordenación do territorio | 155 | 135 | -20 | -13,0 | - | - |
| 54 Actuacións ambientais | 3.522 | 3.446 | -76 | -2,1 | 0,7 | 0,7 |
| 56 Investigación, desenvolvemento e innovación | 188 | 173 | -15 | -8,0 | - | - |
| 61 Actuacións económicas xerais | 944 | 883 | -61 | -6,4 | 0,2 | 0,2 |
| 62 Actividades financeiras | 17.580 | 16.034 | -1.546 | -8,8 | 3,6 | 3,3 |
| 71 Dinamización económica do medio rural | 6.410 | 6.363 | -46 | -0,7 | 1,3 | 1,3 |
| 72 Pesca | 1.383 | 1.347 | -35 | -2,5 | 0,3 | 0,3 |
| 73 Industria, enerxía e minaría | 1.363 | 1.256 | -107 | -7,9 | 0,3 | 0,3 |
| **Total** | **487.151** | **488.694** | **1.542** | **0,3** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

Como pode observarse na distribución funcional do gasto, destacan igualmente a función 42 - Educación, cun 42,5 % do total e a 31- Acción social e promoción social, co 36,6%.

## CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS

Neste exercicio 2015, os gastos financeiros ascenden a 334,7 millóns de euros, o que supón unha redución do 4,5% respecto ao ano anterior.

**CAPÍTULO III. Gastos financeiros**

Distribución Orgánica

| Seccións | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | % | Valor Relativo 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 8 | 8 | 0 | - | - | - |
| 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 0 | 72 | 72 | - | - | - |
| 22 Débeda pública da Comunidade Autónoma | 350.413 | 334.659 | -15.754 | -4,5 | 100,0 | 100,0 |
| **Total** | **350.421** | **334.740** | **-15.682** | **-4,5** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

**CAPÍTULO III. Gastos financeiros**

Distribución Económica

| Artigos | 2015 | Valor Relativo 2015 |
|---|---|---|
| 30 Débeda pública e préstamos | 328.601 | 98,2 |
| 31 Gastos emis, form, mod, e cancel. de déb. públ. e prést. | 6.130 | 1,8 |
| 35 Xuros de demora e outros gastos financeiros | 8 | - |
| **Total** | **334.740** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

**CAPÍTULO III. Gastos financeiros**

Distribución Funcional

| Funcións | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | % | Valor Relativo 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 11 Alta dirección da Comunidade Autónoma | 8 | 8 | 0 | - | - | - |
| 42 Educación | 0 | 72 | 72 | - | - | - |
| 91 Débeda pública | 350.413 | 334.659 | -15.754 | -4,5 | 100,0 | 100,0 |
| **Total** | **350.421** | **334.740** | **-15.682** | **-4,5** | **100,0** | **100,0** |

*(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

As transferencias correntes engloban os fondos, condicionados ou non, que se satisfarán sen que se produza unha contrapartida directa por parte dos axentes receptores, destinados á atención de gastos de natureza corrente.

Neste capitulo levouse a cabo unha homoxeneización no que se refire ao orzamento de 2014, a efectos de comparativas entre os dous anos considerados, na Consellería de Traballo e Benestar, incluíndose dentro das súas transferencias as correspondentes á Axencia Galega de Servizos Sociais, cun importe de 10,6 millóns de euros.

## CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Orgánica

| Seccións | 2014 | 2015 | Variación 2015/2014 Importe | % | Valor Relativo 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 01 Parlamento | 2.626 | 2.678 | 51 | 2,0 | 0,1 | 0,1 |
| 02 Consello de Contas | 3 | 3 | 0 | - | - | - |
| 03 Consello da Cultura Galega | 0 | 24 | 24 | - | - | - |
| 04 Presidencia da Xunta de Galicia | 47.968 | 47.255 | -713 | -1,5 | 1,1 | 1,1 |
| 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 38.110 | 45.629 | 7.519 | 19,7 | 0,9 | 1,1 |
| 06 Consellería de Facenda | 22.412 | 22.231 | -181 | -0,8 | 0,5 | 0,5 |
| 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 35.114 | 44.770 | 9.656 | 27,5 | 0,8 | 1,0 |
| 08 Consellería de Economía e Industria | 24.123 | 26.736 | 2.612 | 10,8 | 0,6 | 0,6 |
| 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 559.787 | 561.310 | 1.524 | 0,3 | 13,1 | 13,1 |
| **4-Produción de bens públicos de carácter social** | **5.678.947.425** |
| ***41-Sanidade*** | ***3.408.721.490*** |
| 411A-Dirección e servizos xerais de sanidade | 60.233.551 |
| Consellería de Sanidade | 20.437.210 |
| Servizo Galego de Saúde | 39.796.341 |
| 412A-Atención especializada | 2.107.312.968 |
| Servizo Galego de Saúde | 2.107.312.968 |
| 412B-Atención primaria | 1.139.516.332 |
| Servizo Galego de Saúde | 1.139.516.332 |
| 413A-Protección e promoción da saúde pública | 55.716.424 |
| Consellería de Sanidade | 48.419.179 |
| Servizo Galego de Saúde | 7.297.245 |
| 414A-Formación de graduados e posgraduados | 45.942.215 |
| Servizo Galego de Saúde | 45.942.215 |
| ***42-Educación*** | ***2.048.218.396*** |
| 421A-Dirección e servizos xerais de educación | 23.661.908 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 23.661.908 |
| 422A-Educación infantil, primaria e ESO | 732.688.362 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 732.688.362 |
| 422C-Ensinanzas universitarias | 322.748.446 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 322.748.446 |
| 422D-Educación especial | 33.758.218 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 33.758.218 |
| 422E-Ensinanzas artísticas | 33.254.002 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 33.254.002 |
| 422G-Ensinanzas especiais | 15.475.587 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 15.475.587 |
| 422H-Outras ensinanzas | 344.112 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 344.112 |
| 422I-Formación e perfeccionamento do profesorado | 1.378.892 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 1.378.892 |
| 422K-Ensinanzas pesqueiras | 6.969.541 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 6.969.541 |
| 422L-Capacitación e extensión agroforestal | 6.015.799 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 6.015.799 |
| 422M-Ensinanza secundaria e formación profesional | 671.220.969 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 670.981.324 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 239.645 |
| 423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas | 183.454.590 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 183.454.590 |
| 423B-Prevención do abandono escolar | 17.247.970 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 17.247.970 |
| ***43-Cultura*** | ***57.943.500*** |
| 431A-Dirección e servizos xerais de cultura | 12.027.836 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 12.027.836 |
| 432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais | 14.361.204 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

| | |
|---|---|
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 14.361.204 |
| 432B-Fomento das actividades culturais | 17.191.503 |
| Axencia Galega das Industrias Culturais | 10.065.818 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 7.125.685 |
| 432C-Fomento do audiovisual | 679.591 |
| Presidencia da Xunta de Galicia | 160.000 |
| Axencia Galega das Industrias Culturais | 519.591 |
| 433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural | 13.683.366 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 13.683.366 |
| ***44-Deportes*** | ***18.548.149*** |
| 441A-Promoción da actividade deportiva | 18.548.149 |
| Presidencia da Xunta de Galicia | 18.548.149 |
| ***45-Vivenda*** | ***41.393.333*** |
| 451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda | 15.329.144 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 15.329.144 |
| 451B-Acceso á vivenda | 13.619.413 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 13.619.413 |
| 451C-Dirección e servizos xerais de vivenda e solo | 12.444.776 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 12.444.776 |
| ***46-Outros servizos comunitarios e sociais*** | ***104.122.557*** |
| 461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social | 5.387.077 |
| Presidencia da Xunta de Galicia | 5.387.077 |
| 461B-Radiodifusión e TVG | 98.735.480 |
| Presidencia da Xunta de Galicia | 98.735.480 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

| | |
|---|---|
| **5-Produción de bens públicos de carácter económico** | **762.778.183** |
| ***51-Infraestruturas*** | ***264.021.217*** |
| 511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas | 5.115.895 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 5.115.895 |
| 512A-Ordenación e inspección do transporte | 17.899.066 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 17.899.066 |
| 512B-Construción, conservación e explotación de estradas | 235.791.099 |
| Axencia Galega de Infraestruturas | 235.791.099 |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria | 1.354.626 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 1.354.626 |
| 514A-Infraestruturas pesqueiras | 3.860.531 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 3.860.531 |
| ***52-Ordenación do territorio*** | ***16.340.441*** |
| 521A-Urbanismo | 16.340.441 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 15.925.294 |
| Instituto de Estudos do Territorio | 415.147 |
| ***53-Promoción de solo para actividades económicas*** | ***43.619.079*** |
| 531A-Promoción de solo para actividades económicas | 43.619.079 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 43.619.079 |
| ***54-Actuacións ambientais*** | ***89.831.402*** |
| 541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente | 1.574.085 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 1.574.085 |
| 541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural | 25.094.187 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 25.094.187 |
| 541C-Protección e mellora do medio natural marítimo | 17.056.548 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 14.415.042 |
| Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia | 2.641.506 |
| 541D-Control ambiental e xestión de residuos | 16.433.177 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 16.433.177 |
| 541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade | 3.929.992 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 1.849.792 |
| Instituto de Estudos do Territorio | 2.080.200 |
| 542A-Planificación e xestión hidrolóxica | 25.743.413 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 25.743.413 |
| ***55-Actuacións e valorización do medio rural*** | ***137.091.443*** |
| 551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural | 28.218.428 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 28.218.428 |
| 551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal | 108.873.015 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 108.873.015 |
| ***56-Investigación, desenvolvemento e innovación*** | ***122.215.080*** |
| 561A-Plan galego de investigación,innovación e crecemento | 71.490.458 |
| Axencia Galega de Innovación | 56.047.191 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 12.104.726 |
| Instituto Galego de Calidade Alimentaria | 3.338.541 |
| 561B-Investigación universitaria | 49.173.397 |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | 49.173.397 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

| | |
|---|---|
| 561C-Investigación sanitaria | 1.551.225 |
| Servizo Galego de Saúde | 1.551.225 |
| ***57-Sociedade da información e do coñecemento*** | ***85.687.385*** |
| 571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento | 85.687.385 |
| Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia | 85.687.385 |
| ***58-Información estatística básica*** | ***3.972.136*** |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | 3.972.136 |
| Instituto Galego de Estatística | 3.844.398 |
| Consellería de Traballo e Benestar | 4.100 |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 1.055 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 122.583 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

| | |
|---|---|
| **6-Regulación económica de carácter xeral** | **120.615.757** |
| ***61-Actuacións económicas xerais*** | ***27.368.815*** |
| 611A-Dirección e servizos xerais de facenda | 15.833.269 |
| Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable | 10.989.763 |
| Consellería de Facenda | 4.080.126 |
| Consello Económico e Social de Galicia | 763.380 |
| 612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica | 5.619.671 |
| Consellería de Facenda | 5.619.671 |
| 613A-Defensa da competencia | 5.915.875 |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia | 5.915.875 |
| ***62-Actividades financeiras*** | ***93.246.942*** |
| 621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control | 40.369.029 |
| Axencia Tributaria de Galicia | 13.558.961 |
| Consellería de Facenda | 8.668.799 |
| Gastos de diversas consellarías | 18.141.269 |
| 621B-Imprevistos e funcións non clasificadas | 52.877.913 |
| Gastos de diversas consellarías | 52.877.913 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

| | |
|---|---|
| **7-Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial** | **561.935.787** |
| ***71-Dinamización económica do medio rural*** | ***308.652.600*** |
| 711A-Dirección e servizos xerais do medio rural | 24.639.393 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 24.639.393 |
| 712A-Fixación de poboación no medio rural | 41.663.655 |
| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 41.663.655 |
| 712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural | 74.157.799 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 49.616.416 |
| Fondo Galego de Garantía Agraria | 24.541.383 |
| 712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria | 4.373.071 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 4.373.071 |
| 713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas | 3.089.608 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 3.089.608 |
| 713B-Ordenación das producións forestais | 47.903.359 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 47.903.359 |
| 713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables | 6.433.217 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 6.433.217 |
| 713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria | 13.809.997 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 13.809.997 |
| 713E-Benestar animal e sanidade vexetal | 43.091.442 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 43.091.442 |
| 713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores | 49.491.059 |
| Fondo Galego de Garantía Agraria | 49.491.059 |
| ***72-Pesca*** | ***53.895.759*** |
| 721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras | 13.176.774 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 13.176.774 |
| 722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira | 1.502.064 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 1.502.064 |
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura | 28.274.265 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 28.274.265 |
| 723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca | 10.942.656 |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 10.942.656 |
| ***73-Industria, enerxía e minaría*** | ***39.895.767*** |
| 731A-Dirección e servizos xerais de industria | 6.622.704 |
| Consellería de Economía e Industria | 6.622.704 |
| 732A-Regulación e soporte da actividade industrial | 8.539.253 |
| Consellería de Economía e Industria | 8.539.253 |
| 733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables | 23.129.241 |
| Consellería de Economía e Industria | 5.344.584 |
| Instituto Enerxético de Galicia | 17.784.657 |
| 734A-Fomento da minaría | 1.604.569 |
| Consellería de Economía e Industria | 1.604.569 |
| ***74-Desenvolvemento empresarial*** | ***103.182.977*** |
| 741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial | 103.182.977 |
| Axencia Galega de Innovación | 661.000 |
| Instituto Galego de Promoción Económica | 83.501.977 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

| | |
|---|---|
| Consellería do Medio Rural e do Mar | 19.020.000 |
| ***75-Comercio*** | ***13.407.250*** |
| 751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia | 13.407.250 |
| Consellería de Economía e Industria | 13.407.250 |
| ***76-Turismo*** | ***42.901.434*** |
| 761A-Coordinación e promoción do turismo | 42.901.434 |
| Axencia de Turismo de Galicia | 42.901.434 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

| | |
|---|---|
| **8-Transferencias a entidades locais** | **117.460.806** |
| ***81-Transferencias a entidades locais*** | ***117.460.806*** |
| 811B-Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da C. A. | 112.972.806 |
| Transferencias a corporacións locais | 112.972.806 |
| 811C-Outros soportes financeiros ás entidades locais | 4.488.000 |
| Gastos de diversas consellarías | 4.488.000 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

| | |
|---|---|
| **9-Débeda pública** | **1.515.100.598** |
| ***91-Débeda pública*** | ***1.515.100.598*** |
| 911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública | 1.515.100.598 |
| Débeda pública da Comunidade Autonóma | 1.515.100.598 |

## V.3. A CONTA FINANCEIRA

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que os orzamentos xerais da comunidade autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

No ano 2015 o aforro por operacións correntes incrementase alcanzando os 435,2 millóns de euros motivado polo suba que experimentan os ingresos correntes e a contención dos gastos da mesma natureza.

Os ingresos por operacións de capital, 574,8 millóns de euros, tamén se incrementan respecto ao ano anterior como consecuencia do mellor comportamento das transferencias de capital a recibir neste exercicio.

O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 1.243,9 millóns de euros, reducíndose nun 1,4% respecto aos orzamentos de 2014. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 669,2 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, de 125,2 millóns de euros, determina unha necesidade de financiamento de 359,2 millóns de euros, inferior á de 2014.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha necesidade de financiamento de 359,2 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos alcanza os 491,5 millóns de euros, reducindo o seu importe respecto ao orzamento anterior. O destino do endebedamento é, por unha parte, o financiamento de activos financeiros, que se incrementan alcanzando 132,2, e por outra, o resto de endebedamento neto que son os 359,2 millóns de euros que se reducen nun 43,5% en comparación co dos orzamentos do ano 2014.

## Conta Financeira

| Operacións Correntes | 2014 | 2015 | Var. 2015/2014 Importe | % |
|---|---|---|---|---|
| Ingresos | 7.213.877 | 7.501.370 | 287.494 | 4,0 |
| Impostos directos | 1.937.444 | 2.019.852 | 82.408 | 4,3 |
| Impostos indirectos | 3.133.418 | 3.117.547 | -15.870 | -0,5 |
| Taxas, prezos e outros ingresos | 165.574 | 177.012 | 11.438 | 6,9 |
| Transferencias correntes | 1.953.383 | 2.168.074 | 214.691 | 11,0 |
| Ingresos patrimoniais | 24.058 | 18.884 | -5.174 | -21,5 |
| Gastos | 7.023.979 | 7.066.195 | 42.217 | 0,6 |
| Gastos de persoal | 3.366.916 | 3.382.029 | 15.114 | 0,4 |
| Gastos en bens correntes e servizos | 1.364.212 | 1.384.758 | 20.546 | 1,5 |
| Gastos financeiros | 351.664 | 335.914 | -15.750 | -4,5 |
| Transferencias correntes | 1.941.188 | 1.963.494 | 22.306 | 1,1 |
| **Aforro** | **189.898** | **435.175** | **245.277** | **129,2** |
| **Operacións de Capital** | **2014** | **2015** | **Var. 2015/2014 Importe** | **%** |
| Ingresos | 540.594 | 574.763 | 34.168 | 6,3 |
| Alleamento de investimentos reais | 12.740 | 10.263 | -2.477 | -19,4 |
| Transferencias de capital | 527.854 | 564.499 | 36.645 | 6,9 |
| Gastos | 1.261.519 | 1.243.930 | -17.589 | -1,4 |
| Investimentos reais | 666.597 | 697.899 | 31.303 | 4,7 |
| Transferencias de capital | 594.922 | 546.031 | -48.891 | -8,2 |
| **Formación de Capital** | **720.925** | **669.168** | **-51.757** | **-7,2** |
| Fondo de continxencia | 105.000 | 125.239 | 20.239 | 19,3 |
| **Necesidade de Financiamento** | **-636.027** | **-359.231** | **276.796** | **-43,5** |
| **Operacións Financeiras** | **2014** | **2015** | **Var. 2015/2014 Importe** | **%** |
| Atencións | 1.890.849 | 1.354.998 | -535.852 | -28,3 |
| Activos financeiros | 140.379 | 146.662 | 6.283 | 4,5 |
| Pasivos financeiros | 1.750.470 | 1.208.335 | -542.135 | -31,0 |
| Recursos | 2.526.876 | 1.714.229 | -812.647 | -32,2 |
| Activos financeiros | 19.471 | 14.417 | -5.053 | -26,0 |
| Endebedamento bruto | 2.507.406 | 1.699.811 | -807.594 | -32,2 |
| **Necesidade de Financiamento** | **-636.027** | **-359.231** | **276.796** | **-43,5** |

*(Miles de Euros)*

| Endebedamento Neto | 2014 | 2015 | Var. 2015/2014 Importe | % |
|---|---|---|---|---|
| Endebedamento bruto | 2.507.406 | 1.699.811 | -807.594 | -32,2 |
| Amortizacións | -1.750.470 | -1.208.335 | 542.135 | -31,0 |
| **Endebedamento Neto** | **756.935** | **491.476** | **-265.459** | **-35,1** |

| Destino Endebedamento Neto | 2014 | 2015 | Var. 2015/2014 Importe | % |
|---|---|---|---|---|
| Endebedamento que financia activos financeiros | 120.908 | 132.245 | 11.337 | 9,4 |
| Resto Endebedamento Neto | 636.027 | 359.231 | -276.796 | -43,5 |
| **Endebedamento Neto** | **756.935** | **491.476** | **-265.459** | **-35,1** |

| Operacións Financeiras | 2014 | 2015 | Var. 2015/2014 Importe | % |
|---|---|---|---|---|
| **Atencións** | **1.890.849** | **1.354.997** | **-535.852** | **-28,3** |
| Activos financeiros | 140.379 | 146.662 | 6.283 | 4,5 |
| Activos financeiros empresas IGAPE | 12.000 | 13.750 | 1.750 | 14,6 |
| Activos financeiros Innovación | 5.000 | 5.000 | 0 | 0,0 |
| Resto Activos financeiros | 123.379 | 127.912 | 4.533 | 3,7 |
| Pasivos financeiros | 1.750.470 | 1.208.335 | -542.135 | -31,0 |
| Amortización débeda IGAPE | 16.636 | 14.636 | -2.000 | -12,0 |
| Amortización subvencións reintegrables | 13.132 | 13.257 | 125 | 1,0 |
| Amortización débeda financeira | 1.720.702 | 1.180.441 | -540.261 | -31,4 |
| **Recursos** | **2.526.876** | **1.714.229** | **-812.647** | **-32,2** |
| Activos financeiros | 19.471 | 14.417 | -5.053 | -26,0 |
| Reintegro empresas préstamos IGAPE | 16.636 | 11.590 | -5.047 | -30,3 |
| Reintegro subvencións reintegrables | 1.652 | 1.580 | -72 | -4,4 |
| Outros ingresos de activos financeiros | 1.182 | 1.248 | 66 | 5,6 |
| Endebedamento bruto | 2.507.406 | 1.699.811 | -807.594 | -32,2 |
| Débeda financeira da Comunidade Autónoma | 2.494.906 | 1.676.511 | -818.394 | -32,8 |
| Financiamento activos empresas e innovación | 12.500 | 23.300 | 10.800 | 86,4 |
| **Necesidade de Financiamento** | **-636.027** | **-359.231** | **276.796** | **-43,5** |

*(Miles de Euros)*

# ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

# VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

O artigo 4.1 da Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia supedita a política orzamentaria dos distintos axentes que integran o sector público autonómico ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Este precepto ven a concretar o mandato xeral recollido na normativa básica que rexe a actividade económico financeira da comunidade autónoma, artigo 3 da Lei de estabilidade orzamentaria e artigo 46 da Lei de réxime financeiro da comunidade autónoma, consagra a elaboración do orzamento ao mantemento da estabilidade orzamentaria.

Tamén a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira, establece no artigo 27 que "os orzamentos de cada administración pública acompañaranse da información precisa para relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do sistema europeo de contas nacionais e rexionais".

Enténdese por estabilidade orzamentaria, aplicable a todos os entes que integran o sector público autonómico agás os sinalados no parágrafo seguinte, a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (en diante, SEC-2010), e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións públicas.

Así mesmo, os entes e sociedades mercantís que pertenzan ao sector público autonómico e non se financien maioritariamente con achegas da Xunta de Galicia deberán elaborar, aprobar e executar os seus orzamentos nunha posición de equilibrio financeiro.

O SEC-2010 é un sistema de Contabilidade Nacional e constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e por tanto, deberemos atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración, como de aprobación e execución do orzamento. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como dicíamos, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, en ingresos e gastos, os criterios de contabilidade nacional é abocarse á incertidume do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

- Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e nos axudan por tanto, a clasificar os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico, e polo tanto do perímetro de consolidación SEC, ou non. Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito orzamentario da presente Memoria.

- Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector. De seguido descríbense os que se tiveron en conta para expresar o resultado orzamentario en termos de contabilidade nacional:

## AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL

Outras unidades consideradas AAPP, axuste pola diferenza entre os importes que a administración central e a seguridade social contabilizan como obrigas a favor da comunidade autónoma e os importes contabilizados como dereitos recoñecidos por esta. Soen ser importes que se recadan a principios de exercicio e que se recoñeceron como obrigas no exercicio precedente polas administracións pagadoras. Igualmente recóllense aquí as achegas de capital xa que considérase gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. O máis importante é a de a TVG para compensar perdas. Tamén se consideran gasto as achegas a Fundacións do sector público autonómico.

Recadación incerta, diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores.

Intereses devindicados, no orzamento os intereses rexístranse no exercicio no que se produce o seu vencemento, mentres que o criterio de contabilidade nacional determina a imputación ao exercicio dos intereses devindicados no mesmo.

Axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declarados falidos e que se pagan por unha aplicación do capítulo VIII.

Estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no intre en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon mediante o que se amortiza, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado.

De seguido recóllese un estado descritivo dos cálculos do orzamento en termos de contabilidade nacional e o resultado coma porcentaxe do PIB estimado para Galicia, así como a súa comparativa co exercicio anterior.

Igualmente, aos efectos de calcular o PIB nominal relevante para o cálculo da necesidade máxima de financiamento da comunidade autónoma, aplícanse as instrucións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que parten do último PIB rexional de Galicia estimado polo INE (o dato adiantado de 2013 publicado en marzo de 2014), ao que se lle aplican os crecementos do PIB nominal do cadro macroeconómico do Ministerio. Todo isto sen prexuízo de que, a efectos do cálculo dos ingresos para 2014, se tome como referencia o dato do PIB nominal estimado polo Instituto Galego de Estatística para 2015.

En base a esta metodoloxía a necesidade de financiamento que conforma o obxectivo de estabilidade orzamentaria para 2015 é de 403 millóns de euros.

| Orzamento en Termos de Contabilidade Nacional | | |
|---|---|---|
| | **2014** | **2015** |
| Ingresos correntes | 7.214 | 7.501 |
| Gastos correntes | -7.024 | -7.066 |
| **Aforro Bruto Orzamentario** | **190** | **435** |
| **Fondo de continxencia** | **105** | **125** |
| Ingresos de capital | 541 | 575 |
| Gastos de capital | -1.262 | -1.244 |
| **Saldo Operacións de Capital** | **-721** | **-669** |
| **DÉF/SUP Orzamentario Non Financeiro** | **-636** | **-359** |
| Ingresos financeiros | 2.527 | 1.714 |
| Gastos financeiros | 1.891 | 1.355 |
| **Saldo de Activos Financeiros** | **-121** | **-132** |
| **Variación Neta Pasivos Financeiros** | **757** | **491** |
| Outras unidades consideradas AA.PP. | -107 | -86 |
| Recadación incerta | -35 | -35 |
| Liquidacións negativas do sistema de financiamento | 206 | 85 |
| Intereses devindicados | -10 | -10 |
| Outros axustes | 7 | 2 |
| **Total axustes Contabilidade Nacional** | **61** | **-44** |
| **CAP/NEC de Financiamento SEC'95** | **-575** | **-403** |
| % PIB Galicia | 1,0 | 0,7 |
| PIB Galicia estimado | 57.561 | 57.602 |

*(Millóns de Euros)*

# ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

# VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as entidades públicas empresariais.

As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo, e o seu réxime xurídico externo regúlase polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

A resolución do 23 de xuño de 2014 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 30 de maio do 2014 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás entidades públicas empresariais son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde de 28 de novembro de 2001, xunto cun cadro de Estado de Fluxo de Efectivo adaptado ás súas peculiaridades.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais para o ano 2015 así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

## Entidades públicas empresarias

| | Explotación | Capital |
|---|---|---|
| Portos de Galicia | 13.225 | 6.668 |
| Augas de Galicia | 27.133 | 67.114 |
| **Total** | **40.359** | **73.782** |

*(Miles de Euros)*

## Entidades públicas empresarias

| | Subvenciones de explotación | Subvenciones de capital |
|---|---|---|
| Portos de Galicia | 0 | 4.146 |
| Augas de Galicia | 0 | 25.743 |
| **TOTAL** | **0** | **29.890** |

*(Miles de Euros)*

# CONSORCIOS AUTONÓMICOS

# VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A Lei 3/2009, pola que se modifica o artigo 48 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financiero e orzamentario de Galicia, inclúe dentro do ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, os orzamentos dos consorcios nos que concurran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan os consorcios.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode constituír, mediante convenio, consorcios con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles consorcios nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas na Lei 16/2010, achegase maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou se comprometese, no momento da súa constitución, a financialos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental do sector público autonómico.

Os consorcios autonómicos son entidades instrumentais da Administración xeral da Comunidade Autónoma dotadas de personalidade xurídica propia, que suxeitan a súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto.

## Consorcios autonómicos

| | Explotación | Capital |
|---|---|---|
| Axencia de Protección da Legalidade Urbanística | 3.239 | 1.985 |
| Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar | 56.590 | 2.759 |
| Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín | 865 | 54 |
| Consorcio Contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terras de Montes | 786 | 23 |
| Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Limia | 866 | 57 |
| Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia | 1.195 | 14 |
| Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia | 4.955 | 5 |
| Consorcio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia | 273 | 12 |
| Consorcio para a xestión e expl. Da rede básica de abast. De auga aos concellos de Cervo e Burela | 415 | |
| Consorcio Casco Vello de Vigo | 460 | |
| Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento | 2.840 | 350 |
| **Total** | **72.485** | **5.259** |

*(Miles de Euros)*

# SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

# IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da Lei 16/2010 son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.
b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei teñan dereito a nomear ou a separar á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

A Resolución do 23 de xuño do 2014 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 30 de maio do 2014 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, establece os formatos que deberán empregar as sociedades mercatís públicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir,

presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2015 así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

**Sociedades mercantís públicas autonómicas**

| | Explotación | Capital |
|---|---|---|
| Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades | 99.761 | 3.356 |
| Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. | 8.060 | 300 |
| Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. | 5.614 | 6.354 |
| Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A. | 786 | |
| Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a. | 1.889 | 80 |
| Galicia calidade,S.A. | 773 | 10 |
| Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. | 2.075 | 122 |
| Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A. | 4.960 | |
| Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. | 13.489 | |
| Xenética Fontao, S.A. | 3.732 | 214 |
| Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A. | 28.931 | 1.011 |
| Sociedade Galega de Medio Ambente, S.A. | 97.514 | 3.620 |
| Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A. | 13.690 | 3.543 |
| **Total** | **281.277** | **18.610** |

*(Miles de Euros)*

**Sociedades mercantís públicas autonómicas**

| | Subvenciones de explotación | Subvenciones de capital |
|---|---|---|
| Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades | 0 | 250 |
| Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. | 0 | 14.826 |
| Galicia calidade,S.A. | 352 | 320 |
| Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. | 628 | 1.095 |
| Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A. | 3.036 | 0 |
| Xenética Fontao, S.A. | 8 | 150 |
| Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A. | 29.101 | 94 |
| Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A. | 105 | 0 |
| **TOTAL** | **33.229** | **16.735** |

*(Miles de Euros)*

# FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

# X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.1 recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, a Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no artigo 113 define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A resolución do 23 de xuño do 2014 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 30 de maio do 2014 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

## Fundacións do sector público autonómico

| | Explotación | Capital |
|---|---|---|
| Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía | 1.348 | |
| Fundación Pública Centro de Transfusión | 23.450 | 48 |
| Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia | 7.347 | 2.163 |
| Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria | 1.399 | 3 |
| Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 | 50.452 | 340 |
| Instituto Galego de Medicina Xenómica | 3.284 | 108 |
| Fundación Galicia Europa | 621 | 2 |
| Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas | 855 | |
| Fundación Semana Verde de Galicia | 2.804 | |
| Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño | 694 | |
| Fundación Centro Supercomputación de Galicia | 1.881 | 4.440 |
| Fundación Exposicións e Congresos A Estrada | 202 | |
| Fundación Feiras e Exposicións de Lugo | 487 | |
| Fundación feiras e Exposicións de Ourense | 1.264 | |
| Instituto Feiral de A Coruña | 404 | |
| Fundación Centro Tecnolóxico da Carne | 1.447 | 49 |
| Fundación Rof Codina | 2.079 | 3.057 |
| Fundación Deporte Galego | 2.955 | 20 |
| Fundación Centro Tecnolóxico do Mar | 3.310 | |
| Fundación Galega Formación para o Traballo | 428 | |
| Fundación Camilo José Cela | 306 | 3 |
| Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña | 328 | |
| **Total** | **107.344** | **10.232** |

*(Miles de Euros)*

# DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

# XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustenibilidade financeira, establece o ámbito subxectivo do sector público de acordo ca definición e delimitación do Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais, entre o que se inclúe ás Comunidades Autónomas; tamén se considera sector público ao resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes daquela. Dentro do ámbito normativo da Comunidade Autónoma está en vigor a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que tamén será de aplicación en todo o que non contraveña o disposto na Lei orgánica.

Respecto aos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da comunidade autónoma, destacan dous grandes agrupacións:

1. Entidades con orzamentos limitativos: a administración xeral, os organismos autónomos, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas autonómicas.
2. Entidades con orzamentos estimativos: os consorcios autonómicos, as sociedades públicas mercantís, entidades públicas empresariais e fundacións do sector público autonómico.

A continuación, recóllese os estados consolidados do orzamento, tanto de ingresos como de gastos, do sector público autonómico para o ano 2015.

## Orzamento de ingresos do sector público autonómico 2015

| Capítulos | ADMINISTRACIÓN XERAL | OOAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES. | AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS | TOTAL BRUTO | TRANSF. INTERNAS | CONSOLIDADO | FUNDACIÓNS PÚBLICAS | CONSORCIOS AUTONÓMICOS | ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS | SOCIEDADES MERCANTÍS | TOTAL | TRANSF. INTERNAS (orzamento estimativo) | CONSOLIDADO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | 2.019.852 | | | 2.019.852 | | 2.019.852 | | | | | 2.019.852 | | 2.019.852 |
| II | 3.117.547 | | | 3.117.547 | | 3.117.547 | | | | | 3.117.547 | | 3.117.547 |
| III | 87.809 | 75.163 | 14.040 | 177.012 | | 177.012 | 46.326 | 15.846 | 75.611 | 175.996 | 490.792 | | 490.792 |
| IV | 2.037.496 | 3.181.660 | 108.120 | 5.327.276 | 3.159.203 | 2.168.074 | 58.909 | 59.045 | 50 | 34.077 | 2.320.154 | 132.202 | 2.187.952 |
| V | 13.005 | 4.348 | 1.532 | 18.884 | | 18.884 | 93 | 93 | 55 | 2.260 | 21.386 | | 21.386 |
| **Correntes** | **7.275.710** | **3.261.171** | **123.692** | **10.660.573** | **3.159.203** | **7.501.370** | **105.328** | **74.985** | **75.716** | **212.333** | **7.969.732** | **132.202** | **7.837.530** |
| VI | 150 | 10.043 | 70 | 10.263 | | 10.263 | 3 | | | 23.119 | 33.385 | | 33.385 |
| VII | 529.325 | 254.280 | 492.593 | 1.276.198 | 711.699 | 564.499 | 15.129 | 2.759 | 29.890 | 2.157 | 614.434 | 57.945 | 556.489 |
| **Capital** | **529.475** | **264.323** | **492.663** | **1.286.462** | **711.699** | **574.763** | **15.132** | **2.759** | **29.890** | **25.276** | **647.819** | **57.945** | **589.874** |
| VIII | 2.107 | 655 | 11.656 | 14.417 | | 14.417 | 80 | | 8.535 | 32.602 | 55.635 | | 55.635 |
| IX | 1.699.811 | | | 1.699.811 | | 1.699.811 | 655 | | | 366.389 | 2.066.855 | 127.011 | 1.939.844 |
| **Financeiros** | **1.701.918** | **655** | **11.656** | **1.714.229** | **0** | **1.714.229** | **735** | **0** | **8.535** | **398.991** | **2.122.490** | **127.011** | **1.995.479** |
| **TOTAL** | **9.507.103** | **3.526.149** | **628.011** | **13.661.263** | **3.870.902** | **9.790.362** | **121.196** | **77.743** | **114.141** | **636.600** | **10.740.041** | **317.159** | **10.422.882** |
| | ORZAMENTO LIMITATIVO | | | | | | ORZAMENTO ESTIMATIVO | | | | ORZAMENTO CONSOLIDADO | | |

*(Miles de Euros)*

## Orzamento de gastos do sector público autonómico 2015

| Capítulos | ADMINISTRACIÓN XERAL | OOAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES. | AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS | TOTAL BRUTO | TRANSF. INTERNAS | CONSOLIDADO | FUNDACIÓNS PÚBLICAS | CONSORCIOS AUTONÓMICOS | ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS | SOCIEDADES MERCANTÍS | TOTAL | TRANSF. INTERNAS (orzamento estimativo) | CONSOLIDADO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | 1.806.196 | 1.495.189 | 80.645 | 3.382.029 | | 3.382.029 | 33.665 | 37.277 | 11.174 | 122.870 | 3.587.015 | | 3.587.015 |
| II | 488.694 | 874.188 | 21.876 | 1.384.758 | | 1.384.758 | 73.253 | 35.068 | 28.538 | 250.488 | 1.772.105 | | 1.772.105 |
| III | 334.740 | 600 | 574 | 335.914 | | 335.914 | 83 | 15 | 5 | 12.899 | 348.916 | | 348.916 |
| IV | 4.283.974 | 818.375 | 20.348 | 5.122.697 | 3.159.203 | 1.963.494 | 344 | 125 | 642 | 0 | 1.964.605 | 132.202 | 1.832.403 |
| **Correntes** | **6.913.604** | **3.188.352** | **123.442** | **10.225.398** | **3.159.203** | **7.066.195** | 107.344 | 72.485 | 40.359 | 386.257 | **7.672.640** | **132.202** | **7.540.438** |
| V | **52.420** | **72.819** | | **125.239** | | **125.239** | | | | | **125.239** | | **125.239** |
| VI | 245.427 | 149.199 | 303.274 | 697.899 | | 697.899 | 10.232 | 5.259 | 54.168 | 21.965 | 789.524 | | 789.524 |
| VII | 1.017.304 | 83.662 | 156.765 | 1.257.730 | 711.699 | 546.031 | | | 19.614 | | 565.645 | 57.945 | 507.700 |
| **Capital** | **1.262.731** | **232.860** | **460.038** | **1.955.629** | **711.699** | **1.243.930** | 10.232 | 5.259 | 73.782 | 21.965 | **1.355.169** | **57.945** | **1.297.223** |
| VIII | 95.794 | 32.118 | 18.750 | 146.662 | | 146.662 | 3.457 | | | 122.831 | 272.951 | 127.011 | 145.939 |
| IX | 1.182.555 | | 25.780 | 1.208.335 | | 1.208.335 | 162 | | | 105.546 | 1.314.043 | | 1.314.043 |
| **Financeiros** | **1.278.349** | **32.118** | **44.530** | **1.354.998** | **0** | **1.354.998** | 3.619 | 0 | 0 | 228.377 | **1.586.994** | **127.011** | **1.459.982** |
| **TOTAL** | **9.507.103** | **3.526.149** | **628.011** | **13.661.263** | **3.870.902** | **9.790.362** | 121.196 | 77.743 | 114.141 | 636.600 | **10.740.041** | **317.159** | **10.422.882** |
| | **ORZAMENTO LIMITATIVO** | | | | | | ORZAMENTO ESTIMATIVO | | | | **ORZAMENTO CONSOLIDADO** | | |

*(Miles de Euros)*

# O MARCO XURÍDICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

# XII. O MARCO XURÍDICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

## XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2015

Na parte dispositiva a lei estrutúrase en seis títulos, dezasete disposicións adicionais, tres transitorias e catro disposicións finais.

A parte esencial da Lei de Orzamentos recóllese no Título I relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu Capítulo I, baixo a rúbrica "Aprobación dos créditos e do seu financiamento" se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da comunidade autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta que para efectos orzamentarios teñen a consideración de organismos autónomos, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste Capítulo I se define o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico contempladas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan aos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O Capítulo II deste título,"Das modificacións orzamentarias" regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan aos créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos "Gastos de persoal", estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público recolle que para o ano 2015 non se procederá a incorporación de persoal no sector público salvo que poida derivarse da Oferta de Emprego Público de exercicios anteriores e agás nos sectores determinados

na lexislación básica estatal, nos que a taxa de reposición será do 50%. A limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal e de funcionario interino e persoal vinculado ás encomendas de xestión.

Así mesmo, durante o 2015, proseguirá suspendida a aplicación dos pactos ou acordos que contiveren incrementos retributivos para ese exercicio.

No capítulo II baixo a rúbrica "Dos réximes retributivos", establécese que para o ano 2015 as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, dos consellos de administración, do persoal funcionario, do persoal laboral, do persoal ao servizo das institucións sanitarias e do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da administración de xustiza non experimentarán incremento respecto ás vixentes a 31 de decembro do 2014.

O capítulo III, dedicado a outras disposicións en materia de réxime de persoal activo recolle que para o ano 2015 as Relacións de Postos de Traballo deberán modificarse para axustalas ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal sen que se poida prover aqueles postos para os que non estea prevista dotación. No anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballos, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás Universidades recolle, de maneira similar ao exercicio anterior, o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a autorización de convocatorias para o provisión de persoal laboral fixo en casos excepcionais.

O título III "Operacións de endebedamento e garantía" se estrutura en dous capítulos relativos a operacións de crédito e afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese para o ano 2015 a posición neta debedora da comunidade autónoma que se incrementará nunha contía máxima equivalente ao 0,7% do PIB rexional, acomodándose aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira para este exercicio. Tamén se regula neste capítulo as operacións de débeda de tesourería, a formalización de outras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público.

No capítulo II, relativo ao "Afianzamento por Aval", en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2015 a contía máxima dos avais que poden concederse polo Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de cincocentos millóns de euros.

No título IV, mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, fiscalización das operacións de endebedamento da comunidade autónoma, fiscalización dos nomeamentos ou de contratos de substitución do persoal, identificación dos proxectos de investimento, autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, a revisión de prezos contidos en contratos e concertos, a regulación das transferencias de financiamento, as subvencións nominativas, a concesión directa de axudas e subvencións, á acreditación do cumprimento de obrigas tributarias, o pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, os expedientes de dotación artística e o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.

O título V, dedicado ás corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos relativos, respectivamente, ao financiamento e cooperación económica coas corporacións locais e ao procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local.

Dentro do capítulo I se detalla as transferencias que lles corresponden ás entidades locais como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, que corresponde na súa totalidade ao fondo base. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no 2014.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2014.

No título VI, relativo ás normas tributarias, inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido da lei de orzamentos se completa con dezasete disposicións adicionais, tres transitorias e catro derradeiras, nas que se recollen preceptos de índole moi variada.

Entre as disposicións adicionais regúlase á información ao Parlamento, as porcentaxes de gastos xerais de estrutura a aplicar nos contratos de obra, o plan de restablecemento do equilibrio nos orzamentos das entidades públicas instrumentais, a obriga de adecuar estados financei-

ros das entidades instrumentais ás transferencias, os orzamentos iniciais das axencias públicas autonómicas, orzamento inicial e requisitos de creación para as axencias que se poidan constituír neste exercicio, a venda de solo empresarial polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, as prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos, a obriga de adecuar os importes dos contratos, concertos e convenios de colaboración ás condicións retributivas establecidas no título II relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal contratado ao abeiro do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral e a evolución da subvención fixa correspondente ao financiamento estrutural previsto no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, as normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público e o control da información económico-financeira, de maneira similar ao exercicio pasado.

En canto a disposición relativa a prestacións familiares por coidados de fillos menores, amplíase o seu importe de 360 a 1.200 euros e a 2.400 euros, segundo se trate do segundo ou terceiro fillo respectivamente.

Finalmente, inclúese dentro das disposicións adicionais a recuperación parcial da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012 do persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma.

As disposicións transitorias regulan á adecuación das entidades públicas instrumentais e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se contemplaban na lei de orzamentos de 2014. Como novidade incorpórase unha relativa á imputación orzamentaria dos créditos do Consello Galego da Competencia.

Por último, entre as disposicións derradeiras, a primeira delas mantén a vixencia das medidas contidas na Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución do produto interior bruto e do aforro dende a súa publicación e establece as condicións para a súa próxima revisión.

As tres últimas, regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

## XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2015.

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que pola súa natureza

deben adoptar rango de lei e que como precisou o Tribunal Constitucional non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Dende esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se explicitan na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade para o ano 2015, e ao obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, o presente anteproxecto de lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola comunidade a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, se ben se incorporan outras de carácter e organización administrativa.

II

Esta norma legal, contén dous títulos, o primeiro dedicado as medidas fiscais e o segundo as medidas de carácter administrativo. O título I consta de tres capítulos, relativos o primeiro aos tributos cedidos, o segundo, aos tributos propios e o terceiro, ao Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro. O Título II consta de doce capítulos, dedicados, respectivamente, as subvencións, patrimonio, xogo, emerxencias, turismo, comunicacións audiovisuais, urbanismo, emprendemento e competitividade económica, cámaras oficiais, comercio e minas, servizos sociais, medidas de racionalización e disciplina e sustentabilidade económica. Tamén contén cinco disposicións adicionais, unha derrogatoria e cinco disposicións derradeiras.

Polo que atinxe as medidas fiscais, contempladas no título primeiro, cómpre sinalar as seguintes:

En canto aos tributos cedidos, o capítulo I deste título recolle, en primeiro lugar, a forma na que pode acreditarse a condición de familia numerosa. Tamén se contempla a forma de acreditar a asimilación ao descendente do fillo ou filla concibido ou concibida e non nacido ou nacida.

En relación co Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, modifícase a dedución xa existente por nacemento e adopción de fillos, coa finalidade de ampliar o importe da dedución de 360 a 1.200 euros e a 2.400 euros, segundo se trate do segundo ou terceiro fillo respectivamente, para o caso de que a base impoñible menos os mínimos persoal e familiar fose menor ou igual a 22.000 euros e a dedución por coidados de fillos menores incrementando o límite da dedución desde 400 a 600 euros cando estes sexan dous ou mais. Tamén se modifica a dedución por aluguer de vivenda, duplicándoa no caso de que o contribuínte tivese dous ou mais fillos menores de idade.

Ademais, modifícase a dedución por investimento na adquisición de accións e participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, co obxecto de dar cabida as cooperativas, esixindo os mesmos requisitos establecidos para as restantes entidades comprendidas na dedución.

Por último, engádense dúas novas deducións neste imposto, a primeira e unha dedución por doazóns que teñan por finalidade a investigación e desenvolvemento científico e a innovación tecnolóxica e a outra, e a segunda é unha dedución pola instalación na vivenda habitual de sistemas de climatización e/ou Auga Quente Sanitaria nas edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables.

En relación co imposto sobre hidrocarburos modifícase o tipo autonómico de devolución do gasóleo de uso profesional co obxecto de permitir ao sector do transporte profesional obter a devolución da totalidade do imposto satisfeito, pasando a ter a tributación efectiva máis baixa dende o ano 2004, no que se tributaba a 12 euros por cada 1.000 litros sen posibilidade de devolución.

No que respecta aos tributos sobre o xogo, revísase a normativa vixente cunha serie de modificacións de carácter técnico, co obxecto de unificar os criterios na aplicación das diferentes figuras que gravan o xogo, cando as circunstancias concorrentes no desenvolvemento do xogo son coincidentes ou moi semellantes.

Así, no referente a taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, inclúense nas exencións do pago desta taxa os xogos que estiveran excluídos do ámbito de aplicación da Lei reguladora do xogo de Galicia. Por outra parte, engádense dúas matizacións na regulación da base impoñible destes xogos. A primeira, cando se trate de apostas nas que este elemento do tributo poda establecerse pola diferenza entre a suma total das cantidades apostada e o importe dos premios satisfeitos polo operador, para as que se contempla que esta cuantificación referirase ao ano natural. A segunda, simplemente para recoller que réxime de estimación directa da base impoñible é o que terá carácter xeral na súa determinación e que para a súa determinación mediante o réxime de estimación obxectiva aplicaranse as magnitudes, índices, módulos ou datos previstos regulamentariamente. Por último, establécese unha regra propia de devengo para o caso das apostas nos que a autorización permita o desenvolvemento do xogo dun xeito continuado ao longo do tempo, de xeito que no primeiro ano o devengo coincidirá coa data da autorización e nos anos seguintes co 1 de xaneiro de cada un deles.

No que se refire a taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar realízanse, tamén, dúas matizacións na regulación da base impoñible destes xogos. Por unha parte, no caso dos xogos e concursos difundidos mediante radio ou televisión e os que se realicen, total ou parcialmente, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarificación adicional, se establece cal é o valor dos premios e que gastos adicionais débense incluír a maiores. Por outra parte, engádese que na determinación da base impoñible poderán ser empregados os réximes de estimación directa ou de estimación obxectiva, regulados na Lei Xeral Tributaria. Poderán

igualmente determinarse, mediante convenios, servindo en todo caso como signos, índices ou módulos, o número e o valor dos billetes, boletos ou xustificantes de participación, calquera que sexa o medio a través do que se expedisen ou emitisen, o importe dos premios e/ou as bases de poboación.

Este capítulo péchase con catro modificacións en canto as disposicións formais e procedementais. A primeira delas refírese a modificación do artigo 21 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, coa finalidade de que mediante orde da Consellería de Facenda se poda determinar a documentación necesaria a presentar xunto coas autoliquidacións do imposto de transmisión patrimoniais e actos xurídicos documentados e o imposto de sucesións e doazóns. A segunda refírese a comprobación de valores, co obxecto de aclarar o precepto para que sexan obxecto dunha correcta interpretación polos operadores xurídicos. A terceira, refírese a liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre rifas, tómbolas e combinacións aleatorias, recollendo o suposto das apostas nas que a autorización permita o desenvolvemento do xogo dun xeito continuado ao longo do tempo e establecer a obriga dos suxeitos pasivos de presentar declaración dos feitos sometidos a gravame na forma, lugar e prazos que se establezan por orde da consellería competente en materia de facenda. A última, establece unha nova obriga de subministro de información para os operadores de xogo, co fin de facilitar o debido control do cumprimento das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos dos tributos sobre o xogo, e, especialmente a integridade da base impoñible.

Polo que se refire aos tributos propios, o capítulo II, recóllese en primeiro lugar, modificacións en materia do imposto sobre contaminación atmosférica entre as que cabe sinalar: A supresión do artigo 5 da Lei 12/1995, referente aos órganos competentes, incorporando o contido do apartado primeiro no artigo 14 e suprimindo o apartado segundo dado que a Comisión galega de Medio Ambiente é un órgano que deixou de existir. Na base impoñible, por un lado, co obxecto fundamental de recoller a estimación indirecta como réxime de determinación da base impoñible e mellorar a regulación do suposto no que a Administración pode sinalar de oficio a base que corresponde a cada foco emisor, indicando os datos de emisión que pode empregar ao efecto e, por outro, co obxecto de regular pormenorizadamente o réxime de determinación da base impoñible por estimación directa, contemplando os procedementos de medición con indicación das normas de normalización aplicables aos mesmos. Tamén se modifica, os preceptos relativos ás normas de xestión do tributo, co obxecto de adaptalos ás modificacións producidas na lexislación xeral de carácter tributario e que entraron en vigor con posterioridade á Lei 12/1995. Estas modificacións contemplan os aspectos de aplicación do imposto, o exercicio das funcións de aplicación e revisión, así como o exercicio da potestade sancionadora e as funcións de colaboración e auxilio na aplicación deste imposto que corresponden aos órganos administrativos competentes en materia de medio ambiente. Regúlase a presentación de declaracións e autoliquidacións con especial fincapé nos procedementos telemáticos elaborados para iso. Finalmente engádense dúas disposición derradeiras á Lei 12/1995 coa finalidade de habilitar a lei de orzamentos a modificar calquera elemento do imposto e para autorizar a consellaría competente en materia de facenda ao desenvolvemento regulamentario desta lei.

Polo que se refire as taxas administrativas, as modificacións introducidas na Lei 6/2003 de taxas e prezos obedecen, ben a creación de novas taxas ou ben a modificación das vixentes. Destacan polo seu impacto económico a creación da licenza única interautonómica en materia de pesca continental e a licenza única interautonómica en materia de caza e determinadas actuacións no ámbito de portos.

Polo que respecta ao canon da auga, a modificación consiste no establecemento para o caso de fugas de auga dun sistema tarifario diferente ao que rexe para os usos domésticos e asimilados, coa finalidade de non penalizar ese consumo involuntario.

O capítulo III deste título refírese a creación do Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro (ICAM). Este capítulo divídese en catro seccións que regulan, respectivamente, as disposicións xerais, os elementos do ICAM, a aplicación do ICAM e o Fondo Mineiro Ambiental e Paisaxístico. O ICAM é un tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter ambiental e orientado a compensar as externalidades negativas xeradas polas actividades de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos. O ICAM configúrase, pois, como un imposto ambiental finalista co obxecto de:

- Internalizar o custo do uso que do ambiente fai a actividade mineira que se desenvolve no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Incentivar a aplicación das mellores técnicas, ferramentas e prácticas de xestión ambiental polo sector mineiro galego.
- Promover a investigación e desenvolvemento de procesos mineiros máis eficientes dende o punto de vista ambiental.
- Promover a aceleración na restauración das superficies e solos afectados.

En canto as medidas administrativas que se recollen no título II, cómpre destacar:

No relativo a subvencións, realízanse diversas modificacións dirixidas a permitir a continuidade das subvencións concedidas ás empresas que solicitasen a declaración de concurso de acredores voluntario e que este adquirise eficacia nun convenio e abrir a posibilidade de xustificación das subvencións mediante procedementos de custos simplificados, favorecer a actividade empresarial a entidades que se encontran nunha situación de dificultades económicas.

No capítulo II do Título II, dedicado ao patrimonio, modifícanse varios preceptos da Lei 5/2011, dirixidas a que asignación de competencias sexa coherente, tanto á hora de adquirir, como á hora de allear. Neste ámbito, tamén se modifica o precepto relativo a obriga de comunicar, resultando a redacción máis completa e a competencia para acordar a cesión de bens mobles no ámbito da administración xeral. Por último, engádese unha nova disposición adicional para regular o réxime administrativo da sucesión intestada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta as competencias administrativas en materia de xogo, o capítulo III do Título II, contempla a posibilidade de abrir salas apéndice ou adicionais aos casinos autorizados, como instrumento para a dinamización da actividade económica, cun impacto directo tanto no sector do xogo, como noutros relacionados, sinaladamente no do turismo, coa ampliación da oferta de ocio.

No ámbito de emerxencias, modifícanse os artigos 50.1, 51.1 e 52.1 da Lei 5/2007. Tales artigos tipifican respectivamente as infraccións moi graves, graves e leves sendo competentes para sancionar o Consello da Xunta, o titular da consellería con competencias na materia e os xefes territoriais ou alcaldes por ese orde. O obxecto da modificación consiste en reordenar os tipos relativos ás dúas condutas descritas incluíndo ámbalas dúas dentro do catálogo de infraccións graves e polo tanto sancionables dentro do ámbito da consellería con competencias na materia.

No capítulo dedicado ao turismo, realízase unha única modificación, engadindo un artigo á Lei 7/2011, relativo as vivendas de uso turístico, no que se inclúe unha nova tipoloxía de aloxamento, coa peculiaridade de que poda ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.

O capítulo VI do Título II, dedicado á comunicación audiovisual, incorpóranse tres preceptos dirixidos a regular determinados aspectos relativos as adxudicacións de concesións para a prestación de servizos de comunicación audiovisual que foron transformadas en licenzas como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/ 2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

No ámbito do urbanismo, contémplase un conxunto de propostas que pretenden modificar distintas leis autonómicas sectoriais que regulan a emisión de informes necesarios na tramitación do planeamento. Neste senso, faise preciso sistematizar e unificar, con respecto aos informes que debe emitir a Administración autonómica, o momento da súa solicitude, o prazo para a súa emisión e, no seu caso, os efectos derivados do silencio administrativo.

No capítulo dedicado ao emprendemento e competitividade económica, modifícase o precepto relativo as funcións do Consello Galego de Economía e Competitividade, dotando de contido ao informe anual legalmente previsto, procurando que a aprobación dos planes de desenvolvemento se realice en coordinación co informe anual que emita sobre as mesmas materias. Por outra parte, tamén se modifica o precepto relativo á comunicación previa ao inicio da actividade na que é precisa a realización dunha obra, na que se elimina a referencia ao prazo para a presentación da comunicación evitando con elo confusións en aras da seguridade xurídica.

O capítulo IX dedicado as cámaras oficiais, comercio e minaría estrutúrase en 3 seccións. A sección primeira esta dedicada a modificacións da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de Cámaras Oficiais, Industria e Navegación de Galicia. Estas modificacións obedecen a que a Lei 4/2014, do 1 de abril, básica de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación introduciu unha serie de novas reformas e adaptacións normativas coa pretensión de impulsar as cámaras como

entidades de prestación de servizos avogando por un modelo de cámaras dirixido a resultados. Todo isto co fin de reforzar a súa eficiencia no desenvolvemento das funcións que se lles atribúen.

A Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2014, do 1 de abril, básica de cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación establecía que as comunidades autónomas deberían adaptar o contido da súa normativa nesta materia ao disposto na lei básica antes do 31 de xaneiro de 2015. Nesta conxuntura, faise imprescindible dar cumprimento ao mandato legal establecido na lei básica estatal e adaptar a normativa galega contida na Lei 5/2004, de 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia á nova regulación básica estatal.

A sección segunda está dedica a modificación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia. O Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia modificou a normativa básica en materia comercial establecendo unha serie de medidas de simplificación de trámites administrativos en materia de implantación de establecementos comerciais, entre eles, a limitación dos requisitos esixidos a aqueles que estean especificamente ligados á instalación ou infraestrutura e estean xustificados por razóns imperiosas de interese xeral. Por isto, cómpre modificar o artigo 32 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia para adaptalo á normativa básica.

Ademais, a simplificación administrativa que busca o devandito Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, preside o resto de modificacións propostas da Lei 13/2010, do 17 de decembro.

A sección terceira está dedicada a modificacións da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia. Estas modificacións están destinadas a conseguir unha maior simplificación administrativa dos procedementos de outorgamento dos títulos habilitantes para o desempeño das actividades extractivas mineiras en aras de conseguir un procedemento administrativo unitario e integrado. Neste ámbito modifícase o ámbito de aplicación da lei para excluír os aproveitamentos de recursos xeotérmicos de moi baixa entalpía e modifícanse os preceptos relativos aos informes municipais e autonómico.

No capítulo dedicado aos servizos sociais, modifícase o prazo da disposición adicional sexta da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, e engádense dúas novas disposicións adicionais co obxecto de contemplar as consecuencias da falta de resolución expresa no procedemento de elaboración do Programa Individual de Atención, no de recoñecemento do dereito a efectividade das prestacións económicas das persoas solicitantes falecidas e no procedemento de declaración e cualificación do grao de discapacidade. Por último, neste capitulo modifícase tamén a colaboración no ámbito da prestación de servizos sociais a través da Axencia Galega de Servizos Sociais, tendo por obxecto determinar o alcance e condicións a considerar na liquidación das cantidades pendentes de pagamento polos concellos ao consorcio, cando se formalicen os convenios de colaboración coa axencia dirixidos á xestión destes centros.

O capítulo XI dedicado ás medidas de racionalización modifica a Lei 14/2013 coa finalidade de axilizar a tramitación das ordes de axudas financiadas con fondos europeos e alcanzar unha

maior eficacia na execución destes créditos e por outro lado, inclúese un artigo dedicado a racionalización dos contratos de transporte escolar.

Remata este título co capítulo XII, no que establécense modificacións da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. Estas modificacións teñen como finalidade reflectir na nosa norma o establecido, fundamentalmente, pola Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, pola Lei Orgánica 4/2012, do 28 de setembro, e pola Lei 9/2013, do 20 de decembro, que modifican a primeira . O marco establecido por estas leis responden a tres obxectivos: Garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas; fortalecer a confianza na estabilidade da economía española; e reforzar o compromiso de España coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.

As devanditas leis desenvolveron o contido do artigo 135 da Constitución Española. Esta reforma introduciu no máximo nivel normativo do noso ordenamento xurídico unha regra fiscal que limita o déficit público de carácter estrutural no noso país e ademais dá cumprimento ao Tratado de Estabilidade, Coordinación e Goberno na Unión Económica e Monetaria do 2 de marzo de 2012, garantindo unha adaptación continua e automática á normativa europea.

En consonancia con este marco, o capítulo mencionado considera modificacións na determinación do principio de estabilidade orzamentaria que queda vinculado á situación de equilibrio ou superávit estrutural. Así mesmo, modifícase a instrumentación do devandito principio, considerando as situacións en que se poderá presentar déficit estrutural, restrinxidas a cando se realicen reformas estruturais con efectos a longo prazo e aos supostos de excepción por catástrofes naturais, recesión económica grave ou supostos de emerxencia extraordinaria. Como consecuencia do anterior, elimínase o déficit adicional por investimentos produtivos que permitía a normativa vixente.

Modifícase o precepto destinado a regular o límite de gasto non financeiro e os correspondentes ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e ás actuacións na liquidación dos presupostos, coa previsión dos plans a formular en cada caso, o seu contido e a competencia para a súa aprobación e o precepto que regulaba a débeda pública autonómica pasando a denominarse instrumentación do principio de sustentabilidade financeira.

Finalmente, incorpórase unha nova disposición transitoria para establecer que ata o 2020, ano en que se deben cumprir os límites de equilibrio ou superávit estrutural e de débeda pública, será de aplicación o réxime transitorio previsto na normas de estabilidade orzamentaria.

Dentro das disposicións adicionais establécense: a contratación de persoal investigador, a prolongación da permanencia no servizo activo do persoal funcionario ao servizo da administración de Xustiza en Galicia que alcance a idade de xubilación forzosa, a reordenación de entidades instrumentais no ámbito sanitario, a incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral para o persoal cun réxime especial de seguridade social do mutualismo administra-

tivo e a articulación dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no réxime contractual da concesión de obra pública da Autovía da Costa da Morte.

A disposición derrogatoria establece, por un lado, a derrogación do artigo 2 e 3 do Decreto 277/2000, do 9 de novembro, polo que se designan os órganos autonómicos competentes en materia de control de riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, e por outro, as das subalíneas 4 e 5 do artigo 102 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, como consecuencia do establecido nos artigos 48 e 50 desta lei.

Remata o anteproxecto con cinco disposicións derradeiras. A primeira establece o sentido do silencio administrativo no que atinxe o procedemento de inscrición como parella de feito no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. A segunda, modifica a disposición transitoria da Lei de caza de Galicia para facer referencia a todos os expedientes administrativos e non só aos expedientes sancionadores. A terceira engade un precepto á Lei do patrimonio cultural de Galicia para regular os supostos de infraccións graves nesta materia. As dúas últimas, son a correspondentes á habilitación normativa e á entrada en vigor da norma.